

Uvas e granito* (I)

Viaxe por Galicia

Nina EPTON

Traducción da A. e F. FERNÁNDEZ DEL RIEGO

ÍNDICE

Limiar á primeira edición en galego	129
Introducción	130
Sur da Baía de Vigo	131
Mosteiros admirables dos arredores de Ourense	142
Festas en Santiago de Compostela	151

LIMIAR

Presentamos aos posibles lectores, a versión galega *de grapes and granite*, un libro da escritora inglesa Nina Epton, que chegou a Galicia polo camiño do mar. Desde que desembarcou en Vigo a inqueda viaxeira púxose a escudriñalo todo con ollada caletrante. Viñera a esta vella terra na procura da súa cor peculiar. Tan axiña como baixou do barco no peirao vigués sentiu o anhelos de relacionar o presente e o recuado, o vernáculo e o importado ou apegadizo, apoiándose nunha visión rápida e certa. Encetou daquela a súa peregrinaxe. Camiñou e observou, púxose en contacto coa xente, falou, estudiou, consultou. De todo foi tomando nota para trazar despois as páxinas nas que rexistrou as impresións da súa andadura.

Nina Epton propúxose interesar e ilustrar ao lector de lingua inglesa. Da súa man poden seguirse itinerarios de entre os máis reveladores do mapa galego. Os que cruzando a cidade ourensá, ábranse a seguido pola paisaxe mosteiral dos seus arredores. Os que se centran en Compostela, sorprendida nos días da súa Festa Maior. Os que decorren cara os bravos litorais da Fisterra, ou se encoran nas dondas rías meridionais. A ruta que leva á romaría da Franqueira, e a que, desde Becerreá, se adentra na alta montaña luguesa. A que, ao cabo, conduce ao encumiado Cebreiro, santuario de humildes pizarras do que se cumpríu o milagre do Grial.

* “Grapes and Granite” foi editada por primeira vez en Londres, no ano 1956. *Ir Indo* publicou en 1993 a tradución dos irmáns Fernández del Riego cun limiar de don Francisco que “Galegos” reproduce xunto con outro limiar escrito polo mesmo autor para esta edición. Debido á extensión do texto, “Galegos” encarta neste número a primeira parte do libro, que abrangue os capítulos relacionados no índice, deixando para o número 4 da revista o encarte dos últimos capítulos: *Curiosidades das Rías Baixas*, *Peregrinaxe á montaña* e *Unha serra salvaxe e un Caliz Sagro*.

O libro de Nina Epton vén ser como un carné de peregrinaxe documentado e intelixente por unha boa parte da xeografía galega. Polas súas páxinas desfilan paisaxes, monumentos, xentes, costumes, tradicións. Descríbense nelas, tanto tercas e panoramas como tesouros artísticos, escenas de pesca e condicións climáticas, faenas de labranza, así como pratos e manxares típicos. A creación deste vasto retábulo caracterízase polo emprego do método descritivo de observación realista, e polo comentario interpretativo en forma de observación persoal.

¿Paisaxista e costumista? En certo xeito, si. Pero a aguda escritora animou con vida de seu a paisaxe e as súas figuras. Embebeu de sobrio lirismo os seus cadros de costumes. Eses cadros de ambiente constitúen axeitados acertos cos que a autora amosa a ruta do seu andar. Pero o paisaxismo descritivo, os cadros ambientais e de cor local, deixan paso a unha xeografía humana, na que a vida mesma do país descúbreselle á ollada de quen lé. Xunto a ela vai xurdindo un verdadeiro microcosmos de tipos, vulgares ou non, captados na súa entrañable humanidade.

En “*Grapes and granite*” aparece unha evocación de vívida plasticidade, con axeitada captación do ambiente, da atmosfera espiritual, do clima humano do país. Nina Epton incorporou ao seu libro a vida soterrada da antiga tradición, o perfil de vilas e lugares, a pedra agrisallada dos monumentos, o tanguido das campás, o algueireo dos mercados, o colorido da existencia campesiña. Nin a penas desacertos, nin estragueiras, nin desaxustes no acorde harmónico da evocación. A obra está traspasada pola curiosidade intelixente da viaxeira. Lembranzas e cantigas, xentes reveladoras, tradicións e consellas, folclore e historia, poesía e paisaxe, ofrécese harmonizados no volume. Un volume de prosa clara, sinxela, de estilo fluído.

Os galegos debémoslle á escritora inglesa, prematuramente finada, un obrigado agradecemento. Porque soubo interpretar con acerto unha visión da Galicia que coñeceu na súa viaxe. Pero

tamén a Galicia “enigmática e indescifrable” dos hieroglifos, dos nubeiros. A que universalizou o seu nome nos tempos de Paulo Orosio e da monxa Etheria, “o relato da cal pode considerarse como o primeiro libro fiminino de viaxes”, e nos séculos das peregrinaxes a Compostela.

Nina Epton, en definitiva, atinou a ollar Galicia e as súas xentes con visión axeitada, para que os lectores de fala inglesa puidesen saber o que os galegos somos e representamos. Ao traducir agora á nosa lingua o seu libro, parécenos que contribuímos a ofrecer unha amosa significativa do que de nós se dixo por unha viaxeira intelixente nos días contemporáneos.

Presentamos hoxe ao lector galego a obra que Nina Epton editou no ano 1956 en inglés, e que agora traducimos á nosa lingua. Cumprimos así un desexo da autora, expresado nunha carta do día 11 de abril daquel ano. Decía así:

“Meu querido Paco: Con todo agarimo e agradecemento mándoches un exemplar do meu libro sobre a túa belísima patria. A data de publicación é o 17 de maio pero como penso estar fóra do país nese momento, os editores remesáronme os meus exemplares persoais de antemán. Gustaríame que algún día este libro fose reeditado na vosa fermosa fala.

¿Cando nos volveremos atopar? Desde logo, teño que voltar a Galicia. Non é un país que se poida esquecer, e nunca esquecerei a túa “iniciación” no coñecemento das riquezas -humanas e arquitecturais- da terra galega”.

F.F.R.

INTRODUCCIÓN

No exreino de Galicia as últimas estribacións batidas polo vento, afúndense nunha costa fondamente dixitada. As longas insinuacións de serpeado entre os acaracochados arrampadoiros montañosos chámanse “rías”. Son fiordos latinos onde se dá o viñal. A luminosidade fiestas “rías” é máis mediterránea que atlántica inda que as neboíñas que a miúdo as envolven son estrañas para a banda oposta da península. Estas neboíñas (máis quentes e transparentes que as nosas tristes néboas do norte) e estas incitantes “rías” entusiasmaron aos navegantes amantes do misterio, dos cales o dédalo símbolo dos ritos e sacrificios da Deusa-Terra foi gravado en recónditas pedras por todo o camiño desde Creta e Exipto deica a zona megalítica de España, Bretaña francesa e a Gran Bretaña.

Os celtas tamén pasaron por esta terra de uses e xestas. Poucas palabras celtas sobreviven na lingua galega, que foi chamada “nai do portugués”, porque Galicia foi, en efecto, moi romanizada. Fóra da súa lingua, non obstante, Galicia ten moito de común con outros pobos turbulentos das gaitas, coas cales os seus fillos tocan laios de dor e briosas “muiñeiras”. O mesmo que Gales, é famosa polos seus coros, mentres que os seus cruceiros teñen parentesco cos calvarios gravados de Bretaña. O carácter dun pobo é o daqueles que contemplan un océano inplacable desde unha terca de granito e toxo, chan pobre para os materialmente aven-

tureiros e cobizosos, pero unha terca de inspiración para poetas e trobadores.

Pese ao seu afastamento, Galicia tivo dúas Idades de Ouro. Algunhas das obras dos seus grandes escritores dos séculos IV e V, tales como a primeira “Historia do Mundo”, de Orosio, foron traducidas ao inglés por orde do rei Alfredo, mentres que unha intrépida dama chamada Etheria, viaxando a lombo de camelo a través de África e Palestina, escribiu un relato das súas peregrinaxes que debe considerarse como o primeiro libro feminino de viaxes.

¡Galicia puido pertencer a Inglaterra se... Guillerme o Conquistador non morrese cando morreu! No 1086 os mouros derrotaron a Afonso VI en Zalaca, e no 1087 o conde Rodrigo Ovequis veu desde Zaragoza a Galicia, onde, disgustado pola supremacía da Corte de Toledo e de acordo co bispo Peláez, de Compostela, ofreceulle o reino de Galicia a Guillerme en troco da súa axuda para desterrar a Afonso; pero Guillerme finou tres meses despois, e o proxecto non o tiveron en conta os seus sucesores.

A comezos da Idade Media, Santiago de Compostela converteuse no terceiro dos máis importantes relicarios da Cristiandade. Príncipes, prelados, peregrinos e poetas reuníanse no santo, cultural e cosmopolita centro, e un rei-trobador, Afonso o Sabio, compuxo “cantigas” para os peregrinos. Esa foi a segunda Idade de Ouro de Galicia.

Cando a fins do século XV, Fernando e Isabel unificaron e centralizaron España na Corte castelá, os nobres galegos abandonaron as súas “rías” e cambiaron a súa lingua natal pola castelá, máis influente e de moda. O idioma galego que fora usado polos máis encantadores trobadores da Provenza nos seus cantos ao se reunir en Compostela, comezou a ser considerado provincial e ordinario. O seu cultivo deixóuselle aos aldeáns, que o conservaron oralmente, ata que se produciu o restablecemento literario e poético do século XIX, cando o galego abrollou de novo baixo a inspiración dun sonado trío de poetas: Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal.

No século XX, o gran poeta Federico García Lorca rendiulle tributo a Galicia compondos seis poemas en galego. Foi este un tributo longamente diferido, a un abondoso manantío de poesía que la en camiño de se esgotar. Castela enrugou o entrecello, durante anos, ao espírito de rebelión e indocilidade dos galegos. As obras de teatro en castelán adxudicábanlle os máis groseiros papeis aos galegos, que chegaron a ser considerados como o prototipo do servo traballador e tarouco. Os refugados galegos sufriron en silencio ou emigraron a América do Sur, moitos co corazón dorido. Algúns destes emigrantes, incapaces de aturar o prolongado afastamento da súa terra natal, finaron de “morriña”, unha palabra case intraducible para designar unha forma de doenza producida pola nostalxia do fogar peculiar dos galegos. Pero hai moito sobre Galicia, desde os xeroglifos das súas pedras de gran desgastadas polo tempo ata a bruxería dos “nubeiros”, que aínda permanece, e está quizais destinado a permanecer enigmático e incomunicable. Posiblemente sexa iso parte do eterno segredo de Galicia, encanto da esfínxe.

SUR BAÍA DE VIGO

Os peregrinos ingleses que visitaron Santiago, en Galicia, durante a Idade Media, chegaron alí por terca, seguindo o “Camiño Francés” a través de Francia, ou por mar á Coruña e Padrón.

Hoxe, os barcos de Tiña da “Royal Mail” a América do Sur, que están a atender o moito tráfico de emigrantes galegos desde bastante antes da Primeira Guerra Mundial, fan escala en Vigo en tódolas viaxes: a causa leste tráfico de emigrantes, van provistos dunha terceira clase cómoda e espaciosa. Velaí por que canelo fun a me asegurar a pasaxe un algo tarde para a tempada (a fins de xuño informáronme de que, pese a que os camarotes de primeira e segunda clase estaban todos cheos, podía haber aínda praza en terceira. O prezo da pasaxe era tan razoable (dez guineas desde Londres deica Vigo), que me decidín a aturar certa incomodidade durante dous días e medio. Calquera cousa sería mellor que a longa viaxe a Madrid, e a aínda máis longa e incómoda viaxe por ferrocarril desde alí a Galicia que eu experimentara cinco anos antes, e que me prometín non volver facer xamais. (Desde logo, unha pode facer a viaxe de Madrid a Santiago en avión por unhas oitenta libras esterlinas ida e volta)

Comecei, non obstante, a ter dúbidas sobre as condicións cando, entre a masa de rótulos multicores enviados pola compañía navieira, atopei un aviso en grandes caracteres vermellos, preguntándome se “entendería claramente” que ía viaxar co mesmo conforto reservado aos emigrantes para América do Sur; nos camarotes non había lavabos, contábase só cun cuarto de aseo para todos, e na cantina non servían alcohol ningún. Non satisfeita con este aviso, a compañía navieira pedíume que firmase un documento acreditando que tomara “devida nota das condicións e que estaba de acordo coas mesmas”. O extenso impreso, no que se preguntaba polas particularidades da equipaxe a levar a bordo, estaba dividido, xerarquicamente, cos respectivos encabezamentos de “Baúles, maletas, caixas, e... fardos. Este último encabezamento, algo patético, viña sinalado, evidentemente, para os emigrantes. ¿Cantos deles, preguntábase unha, terían partido das costas de Galicia cos seus humildes fardos sobre os ombreiros, para voltar, quizais moitos anos máis tarde, feitas as súas fortunas, con respectables e socialmente bos baúles cheos de lucidos traxes e gravatas sudamericanas, sortellas enormes fachendosamente de moito valor, e agasallos para aqueles que, cocainas, permaneceran na vella terra? Pero... ¿foran todos capaces de se desfacer dos seus fardos na viaxe de volta? ¿Cantos deles regresarían arrastrándose, doentes, gastados e desilusionados, co vello fardo sobre os seus derrubados ombreiros? E ¿de cantos deles, avergoñados de admitir o seu fracaso, se volvería a ouvir nunca? Os anais de Galicia están cheos de tales episodios xamais escritos.

Ningunha literatura se fixo aínda sobre estes emigrantes, os destinos misteriosos dos cales están epitomados pola breve palabra “fardos”, relegada á última columna dun impreso de embarque.

Presumín que, nestes días, non había emigrantes ingleses para América do Sur. Somos, de feito, un pequeno número verdadeiramente representativo dos viaxeiros ingleses da posguerra. Había unha muller de media idade con pantalón azul mariño e peitea-

da moi ao home (unha das “nouveaux pauvres”) que ía para Buenos Aires viaxando por primeira vez en terceira clase, para pechar a súa casa e tratar de obter o permiso necesario para traer o seu capital á Gran Bretaña. Había un empregado dos servicios europeos da B.B.C. e a súa muller, que teimaba en que nunca viaxara en terceira clase antes; un grupo de rapaces das escolas públicas que arrastraban as palabras ao falar, e levaban avultadas mochilas; catro raparigas españolas menores de vinte anos, de Vigo, que compartían un camarote para todas, de regreso dun cursivo nun colexio inglés; e un matrimonio novo, de Dublín, que traía un tándem na súa primeira viaxe ao estranxeiro, despois de que o embolicaran con característica hipérbole uns pescadores galegos, que atoparan na costa sur de Irlanda, louvandolles a súa terca natal e Santiago de Compostela.

Non estabamos apertados de máis nos nosos departamentos de emigrantes. Fun abondo afortunada obtendo un camarote para min soa. Estaba á beira da cantina e sinalado coa lenda “Practicante Español”. Moita xente tomouno polo confesionario dun crego, pero destinábase ao axudante do médico que sobe a bordo en Vigo para coidar da saúde dos emigrantes na viaxe a América do Sur.

As dúas mesas da cantina apareceron con lixeiras manchas de viño, pese á observación da compañía navieira sobre o alcohol, cando, despois de vintecatro horas de navegación, estabamos a unha respectable distancia de Inglaterra. A comida foi “enxebremente inglesa” durante toda a viaxe a Vigo. Pero o camareiro galego que nos servía a mesa, informoume de que, pasado Vigo, a cociña sería española ata Buenos Aires; co cal quixo dicir galega, con moito “caldo galego” que se compón case exclusivamente, de verzas e patacas sazonadas con manteiga de porco, e, servido en tódalas comidas consúmese con afervoamento patriótico. Sábese que emigrantes que fixeron fortuna pediron, na viaxe de regreso en primeira clase, caldo galego nos buques de liña franceses, o que ocasionaba o desprezo non disimulado dos distintos xefes de cociña franceses. (Os galegos teñen sona en toda España polo, cantidade de comida que inxiren, máis que pola calidade da súa cociña).

O noso camareiro galego era calmoso e rudo. Nos trinta anos que levaba viaxando entre Gran Bretaña e América do Sur, só aprendera o máis rudimentario do idioma inglés. As catro raparigas españolas que compartían a miña mesa, dixéronme que era case galego de máis para ser verdadeiro; era o servinte típico galegodunha comedia castelá. Servíanos cunha dura expresión na súa cara magra, e refugou firmemente o lle pedir aos xefes de cociña a concesión máis lixeira. Se un lle pedía que coidase que o ovo do menú estivese a punto, abalaba a cabeza fatalmente, e respondía que el só podía servirnos o que lle daban. Enrugaba o entrecello cando se lle solicitaban máis cubertos, pese a que, polo común, levaba consigo garfás e coitelos extra; soamente despois de teimosas demandas resolvía entregalos coa maior desgana a seguimento dun grato de peixe, tirándoos un a un dos seus petos poeiratos e cheirosos.

Os xantares despachábanse con precisión militar, e o lavado dos pratos facíase seguidamente, producindo tormento de noxo

aos que estabamos máis preto de tan rápida actividade de limpeza. O noso camareiro galego estivo particularmente vigoroso no par de sacudiduras que lle deu aos cubertos nunha tina de auga quente.

Chegamos á badía de Vigo na mañá do terceiro día, cun sol radiante e un ceo azul salferido de nubes que esvaraban como golfinhos preguizosos sobre e entre os outeiros circundantes, dubidando en se se trocarían ou non en néboa, ou neboíña, á nosa chegada. A penedosa barreira das illas Cíes estendíase á entrada da badía, igual que a dentada aleta dalgún monstro prehistórico petrificado. Era difícil crer que os homes de Xulio César fosen enfrontados por oitocentos galegos resistentes nestes dentes xigantescos. Menos dun cento de pescadores viven hoxe nos declives dentados, e aínda ese número parece desproporcionadamente alto para tan desinzado lugar.

A neboíña descendeu sobre nós rapidamente cando entramos na badía, e o noso barco esvarou solerminamente a través do glauco mar facendo soar a sirena con teimosía, para penetrar no silencio húmido e cavernoso de enfronte. Pouco a pouco foi aparecendo a beira dun peirao; dúas torres de igrexa barroca arfaban no alto igual que un espellismo do norte no medio da neboíña, e unha ou dúas voces apagadas podían ouvirse nalgunha parte de alí preto, falando indistintamente en galego. O noso buque virou de banda tan suavemente como un ciño, e atracou ao peirao con acautelamento pirático; podía vir procurar contrabando, pero o camareiro galego informounos, á hora do almorzo, que o barco viña só a recoller un prosaico cargamento de patacas para Montevideo, e a acostumada pasaxe de emigrantes. Os peiraos estaban baleiros e os cobertizos, ao longo deles, pechados como se a ninguén lle importasemos. Este baleiro estendeuse ao noso barco. Tódolos viaxeiros desapareceran misteriosamente. Unha equipaxe de aspecto miserento, deixada polos recunchos, daba a sensación de que os seus donos foran sorprendidos por un pánico súpeto, obrigándoos a abandonalo. Nin unha gaivota se movía. Parecíamos, naquel breve período, ter eludido o tempo, o espacio e tódolos sentidos. Non me decatei nese momento, pero este indefinible estado de suspensión opaca é peculiar de Galicia, e unha das máis evasivas e intraducibles de tódalas súas facetas. Podíamos estar en calquera parte, ou en ningunha, ata que a campá dunha igrexa comezou a tanguer cun repinique renxente que se fixo de contado inharmónico e familiar, latino e provincial. Este son afuxentou a neboíña e o incerto tan efectivamente como un exorcismo, e o porto despertou de súpeto do seu sombrizo durmiñar co chirrisco insolente dun tranvía e a estridente sirena dunha fábrica de conservas de peixe á beira do peirao. Non me desilusionei por este ruído, porque eu non agardaba nada da natureza estética de Vigo. Hai un dito en Galicia que di: “A Coruña baila, Santiago reza, Pontevedra dorme, e Vigo traballa”. A zoñuda pirámide de desconchados edificios revelados polas neboíñas ao se afastar, e o punzante cheiro de sardiñas rancias que amolaba tanto ao noso olfato, amosaban o interese de Vigo polos seus traballos utilitarios. A pirámide estaba coroada por unha estrutura fortificada que parecía un algo máis interesante que o resto, pero sabía que, pese a iso, eu non desexaría alongar a miña estada nun porto

que os mesmos galegos dubidan en admitir como parte de Galicia por ser tan pobre de alma e de carácter.

A xente comezou agora a aparecer, tanto a bordo como nos peiraos, e houbo un rápido e súpeto converxer cara á baranda do barco, e “Guardias Civiles” españoles cara a banda do peirao, levando capas verdeoliveira e tricornes brillantes que lembran os tempos de Goya e da Guerra Peninsular.

Tras das alombadas formas dos Gardas Cívís e alén da barreira dos cobertizos da Alfándega que abría as súas portas paseniño, albisquei seis homes novos rodeados por parentes barafustantes. Cada un levaba un fardel en forma de salchicha sobre o ombreiro. Isto facía vivir o impreso do embarque. Aquí estaban fardeis e aquí estaban os homes que os levarían a América do Sur, á cidade de Buenos Aires que, como os galegos orgullosamente brañonan, fíxose capital do seu país agora que tantos dos seus fillos se estableceron alí. Os emigrantes e os seus familiares ían todos vestidos respectablemente de negro. As mulleres, de certo, quedaríanse, pois tiñan cruzadas, resignadamente, as súas mans sobre o ventre, e miraban aos homes co aire de patrocínio sen sexo das matroas viúvas. Lembreime de como Rosalía de Castro chamara ás súas paisanas “viúvas de vivos”. Os homes parecían anhelosos, resoltos e non sentimentais. Soamente cando os seus ollos percorrían a cuberta do seu barco de destino, cada quen erguía, instintivamente, un fardel un pouco máis alto no seu ombreiro. Un rapaz lustrabotas parouse a dexergalos; os seus brillantes ollos mouros dirixíanse dos emigrantes ao barco e do barco aos emigrantes con lóstregos de envexa; e cando eles se adelantaron e foron tragados polos portalóns abertos, cuspiu ruidosamente, deu a volta e afastouse reflectíndose na súa faciana a merguranza e a impotencia.

Era hora de que os pasaxeiros turistas de terceira clase desembarcamos para lles deixar sitio aos emigrantes, pero ninguén veu a nos dicir se o porfiamos facer. Viñamos ser un negocio de verán, relativamente sen importancia; tivéramos o que nos ofreceran por dez guineas; agora era cuestión nosa preparar a equipaxe e írmonos.

Unha fileira de maleteiros achegouse á pasarela. Un deles subiu a bordo e comezou a parolar cos oficiais como se non lle importase asegurar clientes. Era alto e voluminoso, de cute vermella e ollos azuis que reflectían honradez. Achegueime a lle preguntar se quería baixar a miña equipaxe ao peirao, e, despois de lle botar unha ollada breve e crítica ás miñas maletas e a min, díxome que si coa cabeza como con superior condescendencia, declarando que ao seu ver xa podía tamén desembarcar. Non houbo ninguén que o contradicise, así que baixamos a pasarela e fómonos ao longo dos peiraos ata a entrada da triste alfándega, onde un ou dous oficiais de menor categoría paseaba arriba e abaixo agardando polo xefe para que presidise as súas actividades.

Os maleteiros dábannos présa como se fosemos cabalos de carreira; cada grupo de maleteiros e ex-viaxeiros trataba de se adiantar aos outros; para chegar ao cobertizo da alfándega primeiro e ter colocada a equipaxe no punto estratéxico da mesa onde os oficiais a revisarían. O xefe da Alfándega chegou cando nos poñiamos en Tiña, cun andar deliberadamente lento e im-

previsivo. Fíxose un respectuoso silencio entre os oficiais e os maleteiros, que o miraban fixamente, tentando pescudar se estaba de bo ou de mal humor. Isto era difícil de saber, porque avanzaba co semblante impasible do médico dun hospital ao comezar a súa cotiá visita aos doentes. Era un home pequeneiro e mourán, cos afundidos e angustiados ollos dun “hidalgo” de El Greco; mirou a modesta equipaxe colocada axeitadamente diante del cun ar de altaneira competencia, adiantándose ás veces con dedos de merodeador ominosamente estendidos cando unha maleta de interese particular atraía a súa atención

O xefe inclinouse sobre a miña cinta magnetofónica ledamente e declarou imperiosamente que tiña que dispor dun pase especial para ela, o que significaría un retraso de dúas horas. “Quizais poderíamos estenderlle o pase agora”, suxeríulle un dos seus subordinados, de carácter compracente e aberto, que parecía estar de acordo co meu maletreiro. “Deus me valla”, saltou o xefe, cunha desdeñosa ollada dirixida ao pobre home. “¡Desde logo que non! ¡Vaia unha parvada! ¿Como lle vou estender o pase agora estando como estou tan ocupado?”, e continuou a súa marcha procesional pola fileira, coa solemnidade dun bispo infamado.

Os meus ex-compañeiros de viaxe estaban lonxe. Albisquei a un dos escolares españois, xa fóra dos peiraos na compañía dun crego, quen era evidentemente ben coñecido e con influencia para se liberar axiña dos trámites da alfándega; e á parella de mozos irlandeses, fitando ao xefe con medo, coas facianas arrubecidas, mentres os interrogaba con moita severidade.

O meu maletreiro parecía magoado. “Vostede nunca deben declarar esa máquina súa”, zafrañoume. Ata entón el estivera moi satisfeito porque eu estaba a primeira da cola. “Se eu fose vostede”, aconselloume, “ iríame sentar na oficina do xefe e tentaría afagalo para lle tirar o pase tan axiña como regresase. Vostede non desexa perder a mañá enteira nos peiraos, ¿verdade?”

Era evidente que o home sabía o que se traía entre mans, así que me encamiñei, como me suxerira, á oficina do xefe para agardalo cabo da súa mesa de traballo. Uns poucos segundos máis tarde abriuse a porta de golpe e asomou a cara cadrada do meu maletreiro. “O seu nome é Don Ramón”, díxome en alta voz, como se este importante coñecemento dese máis oportunidades de obter o pase máis rapidamente. E de certo axudou.

Cando o xefe entrou bambeándose, enrugando lixeiramente o entrecello ao me ver alí plantada agardándoo, dirixínome en seguida a el polo seu nome, e sentouse tras da súa mesa cun sorriso de afago. “Ben, ¿que vai vostede facer exactamente cunha cinta magnetofónica?”, preguntoume cando procedía a firmar unha pía de documentos. Explíqueille ao por miúdo que viñera á procura de música popular e poesía galegas. Esta apelación ao seu nacionalismo celta non foi en van. Aos poucos segundos a faciana mourán de Don Ramón relumbrou de pracer, e cun aceno graciosamente absolvente da súa man anuncioume que “como levaría moito tempo estender un pase conveniente, a mellor cousa a facer, co fin de aforrar tempo, sería deixala irse sen pase”.

O meu maletreiro abalou a cabeza satisfeito cando saín da oficina de Don Ramón levando a miña cinta magnetofónica sobre o ombreiro. “Agora, ¿a que hotel vai ir vostede?”, preguntoume

dun xeito alegre como se se tratase de negocios. Fíquei dubidosa. “Un dos oficiais de a bordo faloume do Palas”, díxenlle. “Ese é un hotel de luxo”, obxectoume o maletreiro moi serio. “¿Quere vostede ir a un hotel de luxo?”. “De ningún xeito”, respondílle, porque teño que facer durar o meu presuposto tres meses. Se vou a un hotel de luxo desde o comezo, vereime en dificultades antes de rematar a miña estada”. (En realidade, descubrín máis tarde que o Palas era un hotel de segunda clase, e polo tanto non caro. Aloxeime alí nunha viaxe posterior a Vigo).

“Nese caso”, aconselloume o maletreiro, “podo recomendarlle un lugar onde xantará ben e estará cómoda por só a metade de prezo. En realidade, coñezo dous. ¿onde desexa vostede estar: na cidade ou preto da estación do ferrocarril?”

“Preto da estación”, díxenlle con énfase, pois eu quería estar preto dunha saída da cidade. “Moi ben”. Agora o meu maletreiro conducíume cerimoniosamente fóra da alfándega ata un vello taxi estacionado na praza. “Leva a esta señorita ao Bar Celta e dille á dona que a trate ben”, ordenoume ao chofer cun aceno histriónico, apertando a propina que lle metín na man con ollada temesiña e xesto casual.

Daquela os meus compañeiros de viaxe desapareceran completamente. Tódalas amarras estaban desatadas. O barco que rematara de deixar pitaba de impaciencia para volver a alta mar. Apertei afervoadamente as cartas de presentación para os homes de letras que me entregaran en Londres, porque eran as miñas chaves para entrar no centro deste mundo novo.

Subimos (as máis das rúas de Vigo son encostadas) á beira de tranvías sólidos dun só piso que escalaban as alturas firmemente como tanques. A medio camiño da subida por pouco atropelamos un porco chiador, ao que non impresionaban nin os berros da aldeá dona del, nin as xesticulacions do enrabeado policía de guantes brancos que se amparaba cun parasol. Mulleres delgadas de caras serias vestidas de negro, levando enormes pías sobre as súas orgullosas cabezas, rozaban impacientemente, ao pasar, a señoritas de lenta andadura con zapatos de tacóns altos e ledas roupas de verán. Torcimos á esquerda cara á estación. Notábase que un tren estaba a piques de partir; porque cargas de equipaxe dos máis variados tipos, desde baús tan grandes como armarios a delicadas cestas feitas a man para levar a merenda, eran transportados cara á sombriza entrada por carros manuais, carros arrastrados por burros e cabalos, e uns poucos estraños taxis. Todos eles parecían estar tomando parte nun vasto éxodo de refuxiados da cidade. As estacións españolas, a diferenza das nosas, non operan continuamente día e noite; e como os trens son tan poucos e moi espaciados, cada saída dá pé para un despregue de emoción interna considerable e de temperamento. A estación estaba flanqueada por un grupo de reducidos hoteis, restaurantes, bares e cafés cheos de xente barulleira, sentada, de pé, folgazaneando, argüíndo e limpándose os zapatos dentro e fóra. O Bar Celta, ao que tan aquecidamente me recomendaran, estaba comprimido entre unha tenda de viños e outra de ultramarinos cunha vidreira chea de arredondados e brancos queixos e picantes “chorizos” vermellos que son case tan fortes e correosos de mastigar como noces de betel.

O chofer do taxi deixou caer a miña equipaxe no piso cuberto de serrín, murmuroulle unhas poucas palabras á baruda muller de tras do mostrador e marchou, despois de me cobrar vinte pesetas pola viaxe; isto é o que custan tódalas viaxes de taxi en Vigo, o mesmo que un vaia ao Gran Hotel, que está preto do peirao, que aos xardíns do “Castro” no cume do outeiro.

A dona, que estivera servindo o almorzo, enxoiitou as mans co., seu mandil e adiantouse a me saudar. Seguirona dúas señoras alí hospedadas que estiveran mollando anacos de pan seco nos seus tazóns de café, pero que agora baixaron dos seus taburetes de xunto ao mostrador para vir inspeccionar a última chegada do Atlántico.

As tres mulleres rodeáronme con curiosidade amigable. “Que colar máis belo! ¿E iso a última moda en Londres? ¿Podo tocá-lo?”, exclamou unha, mentres a outra me preguntou: “¿Canto tempo vai estar? ¿É vostede soa? ¿Non ten vostede marido? Entón, de seguro que ten vostede “novio”. ¿Por que veu vostede a Galicia? Elas contestáronme rapidamente cando á miña vez me tocou facerlles preguntas persoais; porque isto era España, onde a xente quere sabelo todo sobre unha, pero que está tamén disposta a contar de boa gana todo o que a ela lle concerne.

A propietaria do Bar Celta era unha desas viúvas barís (viúva verdadeira, non unha das “viúvas dos vivos”) que un atopa por toda Galicia en cantidade, e que ten que ser motivo de interese para os homes. Unha olla a abreviatura “Vda” precedendo case tódolos nomes nas fronteiras das tendas ou en moitos camións nas rúas. A “viuda” do Bar Celta era característicamente misteriosa, astuta e infatigable. Erguíase ao mencer e deitábase ben pasada a media noite. Ía ao mercado tódalas mañás con Xosefa (a criada para todo traballo que abandonara a súa aldea para estar preto do “novio”, camareiro, a quen non querían na súa casa e despois volvíaa ao bar para servi-lo café antes de preparar e cocinar primeiro o aperitivo e logo o xantar para as persoas residentes e non residentes, que frecuentaban o restaurante. A súa filla maior axudáballe, pero era evidente que a “señora viuda” levaba os pantalóns. Traballaba día e noite sen dar mostra de cansazo, como só unha galega pode traballar, e como resultado aforrara dabondo para poder mercar un par de casas de apartamentos no máis céntrico da cidade. (Eu xa fora avisada de non vulgar a posición económica do galego polo seu humilde e ás veces non aseado exterior).

As dúas señoras alí hospedadas eran sudamericanas. Non tódolos sudamericanos que visitan España cada ano nas súas vacacións poden permitirse o luxo de traer Cadillacs e choferes con eles; inda que os máis alugan auto e chofer pola tempada en Madrid, case por patriotismo para manteren a reputación das súas esaxeradas riquezas. Os galegos, como envexosa represalia, din que eles carecen de fineza e chámanlles “gringos”. (Ninguén me puido dicir o que este termo significa e de onde procede, agás que ten algunha conexión co rancho sudamericano. É abondo gracioso que os sudamericanos empreguen a palabra “gringo” relacionada cos norteamericanos).

A señora de máis idade das dúas veu de Venezuela, e tanto ela como o seu esposo pasan tódolos veráns en España. A máis nova veu de Chile, deixando alí ao seu marido. Levaba roupa ele-

gante e grandes sortellas en case tódolos dedos, pero paraba en “fondas” como o Bar Celta para facer que o seu presuposto durase máis. (iA hospedaxe no Celta, todo comprendido, custaba cincuenta pesetas, ou sexa dez chelíns diarios!). A señora chilena tiña moitas amizades en Vigo, coas que se reunía nas recepcións que daban os diversos consulados sudamericanos en Vigo, e nas que ela representaba o papel de turista rico. (Fíxome lembrar a unha norteamericana que atopei unha vez en París, que vivía nunha habitación miserenta dun hotel ínfimo nunha rúa afastada, onde case morría de fame con tal de aparecer cun sombreiro novo na próxima festa da embaixada do seu país). Pero non era cuestión de morrer de fame no Bar Celta, pois satisfacía aos saudables apetitos galegos, e servía o equivalente do que os ingleses chaman con eufemismo “boa comida sinxela”. Isto, traducido a termos locais, quería dicir: o inevitable “caldo gallego” para comezar, seguido dun enorme e delicioso toro de pescada fritida, e un prato principal que podía ser calquera cousa, desde un bisté ata a moi abundosa e popular carne de becerra, cabrito asado, estufado consistente en “chorizo”, col cocinada con unto, un anaco groso de xamón cocido, e carne de cameiro. O postre era do que non se pode imaxinar: ou froita de calidade inferior (a mellor exportábase), ou queixo e “membrillo”. (Este é unha xelea de marmelo ou mazá diferente dos nosos queixos de mazá de antano). O viño estaba incluído no menú; ribeiro cor vermella sangue dos viñedos do Miño, ou Moaña branco de gusto ríspido procedente dos outeiros da outra banda de Vigo.

O restaurante do Celta, afastado do bar por unha mampara de madeira e vidro, tiña os seus “habitués” de sempre, ademais dos residentes. Os primeiros podíanse dividir en dúas categorías: obreiros que tiraban, gravemente, as súas chaquetas antes de comezar a xantar, e viaxantes de comercio que levaban botíns e mantiñan postas as súas chaquetas. Todos xantaban coas súas navallas e coas cabezas inclinadas sobre o mantel lixado de viño, pero todos, ao saír, dirixíanse cortesmente aos que quedaban, murmurando: “¡Que aproveche!” (que significa “que a túa comida che sexa beneficiosa”; ou, como se adoitaba dicir en Inglaterra hai dous ou máis séculos: “Moito ben che faga”). Ao comer empregaban frecuentemente os seus grandes panos de mesa. As máis humildes fondas españolas xamais deixarán de lle subministrar a cada cliente un pano de mesa e un palilleiro.

Os residentes do Bar Celta estaban acomodados nun discreto anexo dun piso á outra banda da rúa, xunto á contenta rúa que vai dar á do Príncipe, de moito tránsito. Ninguén, agás Xosefa, tiña a chave da porta principal deste anexo, e como Xosefa non estaba a miúdo alí, os residentes víanse abrigados a facer eles mesmos de porteiros. Isto tiña os seus inconvenientes, sobre todo polas noites para algúns poucos residentes, que fieis aos costumes nocturnos hispánicos nunca pensaban en se deitar antes das primeiras horas do mencer.

O Bar Celta era un lugar hospitalario e a “señora” xamais deixou de atender a un antigo cliente se estaba na súa man facelo. Durante as festas do 15 de agosto que duran case unha semana, cando había tantos forasteiros na cidade que varios estranxeiros se viron obrigados a durmir nos seus autos, o anexo do Bar Celta

estaba cheo: desde o único cuarto de baño ata o faiado que cheiraba a ratos e a xeso caído das paredes, e Xosefa víase e desexábase para atopar bastantes sabas e toallas para todos.

A pequena habitación no anexo era todo un luxo para tan modesto lugar. Á xente en España non lle gusta, polo común, sentarse dentro das casas. Preferen atoparse fóra cos amigos e falar con eles nas terrazas dos cafés, onde tamén escriben as súas cartas e a miúdo, cando se trata de xornalistas, os seus artigos para o periódico. Van á casa só a comer e a durmir. ¿Que é o que facían no seu cuarto de estar? O promedio dos españois a penas si le un libro. Non lles gusta concentrarse na radio e en cousa algunha por máis tempo que uns poucos minutos. Necesitan ollar e ouvir pasear á xente, cantar e falar entre si, con canto máis barullo mellor, porque a ausencia de ruído faílles sentirse desacougados e incómodos.

Despois da miña primeira comida no Celta, sentei nun pequeno recibidor para clasificar as miñas cartas de presentación, con frecuentes interrupcións producidas ao abrir as portas os residentes que regresaban. Soamente as dúas sudamericanas de media idade eran puntillosas coa súa sesta da tarde, pois en Galicia non é costume facela. Os galegos son activos de máis, e o seu clima é moi norteño para convidalos a durmir a sesta, cousa que non lles ocorre aos seus compatriotas do sur de España. Nas cidades é corrente, para os homes, atoparse diante dunha taza de café puro, entre as tres e as catro da tarde, nas terrazas do seu Café favorito, onde pasan unha hora ou dúas cos seus amigos entre unha fumareda de cigarros. Na Galicia matriarcal, aínda as señoras frecuentan os cafés perfumadas e elegantemente vestidas, en grupos, sen sombreiro, e ningún home se atreve a molestalas.

Era ben pasada a hora do café cando abandonei o Bar Celta para ir en procura dos “galeguistas”, aos que ían dirixidas as miñas cartas de presentación. “Galeguistas” soa a algo formidable, pero en realidade son un grupo de persoas completamente inofensivas. As autoridades téñennos por algo sospeitosos, e o uso do galego está prohibido na radio e nas conferencias públicas; pero eles xa non son os nacionalistas e independentistas rebeldes que soían ser no máis turbulento século XIX. Hoxe en día os galeguistas forman grupos literarios anceiosos de conservar a cultura e o idioma de Galicia sen motivos ulteriores.

Propúxenme facer a miña primeira visita a un escritor chamado Blázquez que vivía na Gran Vía, posto que esta nova avenida, da que os vigueses están tan orgullosos, comezaba a pouca distancia do Bar Celta. Ninguén, non obstante, me dixo que había máis de dúas millas de andadura a onde eu pensaba ir, e que non existía medio de transporte público axeitado, pola sinxela razón de que se construíran moi poucas casas ao longo desa avenida. Por ese tempo a Gran Vía era unha fermosa vía, baleira de tránsito, con moitos tamarindos e macizos de flores, que une dous extremos, moi afastados, da cidade, tras do outeiro coas ruínas dun castelo que eu albiscara desde o barco, e cunha magnífica vista ao Val do Frago.

O único rañaceo de Vigo, aínda sen rematar cando eu estiven alí, érguese fachendosamente sobre os seus máis baixos veciños da Gran Vía. Pareime a preguntarlle a un transeúnte se ía ser unha

casa de apartamentos, pero o meu informante cría, eventualmente, que estaría destinada a hospital. Cando estabamos a falar pasou ao trote un burriño tirando dun feble carro cheo de sandías. O carro e o burro estaban máis de acordo co desenvolvemento da provincia que co estraño e misterioso rañaceo construído, sen dúbida a propósito, para ser contemplado desde os barcos de Tiña que viñan do estranxeiro.

Facía moita calor; os tamarindos eran aínda pequenos de máis para dar sombra e a Gran Vía era interminable, pero o “Castro” que se erguía sobre ela estaba cuberto de mesta arboreda que parecía convidar. Deixei a Gran Vía para me dirixir a el co obxecto de ter un respiro, e batín axiña coa única parte aturable de Vigo: os xardíns do “castro”. “Castros” son lugares fortificados dos fortes e cidades celto-romanos, que se atopan en case toda eminenxia de Galicia. En Vigo foi construído un castelo moderno no “castro”, que agora pertence á municipalidade).

Desde este lugar resulta difícil crer que haxa unha cidade á outra banda do outeiro. O val do Frago érguese gradualmente ata unha imponente cadea de cotarelos; unhas poucas casas de labranza pintadas de branco están espaxadas entre os campos de millo, e carros de bois (os carros de bois, estreitos e en forma de embarcación, de Galicia) van polos retortos camiños, renxendo ruidosamente cos seus eixos de madeira. Gruñen e xemen alternativamente en ton menor doloroso, un son tan preguizosamente agradable como o rumber do abesouro, evocativo do verán de Galicia con ceos cobertos de nubes que pasan por tras as montañas cor de rosa de choupiño, pórticos enreixados con parreiras e cunha que outra folla de millo e o vivo ritmo de gaita nas “fiestas” de aldea. Hai un verbo especial no vocabulario galego para o chío dun carro de bois: “chirriar”, chámanlle; os aldeáns din que aos bois gústalles ese ruído e que os fai traballar mellor. Serve tamén de aviso aos outros carros para sinalar a súa presenza nos camiños, nos que é difícil volverse pola súa estreiteza. Pola banda do “Castro” que mira cara ao mar está o vaporoso porto cos seus desiguais peiraos e as súas fileiras de casas “amontonadas” pegadas ao outeiro que trimbilican co deloírado e irritante chirrisco dos tranvías e o teimoso son de ciceis sobre o granito. Tamén é este un son tipicamente galego, pois Galicia é unha rexión de granito branco e fino, e os seus “canteros” son unha caste á parte. Estes canteiros teñen gremios influíntes, unha linguaxe altamente técnica mesturada con palabras francesas, vascas e portuguesas, e cancións profesionais encantadoras que cantan nas illadas alturas onde van procurar os bloques de granito. Óllanse en tódalas cidades importantes de Galicia, onde o ritmo rápido dos seus ciceis é como un ritual primitivo de “entrada na vida” de iniciados esotéricos. Son estes os descendentes ben conscientes dos honres que erixiron os menhires e os dolmens que un atopa con profusión nos cotarelos e na costa.

Cando ao cabo cheguei á casa do Sr. Blázquez, a “portera” miroume de pés a cabeza un algo sorprendida. De certo eu era unha estranxeira, pois doutro xeito tiña que saber que tanto o Sr. Blázquez como a súa familia e os seus amigos non estaban en Vigo durante os meses de verán. “Están todos na súa casa á beira do mar en Coruxo”, díxome a porteira. “Ao menos”, engadiu, “que

viñesen a Vigo a unha “tertulia” (charla literaria) no Café Goya, embaixo na cidade. Si, estaba distante, pero quizais podía atopar á irmá do Sr. Blázquez na librería que teñen na rúa Real, que non quedaba moi lonxe, e ela podería darme información máis precisa. “Dígame, ¿para quen máis trouxo vostede cartas?”, preguntoume a porteira, mirándome por riba do meu ombreiro. Asentiu coa cabeza, como enteirada, cando estendín na man en forma de abano a miña colección de cartas. “¡Ah!, sí, sí, todos pertenecen ao mesmo grupo, díxome, “e todos están en Coruxo”.

Volvinme, cansa, cara á cidade en procura da Librería Moderna, onde atopei á irmá do Sr. Blázquez gobernando unha biblioteca circulante de clientes que, polo que vin, consistían principalmente en rufas e serias señoras de idade en zapatillas de feltro cun sorprendente debezo de noveliñas encuadernadas en rústica. Os libros españois, o mesmo que as persoas, parecen estaren divididos en dúas clases: edicións de luxo que rivalizan coas mellores de Europa, e edicións plebeias para o mercado, coa impresión borrenta e tapas chamativas. Ademais destas dúas clases de libros, a Librería Moderna tiña unha vasta colección de poeirentos volumes de segunda man empiados en irregulares columnas ata o mesmo teito da trastenda, despedindo un cheirume tan desagradable como nunca souben que tivesen os libros usados en ningures. Os de Londres e París teñen un ar secreto de propia satisfacción. Parecen conscientes do seu valor e orgullosos de seren desexados (inda un algo arteiros ás veces); pero aquí, nas rúas afastadas do Vigo inculto, mergullados na tediosa exportación de sardiña, os libros usados están relegados ao inferior da roupa vella e parecen despreziables. Sen embargo, quizais, eu estaba martelada e mal predisposta despois da miña inútil procura dos galeguistas vigueses. De todos xeitos, ¿onde estaba Coruxo? Non aparecía no detallado mapa de Galicia que era o meu constante compañeiro.

A señorita Blázquez deume alento tan axiña como puido desfacerse das dúas fanadas vellas en zapatillas, que debían ser “porteras”. A Coruxo podía irse en tranvía, estaba nas aforas de Vigo. Ela mesura ollaría aos “galeguistas” aquela noite e arranxaría para que tivesen unha entrevista formal comigo. ¿Onde poderían atoparme? ¿No Bar Celta? Ela nunca ouvira falar del... e anotou o número de teléfono algo dubidosa.

No entanto, decidin visitar a unha persoa da miña lista, allea á literatura: O Sr. Fernández, un comerciante importador e exportador de Vigo que dicía coñecer aos mellores cantantes vigueses da canción popular; polo menos, así fora eu informada en Londres por un parente afastado seu.

O Sr. Fernández estaba sentado na súa oficina, desde onde se ollaban innumerables chemineas de barcos, fronte un turista venezolano rechamantemente vestido que fumaba un enorme xaruto. Parecía encantado de recibir a persoas estranxeiras, e prometeume que xuntaría ao grupo máis escollido de cantantes galegos do que nunca se ouvira en ningures, formado por canteiros, lavandeiras e cargadores de peirao. “Esta xente”, declarou, “coñece cancións que os coros profesionais ignoran. Son xoias, xoias de coleccionistas. Traia a súa cinta magnetofónica mañá pola noite e iremos a unha “tasca” no peirao e faremoslles cantar para nós.

Pero teremos que facer algo hoxe”, dixo firmemente, botándolle unha ollada ao venezolano con ollo calculador. “¿Ten vostede o seu auto aquí?”, preguntoulle, “Desde logo”, respostou o venezolano runfleiramente, “lévoo sempre a onde vou”. “Ben, entón imos a Baiona”, dixo o Sr. Fernández. “¿Por que?”, preguntoulle o venezolano. O Sr. Fernández mirouno con indulxente sorpresa. “Porque vostede non pode pensar en abandonar Vigo sen ver Baiona e A Guarda, un pouco máis ao sur. Voulles amosstrar aos dous algo único no mundo, io anaco de costa máis fermoso que viran na súa vida!”.

E así, despois de ir procurar ao Gran Hotel á dona do venezolano, deixamos os peiraos e chemineas de barco para írmonos á costa de mar aberto. Os lixados tranvías brancos da cidade tiveron, non obstante, a desvergonza de nos seguir durante todo o camiño deica Baiona (case vinte millas), inda que se mantiveron na súa misteriosa ruta, medio agachados entre milleirais, á beira do mar... Unha vez fóra de Vigo comportábanse con garridez, facendo pouco roído e deixándose esvarar suavemente polos raís, sen gruñir nin zigzaguar como nas rúas da cidade. Os apeadeiros do tranvía entre os milleirais, consistían nunha especie de cabanas de madeira pintadas como casetas de baño na praia, con ledas franxas vermellas e brancas; todas coidadosamente provistas dun botixo con auga pendurado dun cravo para que os sedentos conductores e cobradores puidesen refrescarse.

Os milleirais alternaban cos viñedos baixando ás praias, e as humildes vivendas caleadas entre eles a penas eran visibles, agás polo característico “hórreo” ou graneiros de millo situados no alto (sobre unha parede ou sobre unha cancela), mantíñanse firmemente riba das súas catro columnas de pedra rematadas na súa parte superior con anchas pedras circulares chamadas “tornarratos”, destinadas, como o seu nome indica, a evitar que os ratos penetrasen no interior. Os hórreos dos arredores de Vigo son oblongos, feitos de argamasa e modernos, pero os seus tellados de tella ou lousa son como os modelos que se conservan nas aldeas remotas do interior desde os tempos romanos, ou aínda máis antigos; nun extremo unha cruz, e no outro unha pirámide alongada semellando un símbolo fálico de fertilidade.

Agás polas cruces de pedra nos seus tellados, estes hórreos, asombrosamente, non parecen europeos. Os non moi coidados millos que medran arredor deles ben podían ser follas ananas de bananeiras, e contribuirían a que se fixese unha ilusión de atoparse nun país do afastado oriente, porque estes hórreos galegos son extraordinariamente semellantes aos graneiros de arroz de Bermeo, Xava e Sumatra. Ningunha paisaxe galega é completa sen un hórreo, e a variedade da súa forma, tamaño e posición é case infinda.

O Sr. Fernández sinalounos co dedo as praias “dormitorio” nas aforas de Vigo, onde aqueles que poden permitirse o luxo alugan unha vila ou piso para a estación de verán, e onde os emigrantes que retornan ricos constrúen casas indiscripiiblemente arrepiantes para impresionar aos seus paisanos cunha abastanza de mal gusto. A Praia América chámase así no seu honor. (A palabra “americano” en Galicia significa automaticamente sudamericano). Samil, Saiáns, Patos... todos parecían amoreados e tris-

tes, ata que a metade de camiño entre Vigo e Baiona a paisaxe cambiou. Os outeiros eran máis altos e estaban máis preto da costa.

Longas e illadas praias de area e penedo estendíanse entre cabos sombrizos en forma de saurio, contra os cales as escumosas e grandes vagas do Atlántico batían as súas quinas prateadas, pois era mar aberto, torboento e desafiador, non o das rías acochadas, que lembran ao Mediterráneo, e a suavidade que un atopa ao norte de Vigo.

O Sr. Fernández cruzou as mans sobre os xeonllos e contemplou a costa cun sorriso satisfeito. “¿Sabe vostede”, confiome, “que aluguei unha vila para os veráns en Baiona durante estes derradeiros vinte anos? Tódolos seráns cando vou coller o tranvía en Vigo poño un libro na miña carteira de oficina para ler durante a viaxe, e ao longo dos vinte anos estiven tan fascinado pola paisaxe na viaxe que aínda non cortei as páxinas do libro, ¡isto é o que pasa cando un vive en tan fermoso país!”. Volveu mirar a costa e sorriu. “Quizais isto é polo que tanta xente ven saquear a nosa terra: normandos, anglosaxóns, sarracenos...”. Sinalou o val ao lonxe. “Polo ano 1634, ao mosteiro de Oia, alén de Baiona, foille dado o título de “Imperial”, despois de que os monxes fixeron fuxir, coa axuda da poboación local, a cinco barcos berberiscos. A propósito, hai unha estatua na fachada deste mosteiro coñecida como a “Virxe do mar”, que din é inglesa, e ique foi guindada ao mar pola vosa primeira raíña Isabel nunha arroutada de odio antipapista! Reapareceu cento dez anos máis tarde á porta do mosteiro, despois de cruzar o mar sobre o lombo dun can, segundo a lenda. Tamén a cidade de Baiona, que nun tempo foi de moita máis importancia que Vigo, tivo o título de “Imperial”. Miren, alí está, no extremo afastado da badía...”.

E alí estaba, máis pequena agora que unha aldea de pescadores, ao pé dunha lomba cuberta de piñeiros, cunha flota de embarcacións pintadas de ledas cores abaneándose na marea alta ao mesmo nivel que os tranvías do paseo, e unha fileira de casas con galerías de cristais que brillaban ao sol. (E realmente aglaiante que nós non pensásemos en adoitar unha idea tan sinxela para cachar o sol no noso país).

Pouco queda dos días da Baiona “Imperial”; soamente unha das torres do orixinal castelo-fortaleza de Monterreal que domina sobre a vila desde o seu promontorio penedoso, que serviu como refuxio cando a poboación era ameazada polos corsarios, que non sempre foron berberiscos.

Sir Francis Drake e mil cinco centos dos seus homes desembarcaron en Baiona no 1585 coa intención de tomar Monterreal. (En realidade hai poucos lugares ao longo da costa onde non desembarcara, e o seu nome é repetido unha e outra vez nos libros-guías e historias locais, nos que se fala del con exasperación chamándolle “o Drake”, isen lle dar xamais o seu título!). Chegaron novas a Baiona de que saíra de Plymouth con tres mil homes. Cando estaba preto da costa, Drake capturou un pesqueiro galego enterrándose de que o gobernador de Monterreal estaba ausente, e de que a garnición era só de douscentos homes no castelo. Un inglés chamado Robert Shart, que vivía en Baiona naquel tempo, foi mandado a recoñecer a flota inglesa, pero tamén foi

capturado por Drake; este volveuno mandar a terra para que informase aos cabaleiros de Baiona de que el viñera para “vingar aos vasalos da súa raíña que foran emporrados polos corsarios de Baiona”. (Barcos ingleses na súa viaxe de volta das Indias occidentais eran interceptados e levados a porto aínda no século XVIII. Tan rico era o botín obtido deles que os anais locais describen como ios cans andaban polas rúas de Baiona levando nas súas bocas grandes e redondos queixos procedentes dos barcos! Hoxe en día, non obstante, segundo o Sr. Fernández, hai moitos días na semana nos que non se acende o fogón en Baiona, pois non hai comida algunha que cocinar).

Tan axiña como Robert Shart chegou a porto coa horrible nova, a poboación enteira de Baiona trasladouse ao castelo con tódalas súas cousas, mesmo os mobles. Vinteito lanchas inglesas atracaron fronte á igrexa de Nosa Señora de Baiona, e entón Drake mandou ao útil Robert Shart ao gobernador (que volvera de présa para preparar o ataque) a lle pedir viño, comida e causa para el, asegurándolle que non comezaría o ataque ata o día seguinte. Deixara a meirande parte da súa flota á altura das Cíes, pero ergueuse tan forte treboada durante a noite que lle impediu unirse a el, e posto que, por outra banda, enteirárase agora que estaban chegando a toda présa ao castelo reforzos armados, decidiu reembargar durante a noite.

Fixo isto tan silandeiamente que ninguén en Baiona ouviu nada, e os habitantes quedaron aglaiados cando, ao se despertar á mañá seguinte, viron que o inimigo se esvaecera e souberon que partira para a badía de Vigo. O gobernador de Montreal, D. Diego Sarmiento de Acuña, Conde de Gondomar, saíu a cabalo para Vigo e loitou valentemente, ata meténdose a galope no mar para coller prisioneiro a un inglés. Como cousa curiosa do destino, chegou a ser nomeado embaixador na Corte de St. James no 1605. Parece ser que non gardou malos sentimentos para os ingleses, inda que bateu con moita hostilidade por parte deles; a quen puido vencer “gracias ás súas boas maneiras, a súa afabilidade cos homes e a súa galantería coas damas”, anque a súa mirada parecía traicionalo, pois sabemos que James escribiulle algo groseiramente a Felipe III de España dicindo que “io seu novo embaixador mira igual que unha cabra salvaxe!”. Ao cabo, James fíxose grande amigo de Don Diego Sarmiento. Cando este deixou Inglaterra catro anos máis tarde, o rei deulle unha fermosa sortella de diamantes, e permiso para que el e os seus sucesores levasen tantos cabalos, cans e falcóns de Inglaterra como desexasen.

O castelo de Monterreal foi reconstruído co estilo neogótico do século XIX, e pasou dun abastado industrial a outro. E aínda unha propiedade privada, e unha muralla rodea a península penedosa, protexendo os terreos dos cazadores furtivos e dos ollos curiosos. O Sr. Fernández díxonos que moitos veraneantes toman baños de sol enriba dos penedos no extremo norte do promontorio, totalmente espídos; feito que escandalizaría ao arcebispo de Tarragona, quen, recentemente, encetara unha campaña nacional pedindo traxes de baño “decentes” (dunha peza) para mulleres e homes, e albornoces para cantos van e veñen desde os hoteis deica a praia. Designáronse policí-

as especiais para manter a moralidade nas praias dos lugares máis de moda (especialmente na costa catalana onde hai moito influxo dos franceses que veñen pasar as vacacións, e dos que se di que son os máis inmoraís). En Santander e en Asturias, ao policía da praia puxéronlle o alcume de “La Moral”. Vai dotado de prismáticos, que dirixe ás rapazas máis fermosas, abandonando ás veces o seu posto para se ir achegando de a pouco a unha femia provocativa; pero moito antes de que chegue cabo dela, esvara sobre a area o aviso como un borboriño: “¡Coidado! ¡Aquí ven A Moral!...”, e ao chegar, a culpable estaba modestamente envolteita nunha capa de praia e preparada para se enfrontar acedamente co desconcertado policía, quen, ao se decatar, quedaba moi asañado polo ridículo da súa posición.

“Unha vez na súa historia”, dixo o señor Fernández “Baiona puido dar unha nova sensacional. O 1º de marzo do 1493, a carabela “La Pinta”, ao mando de Martín Alonso Pinzón, entrou no porto con forte vento levando a bordo un indio que xogaba con cunchas mariñas. Foi así como os habitantes de Baiona chegaron a ser os primeiros en se enteirar da descuberta de América. “La Pinta” afastárase do barco que mandaba Colón por mor dunha treboada, sendo a primeira que atinxiu terna, pois Colón arribou a Lisboa uns poucos días máis tarde”.

En Baiona aparcamos o auto no paseo (o único lugar abondo amplo para lle dar cabida a tan runfleiro artefacto), e o señor Fernández teimou en que deberíamos tomar o té nun café veciño, onde unha orquestra local tocaba alternativamente pezas galegas e sambas sudamericanas, unha característica mestura da Galicia contemporánea onde a influencia dos “americanos” comeza a botar sombra sobre as cousas natías e a tradición. Manifesteille ao señor Fernández que non cumpría mandar preparar o té, que me serviría moi ben un “limón natural” (limón espremido), e que pensaba que todos o preferiríamos; pero o señor Fernández, que tiña unha cuñada inglesa e pretendía ser unha autoridade verbo dos costumes anglosaxóns, fixo aceno coa man de non tomar en conta a miña suxestión e pediu té para todos nós, indistintamente, pese ás miñas dúbidas sobre a clase de té que pasaría por tal en Baiona. Os demais non dubidaron, porque tomar o té pola tarde case se converteu nunha distinción social en España. Trátase dunha das importacións estranxeiras aceptables e é dun esnobismo atraente, xa que o té é caro, e a cerimonia, polo tanto, está reducida exclusivamente ás clases adiñeiradas. Resignémonos, humildemente, a tomar o líquido de cor ambarina esluada que nos trouxeron, e que tiña cheiro e gusto de herbas medicinais. O señor Fernández serviuse a si mesmo, ledamente, mesturándoo con leite, e anunciounos que tan axiña como nos refrescemos amosaríanos as rúas, laxeadas con croios. Tiña a esperanza de que os tacóns das señoras non fosen altos de máis, “porque Galicia non é lugar para esa clase de tacóns”, dixo, “agás nas terrazas dos cafés e nas “alamedas” (xardíns públicos)”. A señora sudamericana sorriu un algo. Ela confiaba en que non tería que andar moito, e unha adiviñou polo ton da súa voz, sabendo o que as señoras hispánicas entenden por camiñar, que “non andar de máis” significaba todo o máximo un cento de yardas.

O señor Fernández, sen embargo, estaba firmemente decidido, inda que amable, (pese aos tacóns altos) a nos levar á Colexiata de Santa María, a igrexa parroquial de Baiona que está nunha eminencia asolada tras da cidade, cun pórtico románico batido polos ventos mareiros do oeste. No interior, unha capa de verde ouricela está adherida ás paredes, tan mesta como as oucas a unha catedral mergullada. As nun tempo poderosas irmandades de Baiona axudaron a financiar esta igrexa, e a súa insignia aparece moi notoriamente, e con frecuencia esculpida nas arquivoltas nunha encerellada mostra cabalística de cadrados, circos, cruces, tesouras, peixes e compases. Entre elas figuran tamén algúns dos signos usados polos Cabaleiros templarios que noutrora foron donos da Colexiata.

O cheiro de pintura fresca dos horribles retábulos modernos nas capelas laterais, mestúrase co cheiro húmido de mofo e miasmas das vellas pedras. Tras do altar maior, unha figura xacente cruamente realista do Cristo crucificado estaba tendida debaixo do que parecían ser roupas de cama. O señor Fernández moveu a cabeza tristemente cando pasou por fronte deste arrepío de traballo en cera. “¡Pobre Xesús, pobre Xesús!”, murmurou atristurado. “¿Non é horrible envolvelo en algo semellante a unha manta de viaxe?”.

Estivemos sós na igrexa ata que un grupo de nenas descalzas (a maior non tería máis de sete anos) entraron silandeiramente agarradas da man. Achegáronse a un dos altares e axeonlláronse para pregar nun murmurio ruidoso e afervorado. A planta dos seus pés, grosa como sola, estaba moura. Quizais pregaban por un familiar doente, ou por unha das súas amaceladas amigas ausente. Os seus vestidos eran farrapentos, tiñan un escuro cabelo revolto e as súas manciñas atopábanse rabuñadas. Na rúa eran mendicantes que vivían, sen dúbida, nunha das casas nas que, segundo nos dixera o señor Fernández, rara vez se acendía o fogón; pero na igrexa, coas súas facianas redondas e raiolantes, reverentemente ergueitas cara á Nai de Deus, semellaban anxos. Unha das máis pequenas, que estaba axeonllada un algo máis atrás das outras, que tiña uns ollos inquedados e pillabáns, arrastrouse cara a min entendendo a palma da man en acción de recibir; pero as súas compañeiras, fixéronlle porse de contado nunha postura máis digna, e ela, docemente, deixou caer a man e pechou os ollos con forza como para evitar as tentacións que lles veñen a aqueles que teñen os ollos abertos de máis.

Desde os arredores da Colexiata ollamos unha rede desigual de vivendas dun piso e fileiras de columnas caleadas; ios arquitectos galegos sempre teñen presente os longos meses de chuvia! Unha parella de carros de bois rolaban por unha rúa estreita, e unha muller apertou aínda máis o seu negro chal arredor da cabeza ao se inclinar sobre unha cesta de patacas; todo isto, ademais de pintoresco, despertaba compaixón. Soprou unha brisa polas herbas descoidadas de riba dos tellados en escama; agás nun que era un soberbio tellado de lousa, pertencente a unha casa rodeada por un gran xardín murado. O señor Fernández sinalouno con ar de orgullo: “Ese é o único pazo que quedou en Baiona”, díxome, “¿Interesaríalle ollalo por dentro? Pertence ao meu amigo o señor Carrera, os devanceiros do cal viviron aquí desde

o día en que La Pinta arribou a Baiona, e probablemente moito antes diso”.

A señora sudamericana seguiuunos, moi amolada, ata a grande porta do “pazo”, despois de baixar con pasos inseguros os escalóns desiguais da Colexiata e a rúa laxeada de croios. Na parede da banda da porta había unha ferruxenta cadea que os criminais asían para se acoller a sagrado en tempos anterros. Non sei se a palabra galega “pazo” é un diminutivo da palabra castellana palacio, pois é en efecto un pequeno palacio feito para o campo, sólido, rectangular, sinxelo ata chegar á austeridade e algo sombrizo. E diferente á casa dun ministro da igrexa en Escocia, agás polas tres distincións galegas seguintes de aristocracia: o ancho corredor de pedra descansando sobre grandes repisas, o escudo de armas da familia esculpido sobre a porta principal, e o alci-preste que se ergue á dereita da casa igual que unha pequena pluma nun antigo pero moi respectado sombreiro. Só as familias nobres de Galicia plantan alci-prestes nas súas propiedades. Parece como se fose un monopolio delas (por algunha razón que non puiden descubrir).

Empurramos a cancela para entrar, pasamos a través dun xardín cheo de camelias e subimos a ancha escaleira de pedra, as fendas e ragañaduras da cal foran tenramente ocupadas pola carriza e as floríñas silvestres ata parecer un xardín que conducise a unha pagoda. O dono do “pazo” saíu ao corredor para nos saudar. Era esguío e magro, igual que un virtuoso Don Quixote, vivindo nun mundo reducido e triste de libros e retratos de familia, o derradeiro dunha longa liñaxe aristocrática. Amosounos as escuras habitacións cheas de obxectos e mobles, que facían lembrar aos seus devanceiros, pois pese á presenza viva do tictac grave e firme do antigo reloxo do recanto do vestíbulo, sentiámonos como se estivesemos nun museo. Había algo irreal neste gardián, de voz suave, de tantas cousas mortas. Tanto, que cando insistiu máis tarde en nos acompañar deica a rúa, alarmeime por medo a que se desintegrase converténdose nunha morea de pó aos nosos pés. Non parecía pertencer a Baiona..., polo menos, non á súa comunidade actual de pescadores amargurados. Pertencía a aqueles que navegaran ata os mares do Sur con Magallanes e que cabalgaran contra os sarracenos cos Condes de Gondomar; sentímonos aliviados cando desapareceu sen que pasase nada, tras da cancela que o afastaba tan notoriamente da pequenez pardacenta da vida de hoxe. Alí, no xardín do “pazo”, á beira do orgulloso alci-preste e das camelias laqueadas, algo se peneira do feitizo doutros tempos que non se evaporou de todo.

“¿Non hai unha sonada estatua, ao aire libre, de Nosa Señora preto de Baiona?”, preguntou a señora sudamericana, a quen a visita ao “pazo” lle resultara triste e avalgante. “Desde logo, desde logo, iremos vela agora”, braveu o señor Fernández, quen quizais non tivese intención de nos levar a carón do cotarelo onde estaba a colosal Virxe da Roca, erixida no 1930 co diñeiro remesado polos galegos de alén mar. “¿Fixo moitos milagres?”, preguntoulle a señora cando subiamos no auto a encosta bordeada de piñeiros que leva á base da estatua. “Non aínda”, dixo o señor Fernández. “Quizais quere darlle unha lección á xente de Baiona. Hai pouco máis de vinte anos, antes de que trouxesen aquí a es-

tatua, un dos concelleiros da cidade pensou que sería unha idea excelente para atraer máis turistas a Baiona, convertela nun lugar de peregrinaxe. Pero para iso había que procurar un milagre. ¿Saben vostedes que chegou ao extremo de suxerir que debería soterrarse unha imaxe antiga neste lugar, espaxando sal na terra que a cubrise?”. “¿Para que?”, preguntábase un. “Moi sinxelo. Vostedes saben canto lles gusta ás ovellas e ao gando vacún lamber o sal. Pois ben, estes animais xuntaríanse aquí desde varias millas á redonda. Tal amoreamento de gando excitaría a curiosidade da xente, e habería alguén que recomendase unha pescuda. Traeríanse obreiros para cavar, un deles, casualmente atoparía a imaxe, a nova correría como o lóstrego e todos exclamarían: ¡Milagre! ¡Milagre!”. “Pero”, dixo o señor Fernández, “non se lle permitiu ao concelleiro levar a cabo o plan e quedamos sen milagre”.

“E agora”, engadiu o señor Fernández, “temos que ir deica A Guarda e ver o monte Tegra, pois é o faro e o albeiro que sinala o comezo de Galicia”.

“¿Que hai que ver alí?”, preguntou a señora sudamericana, que prefería a realidade mellor que as rapsodias do señor Fernández, das que se sentía profundamente receosa. Despois de todo, ela non era galega; chufárase máis dunha vez aquela tarde de que tanto ela como o seu home eran venezolanos “puros”. “¿Que hai que ver alí, señora?” ¡A porta do Atlántico para Galicia, o lugar de tres civilizacións cando menos, e... o mapa máis antigo do mundo!”. “¿En papel?”, preguntou o cabaleiro venezolano, que estivera silandeiro e sufrindo pacientemente o máis da tarde. “En pedra”, borbóriñou o señor Fernández cun innecesario ar de misterio.

Desde Baiona cara ao sur deica A Guarda, as vagas imponentes do Atlántico guindábanse teimosamente sobre os escarpados penedos, e bolboretas da cor do xofre voaban impasibles sobre pequenas alturas que a saxífraga facía brillar; lagartos de ollos de abelorios amosábanse en tribo nas espaxadas e luídas penedas de granito, e nos marxais un senfín de lavadeiras inchaban as súas piardeiras peitugas con provocativos abaneos dos seus garridos rabos. Despois de tanta soidade, o populoso esteiro do apracible Miño onde tantas voces se erguen do ondeado purpúreo das viñas, xurdiu como agradable sorpresa. Desde o pequeneiro pobo da Guarda dirixímonos no auto á ancha estrada que permite subir ao monte Tegra con comodidade, e observar a magnífica costa e os outeiros con tranquilidade turística.

O señor Fernández, fiel á súa promesa, levounos a ollar a lousa con serpeados esculpídos que representan, segundo arqueólogos eminentes, un mapa da área que se domina desde o monte. Cun pouco de inxenuidade, pois estas marcas antigas da pedra son case indescifrables para a maior parte dos profanos. Desde logo, nós puidemos decatarnos do curso do Miño e do contorno dos outeiros de enfronte nosa; unha paisaxe incambeable admirada por sucesivas xeracións durante case tres mil ou quizais máis anos. Porque, ¿quen sabe o que está sen descubrir baixo as pederneiras e puntas de frecha prehistóricas, as ferramentas da Idade de Bronce, e os trebellos de barro romanos xa tirados á luz de debaixo da capela de estilo románico construída no cume desta banda da fortaleza?

“Santa Tegra, Santa Tegra, ¿quen foi? Xamais ouvín falar dela”, dixo a señora sudamericana, botando unha ollada de irreverente dúbida en dirección á capela.

“En verdade, pouco se sabe dela”, estimou o señor Fernández, “e non creo que nena algunha galega leve ese nome, pero iso non quita que a xente de por aquí crea no seu poder de intercesión. Ela salvou da peste aos habitantes da Guarda hai uns poucos centos de anos, e sempre, desde aquela, os homes guardeses lémbrense de llo agradecer e de lle pedir máis favores tódolos quince de agosto. Eu vino unha vez hai moito tempo. É do máis impresionante, aínda para aqueles que non son particularmente relixiosos. Os homes soben ao monte un pouco antes da medianoite, por tras do outeiro, onde non hai carriño algún. Levan fachos acesos e van cantando ladaíñas durante toda a subida. Trátase dunha festa na que un non olla comida nin bebida, pois os homes xaxúan desde a medianoite deica o mencer, cando van ouvir misa na capela do monte antes de voltar ás súas casas. É tamén unha das poucas festas do ano que non foi luxada pola presenza de turistas, aínda que, xa que logo, pode haber outras. Nós, os vigueses, non somos dos que coñecemos moito de Galicia, saíbano vostedes!”.

“¿Como é iso, cando Vigo é o porto principal da rexión?”, preguntoulle, incrédulo, o cabaleiro sudamericano.

“En fin, só os galeguistas son os que teñen esas nocións parvas sobre nós”, declarou o señor Fernández cun desprezativo encollimento dos seus ben acolchados ombreiros. “Eles non están connosco porque somos modernos e cosmopolitas, civilizados en realidade. Eles non fixeron máis que se laiar coas nosas gaitas e compuxeron sobre o tema dos piñeiros. Un pensaría que non existe ningún outro motivo no país merecente de que se escriba sobre el. Simplemente, eu non podo entender esta manía nacional, este sentimentalismo de bébedo sobre os piñeiros. ¡Completamente absurdo!”.

“Faise tarde”, advertiu a señora impacientemente, “e de todo este ar fresco abríuseme o apetito”.

“Non porque a comida no noso hotel de luxo mereza a pena dese xantar”, engadiu o seu home cunha garatuxa de disgusto.

“Entón déixenme levalos a todos ao Restaurante da Alameda, en Vigo, onde xantarán ben”, suxeriu o señor Fernández amablemente.

O Restaurante da Alameda é un dos máis caros de Vigo; isto significa, para pór un exemplo, que pola modesta suma (con relación ao noso nivel de vida) de seis chelíns, sérvenlle a un un prato cheo de deliciosa langosta fresca con maionesa. Pero os pratos de marisco en Galicia non se limitan a langosta, nécoras, ostras, ourizos, mexilóns e caranguexos de río. Moi lonxe diso. Hai moitos outros merecentes de estima todo ao longo da costa, como “percebes”, “longueiróns” e cascarolos mariños...

No Restaurante da Alameda volvimos estar dentro da órbita acústica dos invisibles barcos de liña, o que fixo tremer de alporizamento ao señor Fernández, porque parecía ter negocios con todos eles, coñecéndos desde lonxe polos sons das súas sireas. Este feito interrompía a nosa conversa na mesa, pois

cando o señor Fernández non estaba a escoitar a sirena dun barco, esvaraba nun monólogo de observacións borbóriantes, tales como: “O buque máis fermoso de todos. Non hai quen o dubide. Adoitaba antes ser inglés, pero quedaron atrás. ¡Non hai ningún que supere ao Lafayette na elegancia das súas liñas! Ben, ten que vir unha caixa de uísqui para min a bordo dese. Agardo que León fose á alfándega por ela...!”.

“Por favor, non se esqueza dos cantantes”, lembreille cando estabamos a piques de nos afastar. “¡Ah!, si, si... son os mellores cantantes de Galicia”, murmurou o señor Fernández ao se afastar, inclinando coa man unha orella con dirección ao porto. Esta foi a última vez que souben de tales cantantes, e tamén a última que ollei ao señor Fernández, quen desde entón se fixo un adicto tan inveterado aos barcos de liña, que nunca o podía atopar na oficina. Fun alí varias veces, pero só batín co triste rapaz de mirada resignada, León, sentado á beira dunha gran mesa de escritorio baleira, para lle ouvir a monótona frase: “O señor Fernández baixou ao peirao a agardar un barco. Non dixo cando regresaría. Quizais non volva en todo o día”.

Pero non dispuña de máis tempo para esperar que o señor Fernández me amosase aos seus cantantes, pois, ao cabo, tomei contacto cos “galeguistas”. Despois disto, non era cousa de volver. Estaba no medio daqueles que, segundo o señor Fernández, escriben odas aos piñeiros e quéixanse coas súas gaitas en ruidosa expansión de sentimento céltico. En realidade, este grupo de hierofantes tornáronse ledos, hospitalarios e entusiastas. Algúns poucos amosaron unha rixida reserva, e outros, igual que tódolos nacionalistas afervoados, inclinábanse a ser un algo localistas; pero nada disto se puxo en evidencia nas reunións de tribo das que son tan partidarios, ou en Coruxo, onde por vez primeira me atopei con todo o círculo vigués de “galeguistas”, na ocasión dunha festa de cumpreanos, da que non vira cousa igual desde as miñas primeiras vacacións nas montañas de Escocia, cando todo o mundo era mozo.

O primeiro “galeguista” que atopei, gracias ás xestións da señorita Blázquez, foi Paco: Un avogado, publicista e escritor tanto en galego como en castelán. Cando me levou á súa Editora vin que moitos dos seus libros, así como tamén os dos seus compañeiros “galeguistas” foran impresos en Buenos Aires. Foi esta a miña primeira impresión do grande e fiel interese que os galegos de alén-mar senten polas producións literarias dos escritores do país, quen teñen que loitar con dificultades financeiras e cos atrancos e falta de comprensión oficiais. Paco cargoume cunha boa cantidade de “documentación”, como el a chamou, proporcionándome libros sobre tódolos aspectos da vida e a historia galegas: desde monografías sobre pintores contemporáneos ata unha lexicografía solemne titulada “Dos mil nombres gallegos”; abondo, en realidade, para me permitir escribir media ducia de volumes sobre Galicia cando menos. E isto só foi o comezo, porque en cada cidade e cada círculo “galeguista” que visitei, a miña “documentación” aumentou de tal xeito que ultimamente me vin obrigada a mercar outra maleta.

Paco disculpouse de que os seus medios non lle permitían ter automóbil, e que, polo tanto, teríamos que ir a Coruxo en

tranvía. Eu, non obstante, quedei encantada ao ouvir isto, pois xa me decatara desde a distancia runfleira do Cadillac cor azul ceo dos sudamericanos na estrada de Baiona, como eses tranvías brancos desgalgaban, saíndo e entrando por entre os viñedos (ata case se meter nos hortos detrás das casas aldeás) cunha familiaridade leda; cousa que, posiblemente, ningún Cadillac podía facer e desfrutar.

O noso tranvía levaba a remolque outros tres coches. As fiestriñas estaban abertas e a brisa do mar abritaba as inchadas mangas da rapaza de enfronte, e xogaba co broslado borde da atraínte combinación feita a man que se pegaba firmemente ao seu abondoso seo. Os viaxeiros andaban dun lado para outro, parándose unha vez e outra para parolar cos amigos. Un agudo asubío soou diante, rematando cun floreado triunfal, e partimos, atacando de súpeto a encostada Rúa do Príncipe, con abaneos insolentes ao pasar á beira dos policías de casco branco nos cruces de rúa; subimos pola de San Xerome, pasamos Bancos, hoteis e casas de seguros, collimos unha velocidade prudente, e despois, antes de que nos decatásemos, bandeábamos entre carros de bois e ondeantes milleirais. O camiño facíase progresivamente máis areoso, arboredas formadas por eucalipptos interrompían a nosa vista do mar, e axiña paramos fronte á praia de Samil, deserta a aquela hora da tarde; aquí baixaron os últimos viaxeiros, e foron engolados de contado polas árbores que agachan as súas coidadosamente atobadas casas.

Unha lagoa afastaba a praia dun illote cuberto de piñeiros, onde un barqueiro con camisa moi mendada estaba sentado cos remos en acougo, agardando para pasar a Paco na lancha ata os cuarteis de verán dos “galeguistas”. Había pouca auga, pois a marea estaba baixa, pero o barqueiro, que respondía ao romántico nome de Leandro pilotou a lancha con habelencia polos lugares máis fondos, e axudoume despois a subir os esvaradizos penedos no final; porque eu levara a miña cinta magnetofónica coa esperanza de rexistrar algunhas cancións típicas galegas durante a festividade de cumpreanos.

A casa de verán dos “galeguistas” estaba illada nun lugar areoso xunto a un piñeiral, onde non se ollaba nin xardín nin flor en ningures. Un nota a falla do cultivo de flores na Galicia utilitaria, cando todo podía darse se a xente se coidase de tal embelecemento da vida cotiá. A comida, sen embargo, era máis que abondosa; bandexas ben ateigadas eran levadas por unhas escaleiras exteriores a un cuarto grande do primeiro piso, nas mans de dúas sobrias criadas vestidas de satén negro e cofias e mandís amidoados, cousa que parecía fóra de lugar en tales rústicos arredores.

A festa facíase en honor da esposa dun dos “galeguistas” máis antigos; unha repoluda e bela muller que estaba sentada á cabeceira da longa mesa armada sobre bastidores, e por quen erguimos os nosos vasos con frecuencia para brindar á súa saúde no curso do alongado banquete. Bebimos unha forte mestura de xenebra con viño de Moaña, e xantamos unha abraiante variedade de pratos, que culminou cunha escolla de pasteis de cumpreanos adobiados con rica crema e deliciosamente empuxados de licores de froita.

As miñas memorias daquela tarde son bretemosas como algunhas das lembranzas da nenez, pero neste caso foron culpables a xenebra e o Moaña máis que o tempo decorrido, pola condición etérea das visións na miña mente igual que os reflexos de auga abritada dun estanque.

Lembro que estiven sentada á beira dun pintor de cara triste chamado Colmeiro, quen tiña un estudio en Montparnasse e unha familia en Buenos Aires, e que estaba a facer pinturas murais sobre a vida do campo galego no Gran Hotel de Vigo, para gañar para o verán. Cantou unha canción pastoril melancólica da súa “aldea” preto de Pontevedra. Lembro tamén moi vivamente o que me dixo Carlos Blázquez sobre o Cáliz Santo do Monte Cebreiro e de que me fixo prometer que non abandonaría Galicia sen velo; penso que lle respondín que con gusto andaría mil millas (ou unha distancia esaxerada semellante) para ollar o cáliz. Sei que a fermosa e xove poetisa Pura Vázquez recitou dos seus poemas líricos nun galego encantador, porque o rexistrei nas miñas cintas, e producía bágoas nos ollos da xente que o ouviu. Pero nós non choramos na festa de cumpreanos. Todo o contrario, xa que a cousa non estaba para iso. Alguén trouxera gaitas, as doces e ledas gaitas galegas, e de súpeto eu mesma atopeime aprendendo os pasos da “muiñeira”, que é moi semellante a unha xiga irlandesa. As criadas xuntáronse a nós tamén e bailaron a muiñeira mellor que calquera, agás Colmeiro que a aprendera na súa aldea.

Cantou moita xente ante o meu pequeno micrófono, e un xove escritor chamado Ferreiro, que tiña grandes bigotes e semellaba Vercingétorix, colleu unha bandexa de lata e cantou un “alalá” galego; unha daquelas cancións nostáxicas, na que unha podía ouvir aínda os ritmos do deserto do Norte de Africa. ¡Ninguén podía adiviñar, ouvindo este “alalá”, que Ferreiro se acompañaba a si mesmo cunha bandexa en troque da tradicional “pandereta”!

Outro escritor chamado Cesó aseguroume que el sabía unha canción que nunca fora rexistrada en disco ou cinta, que a cantaría para min e que sería un acontecemento histórico. Pero Paco, que actuaba de Mestre de cerimonia, sinalou friamente que Cesó bebera demasiada xenebra e Moaña e que a canción non saíra ben; de tódolos xeitos, non saíu tan mal como dicía. Esta observación provocou unha aceda disputa céltica, que, sen embargo, non evitou que Cesó cantase a súa canción; fíxoo, de feito, fóra de ton e do micrófono, porque se abaneaba dunha banda a outra ao cantar, afastando ás veces del o micrófono con xesto histriónico que non mellorou a calidade do rexistro.

Nunha pausa (probablemente nos últimos momentos). Paco manifestou que nos xuntaríamos de novo en Santiago de Compostela o 25 de xullo. ¡Ah!, exclamei, “vostede quere dicir o día do Santo. ¿Írán todos en peregrinaxe entón?”.

“Si”, dixo Cesó, “pero a nosa peregrinaxe, a peregrinaxe dos Galeguistas, é en honra de Rosalía de Castro. Vostede sempre atopará a tódolos verdadeiros galegos da provincia en Santiago nese día, tódolos galegos verdadeiros, ¿non é así, Paco?”.

“Faltan aínda dúas semanas para o 25 de xullo”, fixen notar. ¿A onde me suxiren vostedes que vaia no entanto?”. “¡A ver aos nosos amigos de Ourense!”, indicou Paco sen o dubidar un mo-

mento. “Escribireille unha carta de presentación para Ferro Cou-selo de contado... unha magnífica persoa, inda que un algo fe-mente, pero el amosaralle a vostede cousas de gran beleza. Al-gúns dos mellores arqueólogos de Galicia atópanse en Ourense, e os mosteiros máis belos tamén”.

“E as máis suculentas empanadas”, engadiu Cesó. “Non se es-queza de comer empanada de angula en Ourense, será unha ex-periencia inesquecible. As súas empanadas de lamprea son case igualmente famosas, e a súa sopa de abades tamén, pero isto só se fai en ocasións moi especiais”.¹

“Fágalle unha visita ao meu amigo o escultor Faílde, por favor”, murmurou Colmeiro coa súa voz aguda. “E só un obreiro corren-te, socialmente... pero é un gran artista, e o único representante vivo da escola románica”.

MOSTEIROS ADMIRABLES NOS ARREDORES DE OURENSE

Un dos lustrabotas mozos que frecuentaban o Bar Celta, ora en procura de clientes, con mirada rachada e inquisitorial aos nosos zapatos, ou como cliente asiduo dirixíndose con farfallería ao mostrador, non só levou a miña equipaxe á estación, senón que fixo cola case media hora para me tirar o billete a Ourense. De boa gana me acompañaría deica o tren ata me deixar alí instala-da, se non fose que bateu cun grupo de alporizados maleteiros, os dereitos dos cales estaba a infrinxir. O lustrabotas ficou de pé na porta, abalou a cabeza e botoulles unha ollada fixa e altanei-ra; pero cando o rodearon outros en maior número, como ban-dada de pardais en procura do mesmo anaco de pan, botouse un algo cara a atrás, encolleu os ombreiros cun aceno de resignación forzada, colocou coidadosamente a equipaxe aos pés que diante del batían o chan con rabia, desexoume un “buen viaje”, retirou-se cunha reverencia chea de dignidade e desapareceu entré o babel do vestíbulo da estación.

O tren (único daquel momento) era ancho, denegrido, e tan alto que os viaxeiros para subir a el tiñan que facer as mesmas contorsións como se estivesen a montar unha fileira de elefantes no Zoolóxico. Unha case agardaba que a máquina fose denteguei-ra. Era pesada e poderosa e resopraba fortemente como se se pre-parase para unha carreira de maratón; pero isto non pasaba de ser unha ilusión, igual que o seu alucinante nome de “rápido”.

O meu compartimento estaba cheo de xente acenante e leda, para a que a viaxe era orixe de deleite discursivo, polo menos du-rante as dúas primeiras horas. Agás un rapaz serio duns quince anos, todas eran mulleres. Dúas sentadas fronte a min formaban un contraste de negro e cor de rosa. A vestida de negro era fraca e de cara seria, e as súas calosas mans penduraban a un lado sen gracia algunha, como embarazadas porque non tiñan nada que facer; contaría uns corenta anos, ou quizais só trinta (as mulleres envellecen prematuramente en Galicia), mentres que a irmá emi-grante que estaba ao seu carón era grosa e de faciana satisfeita, enfundada no seu apertado e inaxeitado (para unha viaxe en Es-paña por ferrocarril) vestido de cor de rosa. O seu cabelo dun negro azul era rizado, e as súas pulidas mans inmovilizadas polo

peso das sortellas nos dedos curtos e grosos como unha vivinte fibela sobre o ventre que o duro corsé non podía reprimir. Vivía en Cuba, e esta era a súa primeira visita á casa despois de deza-seis anos de ausencia. Resultaba doado adiviñar polas olladas, divertidas e arrepiantes a un tempo, que de vez en vez botaba ás súas compañeiras de viaxe, que despois de tantos anos esquecé-rase das condicións e costumes do país. Sentíase inferior á irmá que non saíra da casa; parecía como se ámbalas dúas estivesen de acordo en que non podía ser doutro xeito. A súa rixidez, non obs-tante, era puramente física e forzada por mor do corsé que a obri-gaba a estar sentada sen se poder dobrar.

Xa que estou a falar de corsés, cousa que non terei ocasión de traer a coma de novo, penso que debo mencionar o máis extraor-dinario exemplar desta prenda que vin, e que posiblemente verei, e que fascinou á señora procedente de Cuba case tanto como a min. Levábao unha moza aldeá da montaña que subiu ao tren coa súa filliña nun lugar antes da cidade catedralicia de Tui. Era unha criatura espelourada e con rouca desleixada que nunca via-xara en tren e que amosaba unha mestura estraña de acañamen-to e familiaridade, que unha asocia correntemente con tódalas cousas salvaxes. Foinos mirando a todos, un por un, a través dos guedellos graxentos dun cabelo que medio cubrían os seus ollos, igual que un can terrier do condado de York; pero o vestido e as sortellas da señora cubana remataron por lle interesar máis que todo, e tamén a pel de raposo prateado que, pese á calor, a seño-ra mantiña dobrada sobre os xeonllos. Finalmente, incapaz de re-sistir por máis tempo, a moza, que polo seu porte podería con-fundirse cunha xitana, inclinouse para adiante e, mirando á sorprendida señora cubana con ollos cobizosos, borboriñoulle con voz rouca: “Por favor, señora, ¿podo coller a súa pel un mo-mento? A señora cubana asentíu con bo humor, e a rústica mu-ller colleu a pel nas súas tremelantes mans, apertouna suavemen-te contra a súa cara, tendeu-na despois sobre a súa sala e acariñouna tan amorosamente como se estivese viva. Os seus ollos guindaron peculiares relumbres dun despertar súpeto de envexa e sensuali-dade. A neniña non amosou interese algún nela. Estaba estatica-mente embebida pola novidade da viaxe, as vibracións do tren e a paisaxe que pasaba ante os seus ollos demasiado rápidamente, pese á lentitude do tren.

Dirixíanse soamente a unha estación máis arriba, e canelo o tren aminorou a marcha ao se achegar á estación onde ían baixar, a rapaza comezou a recoller o estraño surtido de petates que com-pañan a súa equipaxe, de debaixo dos asentos e das pendurantes rediñas de enriba. A nai púxose de pé e devolveulle á señora cu-bana a preciosa pel cun profundo suspiro. A cubana colleuna con lixeiro sorriso de burla. Probablemente sabía o moito que descen-dera nos últimos anos o valor das peles de raposo prateado no mercado, inda que para a aldeá representaba o “summum” do luxo, incapaz de se atinxir. Unha vez que a muller abandonou a pel, volveu, sen embargo, a súa cara con resolución e os seus olos volvéronse inexpresivos de novo. Agora encarouse coa irmá da cubana, coa que tería algo máis en común, e erguendo a saia por riba dos xeonllos, pediulle se sería tan amable de “abrochar o corsé”. Realmente non tiña necesidade de erguer a saia por riba

do medio da perna para que se vira esta abraiante prenda, pois encerraba á muller como se fose unha barxa de castidade. Parecía estar feita de lona con variñas de óso, agulletado todo ata o busto. Cando os broches de embaixo se ceibaban resultaba certamente imposible agulletalos á que a levaba. A señora cubana cubriu a faciana coa ensortellada man e volveuse cara á fiestriña tentando en valuto de afogar a risa; no entanto, a súa irmá procedía solemnemente a atender á montañesa, que nos desexou un “buen viaje” antes de saír, non sen antes dedicarlle unha ollada ás escondidas á pel de raposo.

O tren avanzaba de vagar, rozando ao pasar pólas de eucaliptos, a través dun ancho val de viñedos onde os accios de uvas estaban aínda tan apertados que, ao miralos, producían un tosto acedo na boca. Tiña medio pensado interromper a viaxe en Tui, cidade noutrora famosa pola erudición dos seus bispos e polas frecuentes batallas que alí tiveron lugar entre españois e portugueses. Tui ten dúas catedrais: San Bartolomeu no chan, que din ser a catedral máis antiga de Galicia e a do século XII no outeiro, flanqueada por dúas sólidas torres arreadas. San Telmo, o patrón dos pescadores, naceu en Tui. Dáse por sabido que se presenta aos mariñeiros en perigo coa forma dunha luz que os leva seguros a porto. Tamén me dixen que os adobíos das molduras de San Bartolomeu son moi semellantes aos da catedral de Lincoln; pero isto, debo confesalo, non foi o que me atraía cara a Tui. Antes de saír de Inglaterra, lera nun libro sobre Galicia escrito hai trinta anos que Tui fora fundado polos gregos, e que aínda era posible ollar mostrar de loita grega alí. ¡Mostras de loita grega nas beiras do Miño dentro das antigas murallas dunha cidade medieval eminente, protexida por San Telmo, e custodiada polas fantasmas de bispos cosmopolitas e moi civilizados! Iso valería a pena de interromper a viaxe; pero, ¡ai!, as miñas ilusións románticas foron bruscamente disipadas por Paco, quen me asegurou que nunca houbera liortas gregas en Tui, nin aínda hai trinta anos, e que eu debería ler algún conto de viaxeiro mítico que non tiña fundamento algún. Sentínme tan chasqueada que decidín pasar de longo e contentarme con albiscar ao lonxe Tui desde o tren.

De Tui en adiante seguimos o curso do Miño, atrincheirado por outeiros que tiñan os cumes rodeados por luminosas nubes que se reflexaban no río pola banda de Galicia soamente; pola banda portuguesa estaba empurpurado coa sombra escura das montañas. O tren pasaba frecuentemente por lugares que a penas parecían habitados; ollamos un castelo cuberto de edra en Salvaterra, atravesamos piñeirais ata as Neves, onde o Miño se estreita para caer en gran cadoiro antes de desaparecer na volta dunha montaña cónica. Volvimos atopar o Miño en Ribadavia, desde onde tanto o val como o río van ancheándose ata Ourense. A Ourense albiscámolo ao lonxe, apachocado e branco como roupa tendida posta a enxoiar nas abas dos distantes cotarelos.

Hai uns ben coñecidos versos españois que din:

*“Tres cosas hay en Orense
que no las hay en España,
El Santo Cristo, y el puente
y la Burga hirviendo el agua”.*

Unha destas tres marabillas locais pódese ollar ao se achegar o tren. E o “Puente Mayor”, unha ponte romana que foi moi reparada nos séculos XVII e XIX; a ponte máis bela de España, cos seus doce arcos reflexados nas acougadas augas do Miño.

En Ourense, un autobús da estación, pequeno e sobrecargado, que tiña só unha ducia de asentos destinados aos que máis empurraban por seren máis fortes, e cunha cabida de vinte de pé para os derrotados na loita por subir, deborcoume na rúa principal; no centro de dúas opostas correntes de ledos paseantes que andaban de arriba a abaixo collidos de ganchete como se estivesen nunha “alameda”.

Os poucos hotéis de Ourense estaban cheos, debido á presenza de delegados que asistían a un Congreso de Prehistoria; pero, ao cabo, atopei unha habitación no terceiro piso do Hotel Miño, a onde subín nun deses ascensores que están sempre ás escuras, vagamente ameazadores, con portas de ferro resistentes traballadas, nos pisos, que parecen para que ninguén fuxa dos anchos e sombrizos corredores fronte dos cales te deixan cun gruñido de desgana.

Os hotéis ourensáns ocupan soamente un piso destas casas de apartamentos; é dicir, as habitacións están todas nun piso, e as comidas sérvense no restaurante á beira do café, na planta de abaixo. Introducíronme nun cuarto inmenso de teito alto que me fixo lembrar o meu fogar de Kensington, polo que me cobrarían trinta pesetas por noite, segundo me dixo o arrichado homiño, abaixo no escritorio; pero reduciu o prezo a vintecinco pesetas tan axiña como descubriu a quen ía dirixida a miña carta de presentación.

Comecei por saír, para entregar esta carta antes das dúas, cando, segundo costume española, principiaba a se servir a comida, pois estaba ansiosa de coñecer a alguén en Ourense para que me acompañase. Podía, xa que logo, dirixirme á catedral para ver o “Santo Cristo” -a primeira marabilla de Ourense-, soa e sen ser amocada. O meu libro-guía pollería darme un bosquejo da súa historia, e calquera maceiro me abriría, con moito gusto, a porta da capela; pero preferín agardar que me presentasen a El os seus bos amigos amantes da arte, que falarían de El con coñecemento íntimo e agarimo. Os libros-guía son útiles, pero fríos.

Pasei dunha pequena praza a outra, pois Ourense está construído sobre un declive e formado con “plazuelas” de tódalas formas e tamaños, que estaba decidida a explorar tan axiña como me fose posible. Desgraciadamente, Don Ferro non vivía en ningunha destas románticas “plazuelas”. Vivía nunha aburrída e clara rúa que a penas estaba integrada na cidade (tan lonxe se atopaba das fontes e das prazas); e peor aínda, vivía no desvariado remate dela, onde as casas foran construídas con grandes espacios mal coidados que as afastaban, e onde vendedores de froita, en absurdos grupos de tres ou catro, anicrados no beiril da beirarrúa, ofrecíanlle froita verde ao raro transeúnte. Cando un descarreirado camión pasaba, as casas, a rúa e os vendedores de froita escusábanse á vista, tras un acorante redemuíño de pó branco; cada vez que xurdían dunha destas experiencias, parecían un pouco máis brancos, máis rafados e un algo máis indefinidos que antes. Ao final dunha inexorablemente rectilínea

milla, batín coa casa de Don Ferro, e subín traballosamente as moi brunidas escaleiras ata o seu apartamento; pero soamente estaba na casa a “muchacha” facendo a comida, así que entrei no cuarto de traballo do seu amo para lle escribir unha nota e deixarlle a carta de Paco. Non había autobuses, e xa que logo tampouco taxis, e a rúa parecía aínda máis soidosa que antes. Os vendedores de froita, coa súa triste inmovilidade, parecían observar silencio por algunha misteriosa conmemoración dos seus mortos. Preto do centro de Ourense, un xardineiro regaba un precioso oasis con barandiñas, no que figuraban palmeiras, adelfas e camelias; del erguíase un vapor de picante recendo de xungla, tan forte como incenso de agradecida e ampeante terra. Unha case ouvía ao sol tratando de queimar as tellas dos tellados a través do intenso ceo azul. Arriba, no meu cuarto do hotel, cansa de máis para ter ganas de xantar, deixei caer nun leito no lugar escuro e fresco onde pecharan coidadosamente as persianas para non deixar entrar o sol. As dúas moscas que revoaban sobre a colcha axiña se cansaron do seu ruidoso amolar, e pararon a durmiñar na parede riba da miña cabeza. De súpeto, a calor en suspenso da tarde de verán rachouse bruscamente polo son do teléfono, e a afogada voz do cabaleiro barbudo da centralita anuncioume que Don Ferro agardábame abaixo.

Os arqueólogos de Ourense parecían constituír un grupo activo, como xa eu fora informada. Esta opinión confirmeina cando baixei e vin a Don Ferro en persoa, e ao colega que trouxera con el, Don Xoaquín. Estes dous eruditos e encantadores cabaleiros, ningún dos cales pasaba dos corenta anos, formaban un contraste gracioso. Don Ferro era pequeno, solemne, moi áxil (tanto física como mentalmente), claro, inda que rudo, no seu xeito de falar, e restrinxido nos seus moitos entusiasmos; o maior de todos consistía en descifrar petroglifos. Mentres Don Ferro tiña unha cabeza de forma triangular e un cabelo castaño reacio ao peixe, Don Xoaquín era dolococéfal e o seu cabelo era ondeado, negro e brillante. Don Xoaquín era alto, de cara de machado, e moi expresivo nos seus entusiasmos; especializouse no estudio dos “castros”, nunca saía sen unha cámara fotográfica e unha fita de medir; e xamais ía por un carreiro ou camiño, se podía atopar un outeiro ou un bicaño, canto máis pendente e máis torta a caída da outra banda mellor. Descubrín estes simpáticos rasgos máis tarde, pero neste primeiro momento do noso coñecemento Don Ferro e Don Xoaquín eran cerimoniais, con toda intención, e tiñan unha présa frenética. Don Ferro non despilfarrou palabras; decantándose de seguida, despois dun rápido follear á carta de presentación de Paco, de que eu estaba interesada, e con coñecemento das cousas nas que el era un experto, deume présa para que saíse do hotel, e atravesando a rúa explicoume de camiño que xa ía sendo tarde para asistir á derradeira sesión do Congreso Prehistórico que se celebraba no Casino.

Un casino español (clarexo isto para aqueles que só coñecen as institucións francesas de tal nome) é un edificio respectable onde non se xoga diñeiro. Vén ser unha “Salle des Fêtes”, con certas variacións locais. No Ourense estudioso, o Casino está dotado dunha biblioteca e un sombrizo salón de lectura baixo unha cúpula de cristal de cores, onde os cabaleiros (que semellan da

época eduardina) con anteollos e levando traxes dun negro brillante, séntanse en cadeiras de alto encosto ollando con ollo crítico os xornais estendidos nunha mesa cuberta de baeta verde. A primeira vista sorprende que os xornais sexan do día, pero así é. Os cabaleiros de máis idade fixan neles unha hipnótica mirada inclinando os seus grandes narices aquilinos sobre os mesmos, como insectos merodeadores a través das súas trompas. Os casinos máis pequenos de cidades de menos importancia, non teñen esta austera aura intelectual. Frecuéntanos homes que xogan ao billar e ás cartas, algunhas veces na compañía do crego local cando este é sociable e o bastante comprensivo.

O Congreso de Prehistoria desenvolvía a súa última sesión nunha sala fóra da rotonda, onde case podía ouvirse o que se dicía desde a mesa de lectura antes citada. Nós deslizámonos por detrás dos vellos cabaleiros e sentámonos no centro da sala, xusto a tempo para que nos entregasen un par de diagramas aos que o orador se referira evidentemente antes da nosa chegada; teño que confesar que significaban pouca cousa para min, pese a que os escudriñei durante o que me pareceu un breve intervalo, antes de líos pasar ao meu máis achegado veciño. O anxeioso homiño que mos dera ao chegar botoume unha ollada de dúbida e tiven a desagradable impresión de que estivera mirándoos ao revés.

Durante a subseguinte longa alocución dun crego sobre os debuxos de covas prehistóricas das illas canarias, botei discretamente unha ollada á augusta reunión de arqueólogos e prehistoriadores. Estabamos sentados no medio dunha semiescuridade, porque as persianas, debido á calor, mantiñanse un algo pechadas. Uns cincuenta delegados, todos de media idade, asistían á conferencia; e a atmosfera, feblemente arrecendida, vibraba co rumbiar lento que unha ouviu algunhas veces nas covas prehistóricas cheas de morcegos. Tanto o cheiro como o rumbiar procedían das mulleres dos delegados, quen movían suavemente os abanos no fondo da sala, mirando con impaciencia o reloxo de parede; porque o Congreso remataría indo en automóviles en caravana a un sonado “castro” das aforas de Ourense, dirixida polo igualmente famoso prehistoriador ourensán Señor Cuevillas: un nobre cabaleiro de cabeza branca que escoitaba indulxentemente no seu asento a variedade de papeis que se lían, dun xeito máis ou menos lúgubre, desde unha plataforma tan afundida na sombra como o púlpito dunha igrexa románica.

O Congreso fora organizado en Madrid por un Instituto Cultural, que contaba para tal fin co grupo de Ourense; pero este pouco puido facer nunha viaxe de dez días que abranguía non só Galicia senón Portugal tamén, con lixeiras visitas aos “castros”, cronlechs, túmulos e lugares da Idade de Bronce.

A lectura dos papeis rematouse, e cando o presidente se preparaba para o discurso de clausura, un portugués falangeiro embarcou nunha discusión sobre petroglifos. Don Ferro, que ata entón estivera sentado no beiril da súa cadeira, amosando aparentemente pouco interese, sentouse agora comodamente fitando ao arqueólogo que destemidamente comezara a falar do seu tópico favorito; pero axiña principiou a amosar signos de impaciencia, despois de rechineira e finalmente de desprezo. Aos pou-

cos minutos, incapaz de se conter por máis tempo, ergueu unha man imperiosa pedindo a palabra para intervir e refutar os argumentos expostos polo seu colega. O presidente saíu da súa benévola apatía, mirou con sobresalto o reloxo cando viu a Don Ferro coa man ergueita e a faciana enrubrada e tremente, botou unha ollada aos delegados como pedíndolles perdón (especialmente ás súas mulleres), murmurou algo ao efecto de que o tempo decorría, e coa cabeza deulle o seu asentimento a Don Ferro. Este, que xa estaba de pé, argüiu que a data de certos petroglifos estaba lonxe de ser prehistórica, como se crera, e crían aínda os arqueólogos presentes; sostiña, e en realidade podía probarse, que non databan máis alá da Idade Media.

Esta bomba produciu un abraiante silencio na douta reunión. “Podo probar o que digo”, engadiu Don Ferro inexorable, “en realidade veño de rematar unha monografía sobre iso. Desgraciadamente deixei tódolos meus documentos na casa e sen eles non podo entrar en detalles, pero, se vostedes queren, podo ir procuralos á casa”. Aínda eu mesma me espantei ante esta suxerencia, porque eu sabía mellor que calquera dos delegados presentes o lonxe que Don Ferro vivía. O desacougo xeral e os murmurios de disconformidade producidos pola suxerencia de Don Ferro envalentonou ao presidente para tomar unha actitude firme. “Temo que o tempo non o permita”, dixo cortesmente, “porque, como vostedes saben, irnos ir ao castro de Barbantes, que eu sei que tódolos delegados aquí presentes están moi desexosos de visitar, e desde alí partirán en automóbil para Santiago; así que, aínda que deamos por rematada a sesión agora, é improbable que poidan chegar a Santiago antes das tres ou catro da mañá. Pero estou seguro de que todos estamos grandemente abrigados a Don Ferro pola súa interesantísima suxestión, e teño a certeza de falar por tódolos presentes cando digo que estamos desexando con verdadeira ansiedade a publicación da súa monografía”. Sentouse Don Ferro despois destas manifestacións de cumprimento, e todos guindaron un respiro de alivio.

Uns minutos máis tarde rematou o Congreso, e os delegados baixaron rapidamente a escaleira de pedra, pasando xunto ao vedraño cabaleiro que seguía a ler imperturbable na rotonda, e méteronse nos automóviles da caravana: Don Ferro presentoume, afusquinadamente, a un dos delegados, ao Doutor Recaman, de Fisterra, quen me dixo que estaría encantado de me amosar un “castro” moi interesante nesta parte do mundo; despois empaquetáronme no auto presidencial que ía á fronte da caravana, na compañía do Sr. Cuevillas, Don Ferro e Don Xoaquín.

Inda que o noso auto estaba obrigado a ir amosando o camiño, fumos demasiado de présa polas costas enriba e embaixo das tortas estradas das aforas de Ourense, e cando chegamos ao “castro” estabamos completamente sós. Sen embargo, ninguén parecía estar inquedo. Nós os catro baixámonos do coche e subimos un outeiro cuberto de toxo, a través dos restos exteriores da cidade fortaleza agora reducida a unha parede baixa de bloques de granito duns tres pés de altura, construída sobre unha beira circular do céspede. Don Xoaquín non estivera alí arriba desde había tres anos, e viu que as dúas grandes lousas de granito que formarían a entrada principal do “castro” leváranas os aldeáns, quen

botan man de tódalas pedras soltas que atopan para construír as súas propias vivendas. Dentro deste cerrado hai os cimentos de pequenas casas circulares duns dous pés de alto por cinco de ancho, moi preto uns dos outros, e non como os círculos de chouzas de Gales.

O Sr. Cuevillas, xa entrado en anos, sentouse nun poio para mirar as nubes de pó que a caravana dos delegados erguía no val, cando uns coches ían agora á dereita e logo á esquerda, procurando como tolos o “castro”. Atopárono por un casual, e os delegados chegaron bufando, seguidos a pouca distancia polas súas mulleres, que estaban máis interesadas na fermosura da paisaxe que se albiscaba desde o cume que das pedras que, aos seus pés, inspiraban a Don Xoaquín coa súa elocuencia. No camiño de regreso a Ourense sinalounos co dedo varias trincheiras, informándonos, cun fanático brillo nos ollos, que estaba seguro de que se trataba de “castros”, pero como non dispuñan de fondos para facer escavacións extras aquela tempada, terían que agardar.

Voltamos a Ourense (agás os delegados do Congreso, que nos deixaron nun cruce de estradas para seguir a Santiago en frenética carreira) no suave solpor, invadido de xente; viña ser unha repetición da escena do mediodía nas rúas principais, na que os máis podentes e de media idade parolan animadamente ante o aperitivo nas terrazas dos cafés que beirean a rúa, e a mocidade, menos podente, pasea por este, timándose entre eles e elas. Por algún acordo tácito, este grupo compacto de peatóns debeu conseguir que o tránsito de vehículos se desviase, para poderen disfrutar do paseo sen que os amolase. O noso auto parou con coitado para nos deixar nunha rúa veciña, e seguiu despois para levar ao Sr. Cuevillas á súa casa. O vedraño e ilustrado cabaleiro non saíra do seu estudio había meses, e esta súpeta exposición ao ar libre descompúxo. Colleu un resfrío e tivo que se meter no leito, así que non o volví ver durante o resto da miña estada.

O pequeno Don Ferro andou por entre a multitude na rúa principal coa cabeza moi botada para tras, mirando ao lonxe no ceo. A seguido baixouna para ollar o seu reloxo, e advertiu: “Aínda é cedo. Que lles parece se imos ao Museo?”. “Moi ben”, asentiu Don Xoaquín, “vostede ten a chave”. “Entón mostrárelle a biblioteca onde pode traballar nas entardecidas se o desexa”, dixo Don Ferro cortesmente; “aquela será un lugar máis tranquilo que o seu hotel”. Dinlle as gracias de todo corazón, porque era moi amable da súa parte ao me suxerir que o pazo episcopal do século XIII, onde estaba o Museo, se abrise para unha senlleira estranxeira que ía de paso. Pero ¿como lle podía decir que non tiña a intención de estar prisioneira durante os agradables seráns cando todos andaban fóra entre “Burgas” e “plazuelas”, ás que só lles botara unha ollada de pasada, e das que me sentía anxeiosa de disfrutar ao meu gusto? A miña opinión confirmouse cando, cruzando a Praza Maior, pasamos os banzos que conducen á barroca fachada de Santa María Madre, como lle chaman á catedral de Ourense, para o pazo fortaleza situado nun recanto. Dentro, a grandeza solemne dos altos muros destácase polas máis perfectas e graciosas fiestras románicas que poden ollarse en toda Galicia; pero estas non abundan para facer do Museo un lugar no que se pechar durante a tardiña.

Na alta sala do piso baixo, a flebe luz dunha illada lámpada eléctrica guindaba unha case escuridade doentía sobre as figuras debuzadas dos cabaleiros e abades das igrexas e mosteiros veciños alí reunidos. No medio destas figuras de armaduras e mitra con facianas amesquiñadas pola idade e de quedos brazos cruzados, había unha colección de piares dos “castros” veciños con interesantes variacións do tema da esvástica gravado nas súas bases. Algunhas destas pedras, díxome Don Xoaquín, foron empregadas na construción de igrexas parroquiai, e non é incorrente atopar fustes de columnas nas igrexas campesiñas descansando sobre as pedras dos cimentos dos “castros” adyacentes cunha esvástica característica en relevo.

As toscas cabezas e torsos de pedra atopados nalgúns dos “castros” maiores foron colocados nunca pequena cambra enriba duns estreitos banzos, onde comeza unha sala semellante a unha cripta. É certo, ao noso parecer, que deberan manterse á parte cunha perturbadora brutalidade, porque estes moucos rabuñazos no granito non son absolutamente esculturas. Teñen contornos faciais escasamente discernibles, e os seus rasgos están tan distorsionados como os dun retrato surrealista. Quizais ámbalas dúas categorías de artistas, de épocas tan distanciadas, viviron en idades cun factor común, polo menos a brutalidade. Estas deidades ou gardiáns dos “castros” parecen ameazar, malévola e inexorablemente, entre as diferentes esvásticas, metade menhires, metade monstros, como produto dunha época de holocaustos e ritos de maxia selvaxes.

Foi como un alivio o saír de alí para entrar na atmosfera inocente dunha sala adxacente, reservada para exposicións temporais; nela batín cunha pequena colección de esculturas contemporáneas de granito de Faílde. ¡Canta razón tiña Colmeiro cando lle chamou “un sobrevivinte moderno da escola románica de arte!”. Estas figuras son semellantes ás dos pórticos das igrexas románicas en toda Galicia, mesmo (nun xeito máis ou menos íntimo) ás meirandes de todas, as estatuas do Pórtico da Gloria de Santiago. As figuras de Faílde son, xa que logo, máis pequenas, máis humildes e máis parroquiai; son o traballo dunha man rústica e dunha mente imbuída de fe sinxela, pero é a mesma clase de fe ditosa que inspirou ao Mestre Mateo do Pórtico. A “Sagrada Familia” de Faílde é realmente unha familia unida por vencellos de afección profunda e de comprensión, e unha familia moi galega; traballadora, concienzuda e de rexa vontade, na que María está representada realisticamente como un tipo de muller sensible e eficiente, e Xosé amosa firmeza de carácter. O Neno Xesús e os querubíns asomados sobre os calvarios de Faílde, son positivamente besbellizos, “rapaciños” galegos idealizados. O seu “Peregrino axeonllado”, inclinado, cos ollos pechos e as mans cruzadas con mansedume perante o invisible inda que evidentemente presente altar da súa devoción, abrangue aos peregrinos de tódolos tempos e de tódolos credos, vibrando de amor e humildade. Quizais é un algo máis que un simple peregrino; é a cristalización da procura do peregrino levada a cabo polo camiño que conduce á santidad. As neniñas xogando ó redor da anguriada nai preto deste peregrino, eran as irmás de granito das que eu vira pregando na Colexiata de Baiona: metade esmolantes, metade

anxos, un pouco serias de máis para estaren despreocupadas de todo, pero aínda non marcadas polas mágoas dos anos adultos, dos cales a soidosa nai tiña profundos sucos.

Atopei a Faílde ao seguinte día nun inaxeitado obradoiro, no que a luz solar entraba demasiado forte para a forma na que a elle gustaba traballar. É un xove obreiro fisicamente rexo de serea face, de aparencia de corazón e de mans deformadas e barudas. “A xente di sempre que as miñas figuras semellan santos, pero eu conscientemente non me esforzo en facelas dese xeito”, afirmou-me. A penas había sitio onde se revolver entre os cruceiros e “rapaciños” a medio rematar. “Debes procurar un local máis amplo”, díxolle Don Xoaquín gravemente. “De seguro que te podes permitir facelo, pois a túa derradeira exposición en Buenos Aires foi un grande éxito”. “Si, foi; máis que a miña exposición en Madrid”, retrucou Faílde cun suspiro. “Algunha xente di que non estou suficientemente adulterado para a capital”. Don Xoaquín mirouno alarmado pódolle unha firme pero garimosa man no ombreiro. “¡Por Deus, Faílde, agardo que non penses en cambiar de estilo!”. Faílde sorriu con sorriso inxenuo, con goíños nas meixelas semellantes a un dos seus propios “rapaciños”. “Non perda coidado, Don Xoaquín”, díxolle suavemente, “ieu non podo cambiar o meu corazón!”.

Don Xoaquín presentoume a Don Eleuterio, e xuntos discutiron gravemente sobre como poderían levarme ás veciñas igrexas e mosteiros polos cales é sonada a provincia de Ourense. Don Eleuterio, pese ao seu nome romántico, vírase forzado polas duras realidades da vida e unha familia que manter, a abandonar a literatura e a arqueoloxía pola dedicación a mercar e vender gando vacún. Foi, sen embargo, gracias a estas actividades, que nos puido facilitar unha camioneta para nos levar ata a igrexa de San Pedro de Rocas situada nun outeiro. Un autobús pasaba por Celanova, feito que, polo tanto, non presentaba problema algún; verbo de Oseira (aínda distante, pero xa non a salvaxe soidade que deu lugar ao seu nome), Don Xoaquín pensaba convencer a un madrileño da súa amizade, que tiña conexión cunha empresa de transportes local para nos levar e traérmonos. El mesmo sentiría o pracer e a oportunidade de volver visitar aqueles lugares, pois, segundo el, ningún membro do seu pequeno grupo de estudiosos podía permitirse o luxo de ter un automóbil.

Esta conversa produciuse no xardín dunha “tasca”, fóra das estreitas e costentas rúas que chegan arriba e saen da rúa Sotelo ata a rede de “plazuelas”, que son o único feitizo de Ourense; porque os progresistas forasteiros vidos de Madrid e do sur reemprazaron os vellos edificios por modernas casas de pisos para estableceren os seus negocios. (Soía haber aquí, na Idade Media, unha comunidade xudía rica, así como en Ribadavia, Monforte e Caldelas. Díxose que Spinoza era descendente dunha familia xudía de Ourense). Poco queda do Ourense antigo, agás no estraño recanto dunha amorriada “plazuela” co seu grupo sombrizo de figueiras e magnolios. Algunhas destas “plazuelas” máis vedrañas están rodeadas de casas baixas con beirados sobresaíntes, e lados protexidos dos fustregazos das chuvias do inverno por apertadas fileiras de tellas verticais. A Praza da Fonte dos Coiros está dominada por unha fonte alta con tres ringleiras de piletas de pedra la-

brada, que lle fan parecer un enorme froiteiro xeorxiano (parece máis o traballo dun prateiro que dun escultor), que pertence lexitimamente ao mosteiro de Oseira. Nesta “plaza” tamén está a casa señorial dos condes de Troncera, mentres que na Praza de San Francisco, a máis amorriada e bela de todas, un pequeno e ledado gaiteiro de pedra forma a repisa do arco na entrada dun convento. É un dos máis alegres gaiteiros que coñezo (moito menos ríxido que o solemne gaiteiro en Beverley Minster, que se asemella extraordinariamente a Charles Laughton).

Hai outra bela fonte do século XVI, dos saqueados claustros de Oseira, no fermoso xardín do Posío ao oeste da cidade, máis alá da igrexa da Trindade, cun beiril de pedra de plateresco labrado. Unha das últimas adicións a este xardín é un busto e unha placa en memoria do famoso poeta ourensán Carvajal. Don Eleuterio contoume como e cando foi descuberto tres anos antes, e que ao solicitar do Sr. Otero Pedrayo que pronunciase un discurso, as autoridades pedíronlle que o fixese en castelán, pois, como xa dixeran, o emprego do galego estaba prohibido en toda manifestación pública. O Sr. Otero Pedrayo refugou aceptar a invitación, a non ser que lle permitisen pronunciar o discurso na súa lingua, e, ao cabo, as autoridades accederon á súa lexítima demanda. ¡Sería ridículo louvar a un poeta tipicamente galego no idioma de Castela!

Desde o xardín do Posío, co seu delicado recendo de flores recentemente regadas, baixamos ata as célebres fontes de auga quente de Ourense, as Burgas, o manantío das cales crese popularmente que nace aos pés do Santo Cristo na catedral. Hai tres Burgas, coñecidas respectivamente como as fontes alta, baixa e central. Nas Burgas máis baixas a auga sae a unha temperatura entre 66 e 70 graos dunha fonte neoclásica, na cal moitas amas de casa lavan os seus pratos e cubertos. Adoitaban pelar aves e destripar peixe tamén nela, pero isto prohibiuse. Nun nicho á beira das Burgas centrais, mantense fermosamente rodeada de flores pola xente da parroquia, unha atraente estatuíña de Nosa Señora do Carme. Os adobíos florais pónenllos cando celebran a súa festa do Carme o 15 de agosto, ocasión na que tódalas rúas do barrio locen colgadas, e desfila a procesión dentro dos límites do propio barrio.

Pola tarde Don Ferro xuntouse a nós para visitar a catedral, a única en España dedicada a San Martiño de Tours, que converteu ao seu fundador, o rei suevo Charriarico, ao cristianismo. Todo o que queda da basílica orixinal son as catro pequenas columnas brancas a ámbolos lados da fachada oriental, consideradas como as pedras máis antigas de Ourense, agás as lápidas votivas romanas das ninfas das Burgas.

Estivemos a facer tempo na praza da Magdalena, fronte á entrada da fachada norte, agradando a que rematase o culto da tarde, Don Ferro entrou ás caladas na catedral para ver quen dirixía o servizo, e saíu de novo de contado abalando a cabeza: “Temo que a cousa dure algún tempo”, dixo, “porque correspóndelle hoxe ao Padre Filipe e gústalle tomar o seu. É moi apaixonado da liturxia e recita tódalas oracións sen deixar unha. Algúns atópano histriónico de máis, outros considéranlo insignificante. Eu remataba de escoitalo rezando a Salve tan dramaticamente como se depen-

dese diso a súa entrada no Paraíso. ¡Un pensaría que tiña un conxunto de anxos e de arcanxos ao seu redor, en troque pequenísima e indiferente congregación de enrugadas solteironas e vellos gotosos sen outra cousa que facer pola tarde que ir á igrexa! Coido que el nin se decatara da súa existencia. Trátase dun vello que camiña pola rúa eslombado e con fatiga, dando a sensación de ser xa octoxenario. Pero tan axiña como entra na catedral, transfórmase. Érguese, levanta a cabeza e vai cara ao altar cos ollos brillantes como se..., ben, ié evidente que ten o convencemento de que se achega a Deus!”.

O Padre Filipe vive enfronte da catedral, nunha das máis fermosas casas da Praza da Magdalena. Residiu durante moitos anos en Guatemala, e agora divide o tempo entre os seus libros (dise que posúe unha das mellores bibliotecas de España) e os seus servizos na catedral.

O corpo principal fiesta data da primeira metade do século XIII, inda que o altar maior foi consagrado no 1149. O sinxelo e ben proporcionado interior é famoso pola súa copia polícroma do Pórtico da Gloria, que foi esculpida polo mesmo tempo que a obra do Mestre Mateo; pero ¡que ríxidas e sen vida as figuras en comparación coas de Compostela!

O retábulo do altar maior é un dos máis ricamente adobiosos do rococó en Galicia. Cada unha das escenas da vida de Noso Señor, alí representadas, vén ser unha composición nun afastado escenario semellante ao dun teatro enfeitado con galas de encaixe de ouro para unha función real na Opera.

Tras do altar, fronte á porta da sacristía, hai uns delicados relevos en prata do século XIII representando escenas da historia de Santa Eufemia, unha santa local da que se conservan as cinzas na catedral. No primeiro cadro a xove mártir permanece de pé tremelante ante os seus perseguidores pagáns, mentres un anxo aparece arriba entre as nubes para protexela. No segundo relevo, á esquerda, unha pastora indícalle ao seu pai, por signos, amudecida de abraio, que vira como unha man celestial. (A man, segundo a tradición, sinalaba onde foran soterrados os restos de Santa Eufemia).

Entre os interesantes sartegos da catedral está, á esquerda do altar maior, o do erudito bacharel Alonso González, de Padrón, datado no 1440, que figura descansando a súa cabeza e pés sobre pías de libros; enfronte está o sartego do bispo Lorenzo, que fixo construír a catedral orixinal, con anxos levando a súa alma ao ceo en forma dunha diminuta e espida figura mitrada; e no cruceiro do sur atópase a fermosa tumba do século XIV, do bispo Vasco Pérez Mariño, de Fisterra, que trouxo á catedral a sonada imaxe do Santo Cristo. O sartego foi aberto hai trinta e cinco anos, e dise que o corpo do bispo está aínda intacto, e que nin a súa branca mitra nin os seus zapatos se desintegraron.

Moitos ósos humanos xacen debaixo do chan da catedral; os máis deles sen identificar. Velaí o porqué: Recentemente chegou unha orde do Ministerio do Interior mandando que os ósos de cerco xeneral soterrado na catedral de Ourense fosen remesados a Madrid a pedido dos descendentes do mesmo en América do Sur; os arqueólogos locais que non tiñan a menor idea de onde podían estar os ósos, ergueron rapidamente unha das lousas do

chan e enviaron a primeira morea de ósos humanos que atoparon. Poucos días máis tarde recibíuse outro oficio, este do Ministerio de Información, no que se dicía que os ósos deberan remesarillos a el, e non ao do Interior que non quería entregarllos. Moi servicialmente, os arqueólogos volveron á catedral, ergueron unha segunda lousa, e mandáronlle os ósos que atoparon debaixo ao Ministerio de Información. En troque da calurosa carta de agradecemento que agardaban polas súas molestias, recibiron, case a volta de correo, unha carta indignada na que expresaban a sorpresa de que se non tomasen fotografías da cerimonia de traslado dos restos na catedral; pois non cabía dúbida de que serían moi apreciadas pola familia do xeneral. Por terceira vez, os arqueólogos dirixíronse a toda presa á basílica, onde ergueron unha nova lousa e se fixeron retratar ao redor da buqueira coas caras solemnes que o caso requiría. O fotógrafo revelou a placa de contado para que se puidese escribir ao día seguinte unha carta de desculpa ao Ministerio, laiándose de que, por un esquecemento involuntario, inon se incluía a fotografía no paquete dos ósos! Desde aquela non se soubo máis do asunto, e os arqueólogos chufáanse de que todos, ao cabo, quedaron satisfeitos.

Hai dúas imaxes interesantes de Cristo crucificado na catedral de Ourense: Unha do Cristo dos Desamparados na Capela da Anunciación, á dereita do altar maior, que é marcadamente de carácter bizantino. A outra, do Santo Cristo traído de Fisterra, atribuída a Nicodemo, e que, segundo se di, foi atopada aboiando sobre as ondas (o mesmo que unha efixie semellante que se conserva na catedral de Burgos). Trátase do compañeiro do “Cristo da barba dourada”, de Fisterra que se lle atribúe tamén a Nicodemo, e emparentado espiritualmente coa imaxe do “Tempietto” da catedral de Lucca en Italia. Este “Tempietto”, ou capela, construíuse no 1484 para conter o “Volto Santo”, ou Face Sagra, como se lle chama á imaxe. Crese que foi comezada por Nicodemo, e rematada despois por obra do milagre. Dise que “per vultum de Lucca” era un dos xuramentos favoritos de Guillermo Rufus. Estas efixies atormentadas, secañas e de longo cabelo, poden ter todas unha orixe bizantina, sendo modificadas a través das idades; particularmente ao final do século XIII ou comezos do XIV, durante a era gótica, canelo se procuraba a meirande intensidade dramática na representación relixiosa. O Santo Cristo amosa sinais de que foi restaurado varias veces.

O Cristo está atobado tras unha cortina de veludo púrpura, no centro dunha capela con moitos adobíos dourados construída por Juan de Herrera a finais do século XVI, baixo un arco triunfal de querubíns e follateira dourados. Como observou Don Ferro, “podíamos moi ben estar entrando nun templo indio”. Cando a cortina de veludo se corre e se amosa o Santo Cristo, coa súa masa de cabelo humano de cor castaña, barba e bigote (varias veces encargáronlle pelucas durante o século XVIII), case escusada de cheo a faciana anguriada e enfraquecida, véñense nos de contado á memoria tres palabras, imaxes: icono, ídolo, momia. Icono, quizás pula evidente influencia bizantina; ídolo, polas galas de enfeite que o rodean; e momia, en fin, díxoseme que polo seu intenso realismo o Santo Cristo fora tomado a miúdo por unha verdadeira momia.

O tronco da imaxe está cuberto de coiro e lenzo forte, emboutados cunha capa de pintura; unha profunda e aberta fenda representa a ferida no lado, na cal se atopou unha esteira frebosa como se fose barazo. Segundo a lenda foi algunha vez reliquia, demudada ata que asumiu unha aparencia case gótica. Os brazos, que nun tempo foron articulados, están agora envoltos bandas de lenzo.

Un grande número de “posesos” (probablemente epilépticos) adoitaban ir ao Santo Cristo para se curar. Aínda hoxe as nais traen os seus fillos á capela para lles tirar o mal (“botarlle fóra o meigallo”, é a expresión galega para iso). Din os historiadores que ao Santo Cristo non se lle achacaron moitos milagres, pero a doncela do Hotel Miño aseguroume, moi confidencialmente, que calquera cousa que se lle pida concédea; e ela representa a “vox populi” que sostivo a reputación da imaxe a través dos tempos.

A teimosa atribución popular destes Cristos bizantinos (os dous de Ourense e o da “barba dourada” de Fisterra) a Nicodemo, parece significar que se supoñen dunha semellanza real; posiblemente puideron copiarse do Sagro Sudario de Turín, prototipo dos iconos bizantinos, e a única verdadeira semellanza de Noso Señor que posuímos (ver “*The True Likeness*”, “*A verdadeira semellanza*”, de R.Y. Hynek, editorial Sheel & Ward. 1951).

O viaxeiro inglés que visitou o mosteiro de Oseira hai corenta anos e describiu a viaxe desde Ourense como se fose unha fatigosa andadura a través dos Rockies Canadianos, esaxerou, ao meu ver, a distancia, aínda entón. Subimos ata alí en coche moi doadamente, e pensamos que aquilo non parecía demasiado inhospitalar. É verdade que a nosa visita se produciu nos meses de verán; o pándigo monxe bieito mexicano que nos serviu de guía asegurounos que era moi diferente no inverno, cando a chuvia que cae a mans cheas pola banda da montaña alaga os claustros. Os sinais de humidade non se borran en todo o ano, e resulta angurioso ollar como se vai derramando a estrutura da bela igrexa conventual. As famosas columnas enrodeladas da sacristía, que é unha das partes máis orixinais do mosteiro, volvéronse dun verde vivo pola humidade.

Este mosteiro cisterciense fundouno Alfonso VIII no 1037, e un dos seus primeiros frades foi San Famiano, nativo da Alemania, que fixo moitos milagres. Os monxes de Oseira tiveron dereitos noutrora sobre toda a pesca en Vigo, e axiña o mosteiro se fixo un dos máis ricos de España, pese a que a doazón orixinal se limitou a catro millas cadradas de terra sen cultivar.

O mosteiro de Oseira, encarrapitado na alta meseta verde entre montes sen arboredo foi chamado “el Escorial de Galicia”. A súa severidade clásica e o seu afastamento xustifican case a comparación; pero agora é unha triste ruína, e os frades só poden habitar unha das ás. As outras celas e salóns están abertos a tódolos ventos e inclemencias do tempo. Como nos dixó o monxe mexicano, el e os seus compañeiros “í viven nun reducido recanto dunha enorme caixa!”.

A fermosa fachada renacemento está aínda en bo estado, non obstante. O gran baixorrelevo entre as dúas enrodeladas columnas á esquerda da entrada, representa un episodio da vida de San

Rosendo. O santo deitouse para durmir nun lugar afastado e un anxo revoou sobre el levando comida nunha cesta; pero o demo está tamén alí, tanguendo unha campa para evitar que o santo poida ouvir a voz do anxo, e non poder así alimentarse. O baixorrelevo á dereita representa o Nadal de Xesucristo. Tras de San Xosé está un touro que parece moi impaciente por atinxir o presebe, mentres nos chanzos de pedra que conducen a este aparece a garrida figura dun guerreiro vestido ao estilo da época de Carlos II de España (1665-1700), con ancha gola de encaixe, calzas axustadas e cabelo ondeado.

A igrexa conventual, cun gracioso rosetón en forma de abano, construída na última década do século XVI, contén a famosa imaxe bizantina da Virxe do Leite. Tamén penetrou aquí a humidade, e as columnas dun verde mar están sempre monadas. Dous novicios mozos subidos a unha escada arrincaban os panascos do pórtico exterior, pero os seus febles esforzos resultaban case infructuosos nun edificio de tan enormes proporcións.

No camposanto, fóra da igrexa, ringleiras de sinxelas moresas de céspede con cruces de madeira indican as campas dos monxes da Orde alí soterrados. Amosáronme unha recente que cubría os restos dun vello monxe turco que tomara os hábitos xa en idade avanzada. Despois do seu pasamento, os irmáns enteiráronse de que era un converso da Igrexa ortodoxa grega, da cal fora bispo.

Os irmáns fan un viño excelente, e mesmo champaña, dos cales déronnos a proba antes de nos marchar, con abundancia de máis para os nosos estómagos baleiros.

O mosteiro de Celanova, trinta millas ao sur de Ourense, e só a unhas poucas da fronteira portuguesa, ofrece un completo contraste co de Oseira: é tan suntuoso e rexio, como o de Oseira é austero e monástico.

Na estrada parámonos para ver o Pazo de Botrazos, residencia da antiga familia dos condes de Torremuzquiez. Agora está abandonado. Os pisos son de nogueira e na cociña hai un moble chamado “escano” que é típico das vellas casas do noroeste de España. Semella máis ben un longo banco de madeira, como de igrexa, e está colocado fronte ao fogar, con espacio para se sentar unhas dez persoas e quentar os pés. Hai unha táboa ancha engonzada detrás, que se ergue ás horas dos xantares e serve de mesa de comedor. Isto soa a cousa moderna, pero realmente desaparecen case das casas galegas de hoxe.

Tamén no camiño de Celanova está a pequena igrexa da Virxe do Cristal, que ten un miúdo crucifixo, do máis orixinal e delicado, entre as súas reliquias. Un poeta local do século XIX que naceu en Celanova e emigrou a Cuba máis tarde, Manuel Cueros Enríquez, inmortalizou a súa lenda en verso.

Celanova é pouco máis que unha aldea. Nos primeiros tempos do mosteiro non había casas, e cando se construíron non se permitiron máis que as dun piso só, pois os monxes non querían que ningunha edificación da súa veciñanza atinxise maior altura que o das fiestras do seu establecemento.

O mosteiro foi fundado no ano 939 por San Rosendo, bispo de Mondoñedo e Santiago; pero o edificio presente comezouse no 1545 e rematouse no século XVIII. A súa suntuosidade dé-

beselle ao feito de que Felipe V, ao se retirar á vida monástica, elixiu a Celanova como residencia.

O meu abraio aumentou cando pasei baixo a espléndida fachada, e despois de claustro en claustro para entrar na magnífica igrexa, considerada como unha das máis fermosas de toda a península. Soamente podoo comparar os meus sentimentos á sensación que a unha lle produciría ao se atopar de súpeto cunha copia exacta da catedral de San Paulo nunha escura aldea inglesa.

O primeiro claustro é alto e barroco, con pesados balcóns no primeiro piso e medallóns esculpídos coas cabezas dos reis debaixo do piso. As gárgolas de enriba fanse patentes particularmente no inverno, segundo me dixeron, cando os chorros de auga das súas bocas de demo esbochan sen parar ao vento, como se os monstros de pedra estivesen empeñados nunha xusta tola. O segundo claustro ten as Tiñas sinxelas e puras do século XVI; pero ningún leste dos claustros ofrece unha atmosfera relixiosa. Parecen máis ben agradables deambulatorios proxectados para eruditos epicúreos. O derradeiro abade de Celanova foi un conde de Bande, marqués da Torre de Sande e capelán real. A Orde xa-mais voltou, despois do seu espaxamento no século XIX.

Algunhas das celas máis altas convertéronse en dormitorios para orfos, pero hai lugar para moitos máis. Todo aquí, desde as anchas escaleiras de pedra e balaustradas ata as celas e corredores, se concibiu a unha escala grandiosa. O xeneral Franco acababa de visitar recentemente Celanova, e parece que quedou abraiado ao atopar semellante magnífico edificio en tan remoto recanto da provincia.

A igrexa, construída en estilo dórico, é tan grande e solemne como unha catedral, cunha fermosa cúpula, tres anchas naves e admirables cadeiras de coro de nogueira talladas, representando escenas da vida de San Rosendo, San Bieito e varias lendas relixiosas. Nunha, un ladrón foxe a cabalo cunha bolsa de riquezas que leva triunfante sobre a cabeza, mentres outra amosa un mono a cabalo.

Os dous sartegos á beira do altar maior conteñen os corpos de San Torcuato, que foi discípulo de Santiago, e de San Rosendo. Tras leste altar están os sartegos que conteñen os corpos da nai e irmá de San Rosendo, Ilduara e Adosina; ao redor do altar hai unha serie de cadros en baixorrelevo de alabastro con cores delicadas, representando escenas da vida de Xesucristo. O douro altar barroco rematouse no 1680 por Melchor de Velasco y Agüero. Na parte máis baixa da nave, na entrada para o coro, hai dúas portas xigantes enfeitadas con estatuas polícromas de San Pedro e San Paulo, que teñen uns ollos brillantes que se chantan nunha cando as portas se abren de golpe.

Entre as moitas e preciosas reliquias de San Rosendo, na sacristía, figuran un cáliz de marfil sobre unha bandexa bizantina, a empuñadura tallada dun báculo, a súa mitra e aneis. Hai tamén varias caveiras que se di ser de santos, das que a máis venerada é a de San Torcuato, que está á beira do seu corazón osificado, e unha magnífica colección de casulas.

Sobre a ancha escaleira de pedra exterior hai un teito con traballo de estalactita semellante á da Alhambra, que parece com-

pletamente mourisca; pero aínda máis mourisca en carácter é a capela do século X no xardín do mosteiro; a mozárabe ermida de San Miguel, onde San Rosendo misou, segundo se di. ¡Que diferente é do predominante pazo que está detrás! Esta modesta capela mozárabe é unha lección de humildade, que parece pasou desapercibida para os constructores dos séculos posteriores. A capela de San Miguel é de forma rectangular e ten só cincuenta pés de longo, cun pequeno cruceiro e unha ábside cadrada. Dentro, hai tres pequenas cambras abertas entre si, a través de arcos de ferradura sen columnas nin adobíos de ningunha clase entre elas.

Outra igrexa moi interesante, con arcos de ferradura, pode atoparse preto de Celanova, despois de dúas horas de automóbil cara ao sur: Santa Comba de Bande, dun estilo visigótico raro. Esta singular igrexiña está dividida en tres seccións, unha sobre outra, igual que as tres escaleiras, cada unha cun faldón de tellado de tellas vermellas.

Ao leste de Ourense, no cume dun outeiro que domina as escarpadas beiras do río Sil, atopeime co mellor exemplar de estilo gótico altamente enfeitado de toda Galicia: San Estevo de Ribas do Sil. Ningunha outra situación de mosteiro en Galicia pode compararse coa grandeza soidosa do profundo val e altos riscos que foron baleirados para facer celas de ermitaños durante a Idade Media. Este mosteiro, o mesmo que o de Oseira, está a se deixar derrubar en trágica desfeita, e moitas das súas pedras leváronnas para as empregar nas casas veciñas.

Un encostado carreiro a través dun souto de castiñeiros conduce á meseta onde está o mosteiro, precedida por unha praza cun alto cruceiro de pedra debaixo das árbores. Todo o piso baixo do mosteiro está construído con estilo románico, pero os dous máis altos pertencen aos comezos do século XVI. Abatido nun recanto debaixo do arco da entrada principal, un carro de labranza en desuso, e á dereita do Claustro dos Bispos todo está crebado entre espiños. A parte máis alta do mosteiro é unha marabilla gótica de moitos adobíos con estribeiras, sinxelas na súa base, que rematan moi ornadas sobre unha fumosa cornixa plateresca con admirables gárgolas que sobrancean a intervalos regulares.

Nun tempo houbo unha escola florecente de pintores e escultores nos recintos de San Estevo, pero agora cérnese sobre o lugar unha fría asolación. Baixo as fraguías barranqueiras, o río Sil decorre, imperturbable, ante os cruces de correntes metafísicas na mente dos homes.

Sobre outro altorelo, igualmente sagro nos anais de Galicia, o monte Barverón, construíuse no penedo natural un dos máis antigos monumentos (probablemente visigótico) da arte cristiá na provincia. Trátase da pequena igrexa e mosteiro de San Pedro de Rocas, situado a doce millas ao sueste de Ourense sobre o lugar de Esgos.

Tres capelas en fila baleiradas no penedo, forman as tres naves desta extraordinaria igrexa semellante a unha cripta, de doce iardas de longo por seis de ancho. A entrada de cada unha destas capelas en forma de cova está formada por un arco semicircular, sobre o cal o cume do precipicio se ergue como fachada natural.

Dúas aberturas baixas no interior unen as tres capelas entre si. Os arcos e o interior están decorados con sinxelas molduras do século XII. A roca, por enriba, forma unha especie de tosca bóveda semellante a un barrelo, e un furado redondo feito no centro deste, deixa pasar unha feble raiola de luz dentro da igrexa, desde o curuto do penedo.

Nos nichos dos lados, no exterior da igrexa, hai dous sarteiros de pedra con figuras debruzadas, que portan mantos agullados sobre un ombreiro, e unha pequena coroa. Dentro, unha pedra gravada coa data 573 despois de X.C., dá os nomes de seis ermitaños que alí se retiraban para rematar os seus días pregando e en meditación.

O pequeno mosteiro veciño da igrexa, no exterior do penedo, está en desfeita. No xardín valado, construído nunha prominencia, hai, baixo del, seis bancos de pedra estreitos cunha sepultura baleira no centro. Non está de todo claro o propósito co que se fixeron, o que confundiu tristemente a Don Xoaquín que antes non se decatara deles.

Ao baixar ao val atopamos un vello mendicante todo enrugado, con faciana de falcón e de feiticeiro, a quen Don Xoaquín calificou como un “nubeiro”. Cando lle preguntamos que quería dicir con iso, explicounos que nas aldeas recuadas da montaña, moi fóra da influencia sofisticada da cidade de Ourense, aínda se pode atopar un “nubeiro” ou dous illados, que teñen sona de acalmar as treboadas e espaxar as’ nubes que ameazan chuvia. Cando teñen malas intencións ou xenreira contra os veciños, os “nubeiros” válense do seu poder para provocar treboadas e grandes chuvias, e que nese caso teñen que ser esconxurados polo crego. Os “nubeiros” son sempre varóns; son polo común esmolantes tolos que andan errantes polas estradas, e que se di que perderon o siso “cando estudiaban nas escolas de San Patricio”.

Os “nubeiros” teñen dous xeitos de subir ata as nubes que desexan gobernar. Un deles chámase “porvoriña”. Nese caso fan unha morea de po seco e mexan nel. Érguese unha pequena nube entón, e o “nubeiro” sobe nela. No segundo xeito, chamado “fumeiro”, o “nubeiro” íspese, enlía as súas roupas, fai unha fogueira no burato dunha teipa, e daquela sobe co fume. Os “nubeiros” están sempre obrigados a descargar as súas nubes de chuvia cando son escorunxados por un crego, e correntemente pregúntanlle a este a onde lle gustaría que levasen a súa carga; o crego debe ter coidado de nomear un lugar no que non se faga dano ou prexuízo a ningunha propiedade. Algunhas veces, cando o “nubeiro” ten que baixar a terra polo esconxuro, aparece en forma de esqueleto ou de anano. Algúns “nubeiros” esixen un sinal como garante de que foron esconxurados. Ese sinal é un zapato, que lles guinda ou lles dá o crego.

Crese que as campás da igrexa son tamén efectivas contra os “nubeiros”. (Atopeime cunha crenza semellante non Píreos franceses). En Ourense, ata hai moi pouco, durante todo o verán, despois de que as campás grandes da catedral tanguesen ao mediodía, facíase soar unha campá pequena chamada o “tantarulo” para esconxurar as treboadas. Tamén se vendían certas fórmulas con oracións especiais contra as treboadas, en impresos.

Durante as tronadas invócase a Santa Bárbara, guíndanse ao aire pelotas de cera bendecida contra os “nubeiros” e acéndense velas especiais nos fogares dos aldeáns supersticiosos.

FESTAS EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Era avantada a tarde do 23 de xullo; os altorelos de Moaña eran escuras sombras baixo un vapor carmín que alagaba o ceo ata o seu borde azul celeste. Unhas poucas gaivotas voaban preguizosamente sobre un mar plúmbeo, listado con tremelantes discos dourados e brillos de cobalto, como advertencia para nos lembrar que a ría de Vigo é profunda e ten moito que agachar. O tesouro mexicano pode estar aínda entre os apodrecidos baos de antigos galeóns, naquelas profundidades non sondaadas. Ninguén tencionou seriamente recobrar os lingotes botados pola borda polo capitán español ao voltar das Indias no 1702, cos ingleses tras el. Os ingleses afirman que levaron un millón de libras, pese ao alixo. Esta información recóllea a Enciclopedia Británica, onde todos poden ollala. ¿Pero que pasou cos outros millóns de ducados de ouro que, renarteiramente, esquecen mencionar? ¡Isto é o que me agradaría saber!

Ninguén se amosou aínda activo con tódolos marabillosos inventos dos que agora dispomos, para localizar metais correntes e preciosos. ¿Que hai sobre o radar e a televisión submarina? Que eu saiba, ningunha desas excitantes invencións foi probada na ría viguesa ou nalgunha outra parte desta “Costa Sinistra”, como a chamou o xeógrafo mouro Mohammed el Idrisi no seu “Recreo para beneficio dos que desexan percorre-lo mundo”, escrito para Roger, de Sicilia, no 1153 máis ou menos. ¡E canto e que ricaz botín pirático debeu de se abandonar nas cazas e refregas que se produciron nestas oreas!

Aqueles discos dourados aboindo sobre un mar plúmbeo constitúen un encirramento para sondar baixo os brillos de cobalto. Din algúns que os grandes tesouros foron, nun tempo, tirados do fondo e levados á catedral de Lugo. ¿Por que Lugo?, e ¿que fixeron cos ducados despois de todo? ¡Ouro! O pobo de Galicia foi alimentado con tales historias desde a súa infancia, pero raramente atopan algo; só uns miúdos grans de vez en cando nalgúns ríos. Suponse que os romanos viñeron aquí á procura do ouro. Eles déronlle o nome a Ourense, polo evasivo metal; uns poucos magníficos torques e brazaletes quedan dos tempos dos reis visigodos, así que algo debe haber de verdade en todo iso. Esparexuse a lenda, no século XIX, de que os túmulos e “castros” estaban forrados de ouro, e por iso os paisanos pasaban noites enteiras cavando febrilmente (e despois os lugares con dano para os arqueólogos do futuro), pero non atoparon ouro ningún. Así que agora, se alguén suxire pescudas en procura de ouro nas “rías”, só baten con risos desdeñosos, e dinlle que prefiren ollar outravolta o brillo de prata das sardiñas; porque esa é a fortuna que adoitan atopar nas “rías”, e que agora os elude.

Era o 23 de xullo, e o vapor carmín enchía o ceo, esluíndo as voces en ecos distantes, facendo danzar faunas incorpóreas diante dos nosos ollos, facéndonos sentir estrañamente arrincados do mundo exterior. Pero non había ningún mundo exterior. Había

soamente Galicia e as “rías” co mar fundido nelas, que xa non era auga vulgar senón unha substancia máxica cargada dun estraño poder que borra o paso do tempo.

Aquela entardecida Paco chamou á porta do anexo residencial do Bar Celta, e díxome que era tempo de que nos formos a Santiago de Compostela. Con el viña un home pequeno e magro, tan mouro coma unha folla de árbore en outono. Tiña un nome vasco, Maiztegui, pero a súa nai era galega, e aínda que nacerá na Arxentina e falaba o castelán no ceceo desleixado de Buenos Aires, sentíase moi a gusto na verde Galicia entre as “rías” neboentas. Era compositor, e en Buenos Aires dirixiu un coro galego (os galegos fundan coros onde queira que van). Xa que logo, eu non sabía todo isto cando abrín a porta e vin a Paco e a Maiztegui alí de pé. Só vin que era mourán e sentíame dubidosa ante o feito de que Paco viñese a me procurar vintecatiro horas antes do que me dixera. Non obstante, cando o vapor carmín enche o ceo das “rías” hai que prescindir do factor tempo, que se eslué na paisaxe e se fai insignificante. Realmente non me sorprendín. “¿Pode estar lista dentro de media hora?”, preguntoume Paco. Non me explicou porque estaba alí un día antes do que me dixera, e sería inútil preguntarllo. Estaba alí naquel momento, e evidentemente determinado a ir a Santiago tan axiña como fose posible.

Metín un pouco de roupa nunha maleta, collín a miña cinta magnetofónica, e dinme présa en pagar a conta despois de razoar un algo coa “viuda” do Bar Celta, que refugou aceptar pago algún polo cuarto que ocupara desde a tarde e tiña reservado para aquela noite. Ademais, ía coidar da miña equipaxe mentres estivese en Santiago e nas “rías” do norte. ¡E que aínda teñan os galegos sona de cobizosos.

Subimos ao tren das seis para Santiago, e acomodámonos para contemplar o efecto do solpor sobre a “ría”, co semblante sereo daqueles para quen o mundo externo vén ser unha cousa que mirar e escoitar impasiblemente desde lonxe. Deslizámonos preguiceiramente ao longo da beira da badía, facendo unha pequena parada en Redondela que está construída nas marxes dunha corrente de auga que decorre por baixo dunha vella ponte para chegar a un pequeno porto cheo de brillantes barcas de pesca (un recanto que inspirou a Southey cando pasou por alí camiño de Lisboa). Redondela parecía atraente, aínda que non era o tempo axeitado para estar alí. Paco, que é unha autoridade no que se refina a bailes galegos, convenceume de que debiamos facer aquel camiño de novo pola Pascua de Pentecostés, cando a xesta está en flor e as “Penlas” saen a danzar polas rúas da naquel momento ensinada vila; onde as mulleres levaban as aves ao mercado en cestas planas que se bamboleaban sobre as súas cabezas igual que enormes niños, cheos de desordenadas plumas con feros ollos cargados de xenreira.

“Penlas” é o nome que se lles dá ás nenas, entre os sete e os once anos, que acostumaban vestirse con galas especiais para a festa patrocinada pola irmandade dos panadeiros. Levan gorros adobiados con fitas, faldas e blusas de brillantes cores, e ramos de flores suxeitos con alfinetes no seu peito. Todas levan consigo un asubío de prata. Pola mañá levan unha longa faixa branca, e pola tarde cámbiana por unha vermella. As “Penlas” van na

procesión sobre os ombreiros das “Burras”, as mulleres máis barudas de Redondela; comezan por facer unha reverencia inclinándose perante a imaxe da Virxe que vai á fronte da procesión, e logo, mentres as “Burras” van e veñen facendo reverencias e danzando como xigantes zoupóns, as “Penlas” executan movementos cos seus braciños, e arrandéanse dunha banda a outra, igual que as princesas mitolóxicas dunha danza nos templos do afastado oriente.

Os ollos de Maiztegui brillaron ao botarlle unha mirada á “ría”, que o noso vagacento tren ía rodeando gradualmente despois do grato serpe entre os outeiros. El non escoitaba a nosa conversa; sorría para si, e nós decatámonos de que o seu pensamento e o seu sentir estaban a se transformar en harmonías musicais. A súa Sinfonía de Galicia comezou a coller forma na viaxe a Santiago naquela magnífica entardecida de verán, cando o mesmísimo ar que alentabamos estaba cheo de ledicia; onde queira que parabamos, e facíámolo frecuentemente, ouviamos sons de voces rindo feliz e alegremente.

Rolamos vagariñamente por unha ancha meseta, co azul do Pico Sacro sobranceando á esquerda e un círculo de cotarelos borrentos situados entre os verdes pregues da terca e o ceo vermellón; sobre o arredado horizonte, no centro da meseta, erguíase un curuto cuberto de pedras que brillaban como chuvia. Desde lonxe parecían estar como apiñoadas; cando chegamos máis preto, as pedras transformáronse en cubos e rombos tremelantes, diamantes e círculos, e logo, de súpeto, estas formas estrañas abandonaron toda pretensión decidindo amosársenos como o que eran: estáticos tellados de casas, igrexas e conventos dunha cidade. Pero non era unha cidade comente. As dúas torres xémeas da catedral erguéndose cara ao ceo, confirmábano. Por moi humildemente que Santiago puidese chegar aquí, primeiro por barca desde Palestina, despois en carro de bois desde Iria Flavia, a posteridade esforzouse en facer este lugar de peregrinaxe, rival das grandezas de Roma e da sona de Xerusalén. As torres son dunha exuberancia tropical. Pero hoxe en día toda esta grandeza parece va. Moita foi esquecida.

Mesmo a historia de como Santiago foi traído a Galicia despois do seu pasamento, esqueceuna a maior parte da xente de fóra de España, e, non obstante, é un relato interesante. Contarémola aquí, sucintamente, para aqueles que non a coñecen.

A tradición atribúelle a Santiago a conversión de España ao cristianismo, uns poucos anos despois da morte de Noso Señor; a Santiago o Maior, filio de Zebedeo e Salomé, irmán de San Xoán, curmán de Xesucristo, e que foi pescador. Dise que embarcou con destino descoñecido tres anos despois da Ascensión; por un casual chegou a Iria Flavia (hoxe Padrón) en Galicia, na compañía de varios discípulos. Fundou algunhas igrexas en España, volveu a Palestina vía Zaragoza e Andalucía, e foi martirizado por orde de Herodes Agripa no ano 44 da nosa era, en Joppa. Segundo a lenda, a Nai de Xesucristo acompañouno na súa primeira viaxe, e cóntase que esta é unha das razóns de que o culto Mariano estea tan arraizado en España.

Despois do martirio de Santiago, o seu corpo foi rescatado por dous dos seus discípulos, que o embarcaron no porto de Joppa

e que, guiados por navegantes anxélicos, regresaron a Iria. Aquí desembarcárono e pedíronlle a unha rica viuva chamada Lupa, que vivía no Castro Lupario, un anaco de terreo no que poder soterrar ao seu Mestre. Lupa mandounos a que obtivesen permiso do (probablemente) administrador romano, un home chamado Filotrus, que vivía en Duyo preto de Fisterra. Filotrus, non obstante, perseguiu aos discípulos enviando ás súas tropas tras deles, pero foron salvados milagreiramente ao se derrubar unha ponte entre eles e os seus inimigos.

Os discípulos volveron a se presentar ante Lupa, quen lles ordenou que procurasen unha parella de bois no monte filicino para transportar o corpo do Apóstolo. Camiño da montaña bateron cunha serpe, á que mataron facendo o sinal da cruz sobre ela. Os bois, que eran realmente touros salvaxes, deixáronse xunquir e seguiron aos discípulos tan manseliñamente como se fosen cordeiros. Lupa, ao ollar isto, deulles aos discípulos o anaco de terra que pediran, e converteuse ao cristianismo. Desde aquela, o monte filicino chamouse Pico Sacro.

Os discípulos pousaron o corpo de Santiago nun carro e deixaron aos bois que seguisen a dirección que desexasen. Ao cabo detivéronse ao pé dun “castro”, onde os discípulos soterraron os restos sagros baixo un pequeno oratorio sostido por arcos. Sobre isto construíron unha humilde igrexa de barro e cachote para uso dos cristiáns da vecindade. Dous dos novos conversos, Atanasia e Teodosio, permaneceron en Iria para vixiar o sepulcro, mentres os outros partiron para espaxar o Evanxeo polo resto de España. Cando finaron, estableceuse preto do lugar sagro unha pequena comunidade de doce monxes, presididos polo abade Ildefred.

Durante case oitocentos anos, o corpo de Santiago permaneceu no seu humilde lugar de acougo, esquecido de todos e cuberto de silvas. Despois, no ano 812, no reinado de Carlomagno, algúns “homes de autoridade” visitaron a Teodomiro, bispo de Iria Flavia, para informalo de que ollaran, en varias ocasións, luces estrañas nun bosque veciño, e anxos revoando preto delas. O bispo deuse présa en ir ao lugar, viu as luces cos seus propios ollos e ordenou de contado que se examinase coidadosamente o bosque. Descubríuse axiña un pequeno oratorio cun sartego de mármore entre as árbores. Informouse diso ao rei Afonso II, quen viu ollar en persoa a sepultura. Decidiu de seguida trasladar a sé episcopal de Iria a este lugar sagro, que en adiante levou o nome de Compostela (Campus Stellae). Unha procesión solemne de bispos, cregos, nobres e cidadáns inaugurou a nova cidade que, desde entón, é coñecida como Santiago de Compostela.

Santiago chegou axiña a ser unha das cidades máis célebres da cristiandade. A igrexa primitiva era modesta e pequena de máis para acomodar a tódolos peregrinos que comezaron a vir a moreas á cidade. As esmolos chegaban abondosamente de toda Europa. A gran catedral que hoxe coñecemos encetou a súa construción no 1074, baixo a dirección do bispo Diego Xelmírez, prelado de Santiago, un dos caracteres máis vitais, vertoláns, e tamén cobizosos, na historia galega. Xelmírez foi famoso non só polo celo con que vixiou a construción da catedral, senón polo seu interese pola literatura e as artes. Debeuse a unha orde súa

que se escribise no ano 1100 a *Historia Compostelana*. (Este precioso monumento literario do século XII estivo agachado durante seiscentos anos, ata que llo revelou ao público Flórez na súa *Historia Sagrada*. Considérase tamén a Xelmírez como fundador da Armada española. Tiña un estaleiro establecido en Padrón, que lle ofreceu a carpinteiros de ribeira de Pisa e de Xénova. (¿Estarían os avoengos de Colón entre eles?).

Segundo o testemuño do papa Calixto II, que ten un único manuscrito do século XII, no que figura un miniado de Carlomagno partindo para España, e se conserva nos arquivos da catedral, efectuáronse no lugar sagro as curas máis maravillosas. Os peregrinos cruzaban Europa, cantando os de cada nacionalidade un himno especial, mestura de latín e o idioma propio; e ao chegar a Santiago “cantaban diante do altar con acompañamento de cítara uns, outros co de lira, algúns co do pandeiro, da fruta ou pífano, coa arpa e “crouth” británicos ou galeses... Algúns viaxaban pola súa conta, outros facíanlo pedindo esmola. Algúns arrastran cadeas para mortificar a súa carne, outros (como os gregos) teñen o signo da Cruz nas mans. Algúns traen ferro e chumbo para a construción da basílica do Apóstolo. Moitos, a quen liberou este da cárcere, traen con eles as esposas e os ferrollos das portas da prisión e fan penitencia polos seus pecados”.

Cando os peregrinos chegaban á catedral no século XIII, os que custodiaban o altar e un coengo, estaban de pé con varas nas mans e chamaban por turno aos grupos de romeiros, segundo a súa nacionalidade e a súa propia lingua. Ordenábaselles que se xuntasen ao redor do crego que lles ía conceder as indulxencias que gañaran pola súa peregrinar. Cada peregrino, ao pasar, recibía un forte golpe da vara. Despois de que os peregrinos puñan as súas ofrendas diante do altar, ían adorar a coroa, sombreiro, báculo, coitelo, pedra, e (ata o 1465) aínda o machadiño co que Santiago fora decapitado! Logo, os máis deles ían ata Padrón para ollar o lugar onde o santo corpo fora desembarcado polos seus discípulos. Había, non obstante, moito que facer en Santiago. Tiñan que mercar cunchas para agulletalas aos sombreiros de anchas alas. (Molina explica a razón do por que os peregrinos levaban unha cuncha como insignia de Santiago; era que “certo nobre que desexaba acompañar o corpo do Apóstolo a Galicia, non tendo lugar para el no barco, penetrou no mar a cabalo e chegou así a Iria. Cando saíu da auga, atopouse con que o seu corpo e o do seu cabalo estaban cubertos de cunchas”). A manufactura destas cunchas estaba prohibida fóra de Compostela. Os peregrinos tiñan que mercar tamén imaxes de acibeche de Santiago. Os acibecheiros estiveron en auxe ata o século XVI, e déronlle nome á fachada que conducía á entrada principal da catedral. Esta fachada chámase aínda da Acibechería. Os cambiadores ahondaban, e Purchase dinos nas súas “Peregrinaxes”, ique os peregrinos ingleses eran os que máis se queixaban do dobre negocio dos que se dedicaban a trocar diñeiro!

Nos grandes días de festa a multitude de peregrinos era tan grande, que só as dúas terceiras partes deles acadaban entrar na catedral, pois ata o século XIII non se prohibiu que se botasen a durmir na basílica. Houbo un tempo no que era máis común dicir que “tódolos camiños van a Compostela” que dicir que “tódolos

camiños van a Roma”. Aínda se afirmaba que as estrelas conducían alí, e a Vía Láctea chamábase o “Camiño de Santiago”. (En Norfolk denominábase “O Camiño de Walsingham”, porque o mosteiro poseía unha redoma da que se contaba que contiña unhas poucas pingas do leite da Virxe). Nun dos contos de Daudet, un pastor respóndelle así á pastora que lle preguntara se sabía tódolos nomes das estrelas: “Claro que si... Mira sobre as nosas cabezas: aquilo é o camiño de Santiago. Vai desde Francia dereitamente ata España. Santiago de Galicia trazouno para lle amosar ao valente Carlomagno un camiño, cando guerreaba cos sarracenos”. O camiño que trouxo peregrinos e trovadores desde Francia a través do norte de España á cidade compostelana coñecíase co nome de “el Camino francés”, tiña que ser defendido por cabaleiros soldados de Santiago para mantelo libre de bandidos nunha época de grande fe e de igual ferocidade.

Os peregrinos ingleses a Compostela son moi poucas no presente. O primeiro que se soubo que viñese a Santiago foi Ansgot of Burwell, quen lle escribiu ao bispo de Lincoln, entre 1093 e 1123, falándolle da súa intención de fundar unha abadía en Burwell. Dise que Matilde, filla de Enrique I, trouxera a Reading un dos ósos dos dedos do santo no 1123. Os cruzados ingleses, na súa viaxe a Palestina, pasaban a miúdo por Santiago. Desde 1394 en adiante concedéronlle permisos polos monarcas ingleses aos barcos de carga para levar romeiros. No 1434, corenta e un capitáns de barco recibiron licencia para transportar máis de dous mil peregrinos a Padrón e á Coruña. Despois da Reforma, sen embargo, o seu número decreceu. Como Molina indicou sucintamente: “As reprobadas doutrinas do execrable Lutero minaron afluencia de peregrinos alemáns e de ingleses ricos...”. No 1547 Andrew Goode publicou un dos libros guía para os viaxeiros ingleses no Continente, co título de *The First Book of the Introduction of Knowledge* (“O Primeiro libro de Introducción ao Coñecemento”). Este ex cartuxo e físico fora a Compostela en dúas ocasións, e non cría que o corpo do Apóstolo estivese realmente alí. Poucos anos máis tarde, en Orleáns, atopou a nove escoceses e ingleses embarcados en peregrinaxe e, sendo incapaz de os convencer para que desistisen do seu propósito, uniuse á expedición e fixo a viaxe a Santiago vía Bayona, Biscaia e Castela. “¡Por terra, é a viaxe máis traballosa que un inglés pode elixir!”, di el. “Dez veces máis traballosa que ir a Roma!”.

O símbolo de Santiago, a cuncha, seguiu a ser coidadosamente conservado nas agachadas capelas das familias católicas inglesas; e os nenos dos barrios baixos de Londres adoitaban exhibir alboios de xoguete feitos con cunchas cada 25 de xullo, pedindo “peniques para Santiago”, ata comezos do século XX, iinda que non tiñan idea de quen era!

Mentres estábamos matinando silandeiamente, o noso tren entrou nunha estación grande, moderna e clara. Os cubos danzantes e demais formas estrañas desapareceran. Agora decatámonos de que xamais existiran. Bruscamente, voltamos á realidade. Galicia estivera facéndonos adrolas outra vez cos seus espellismos... A letárxica atmosfera na que deixamos pasar o tempo desde Vigo, transformouse de súpeto na ruidosa confusión dunha desacougada fin de viaxe. Fumos empurrados por unha morea de

viaxeiros agresivos que parecían ter maior número de cóbados que o normal, particularmente duros e puntiagudos no caso; e despois por unha masa resolta de baruda humanidade galega cara a un ridiculamente pequeno autobús, no que desaparecía un increíble número de persoas, con equipaxe e todo. Resultaba imposible que ninguén máis puidese entrar. Paco, xa dentro, dábanos présa. ¡Imos, vós os dous... que cachaceiros sodes!, berrounos desesperado. Maiztegui e eu, de pé na beirarrúa, descendimos das nosas respectivas esferas de matinação. Dubidamos. “Non hai sitio”, retrucámoslle. “¡Si que o hai!”, teimou Paco. Unha man misteriosa deunos un decisivo rempuxón por detrás, e así, coas cabezas botadas cara a diante, abrímonos carriño entre a masa fervente que tiñamos Perante nós sobre estoicos pés que non protestaban.

Pasados cinco minutos dunha viaxe moedora de ósos, chegamos á parte moderna da cidade: a “plaza” coa principal parada de coches de liña, o Hotel Compostela onde os sudamericanos e a xente ben acostuman ir, e os animados cafés onde parece estar sentada a metade de Galicia agardando pola outra metade para irromper en Santiago co gallo das festas do santo.

Resultaba imposible, amolada da viaxe, permanecer por moito tempo nesta leda compañía. Sinxelamente, unha non podía permitirse o luxo. Como tampouco se podía permitir o se preocupar de cousas prácticas, tales como procurar acomodo para a noite (que xa estaba moi avantada). Parecía como se a maioría da xente estivese preparada para non se deitar. Tiñan unha alegría e vitalidade como se lles desen corda para corenta e oito horas, e necesitasen só unha cervexa ou un café de vez en vez para se soste ata a hora de almorzo. Entramos nun Café chamado “Derby” (que, pese ao seu inaxeitado nome, estaba a moitas millas de calquera carreira de cabalos), lugar de reunión dos “galeguistas”. Todo o mundo coñecía a Paco, ata os camareiros que nos aliviaron da nosa equipaxe, facéndoa desaparecer como por encanto. O máis da xente coñecía a Maiztegui tamén, e axiña nos vimos engolfados nun bailareta círculo de “literatos”, pintores, doutores, arquitectos, poetas e historiadores, o número dos cales ía en aumento segundo avantaba a noite, pois cada autobús e cada tren traía uns poucos máis. Non se apertarían con máis agarimo se chegasen de ultramar. Dixéranme que os tempos das “tertulias” remataran; quizais fose así, agás no caso desta magnífica reunión de “galeguistas” en Santiago. Cada quen dos “galeguistas” que entraba no “Derby” estaba empeñado nalgún traballo constructivo, contribuíndo, el ou ela, cun gran de area á perpetuación da cultura galega. A maioría eran mozos e todos tiñan voces de alento e ollos de entusiasmo, agás un ou dous poetas líricos e o pintor Colmeiro, que la sempre acompañado dun sorriso melancólico e compasivo, como se tivese para el só unha comunicación especial da ameazante fin do mundo. Aínda creo que Colmeiro, despois de todo, era feliz co seu xeito céltico de se torturar.

O principal de todos, o máis culto e máis retórico, era o escritor e profesor universitario señor Otero Pedrayo, que sabe falar como un poeta, e, cando quere, escribir como un xeógrafo, xogando con disquisicións eruditas sobre as formacións miocenas e pliocenas cunha facilidade que me enche de envexa. (Sempre

tiven a intención de estudar xeoloxía. ¡As palabras que os xeólogos empregan teñen unha grandeza tan formidable e ao mesmo tempo son tan precisas!). O señor Otero ama as palabras. Saen del en brillante cadoiro, ora en castelán ou en galego. O ensaísta filosófico á súa beira, Ramón Piñeiro, era tan mourán, tranquilo e magro, como o señor era groso, vértola e florido. Acababa de rematar un traballo sobre a “saudade” galega; era un dos “galeguistas” máis entusiastas, e extremadamente activo. O grupo de Coruxo estaba alí tamén, desde a poetisa Pura Vázquez ata os irmáns Blázquez e Ferreiro; e o grupo de Ourense entrou axiña conducido polo señor Ferro, que sempre levaba o enigma dos petroglifos na súa mente preocupada, e nunha gran carteira baixo do brazo. Don Xoaquín, rebordando entusiasmo, veu a me preguntar se estaba interesada en traballos de forxa do século XVIII; viña de descubrir dous preciosos, dixo, a unhas poucas millas de Lugo. Sabía que nas miñas viaxes pasaría preto de alí, e comezou a debuxar un detallado mapa sobre a mesa, antes de que eu tivese tempo de lle advertir que o meu interese nos traballos de forxa do século XVIII era escaso. O mapa quedou a medio rematar, non obstante, debido á súpeta aparición dun home de carácter vivo con barba puntiaguda e mans expresivas que foi de mesa en mesa e saíu despois, meténdose na noite, deixando tras de si un rastro de conversa inacabada. Foime presentado como o señor Castroviejo, escritor, director dun xornal de Santiago, cazador e “bon vivant” (sen ningunha aversión ás mulleres bonitas, borboriñoume alguén ao ouvido). Sorprendinme ao escoitar o seu nome. “¿É vostede por un casual o autor dun artigo sobre a “palloza”, primitiva vivenda da Sena dos Ancares, que apareceu no ABC o pasado maio?”, preguntueille.

“En efecto, el é”, dixo Paco rindo. “El é o único home aquí que coñece os Ancares, a parte máis remota e salvaxe de Galicia; si, non creo que ninguén estivese alí, agás un par de etnógrafos e algúns botánicos. Verdadeiramente aquilo non está preparado para o turismo”.

“¿Desexa realmente ir alí?”, preguntoume o señor Castroviejo, botándolle unha rápida ollada aos meus zapatos de cidade.

“É un dos meus obxectivos en Galicia. Traio o seu artigo comigo xunto aos meus zapatos de montaña”, díxenlle.

“Entón preparareino todo para vostede. Un sudamericano amigo meu mercou un castelo do século XIV nos Ancares...”.

“Todo pola túa culpa”, díxolle Paco en ton de censura ao señor Castroviejo, abaneando a cabeza.

“O meu amigo mandou modernizar o castelo. Nós usámolo como cuartel xeral cando imos de caza no outono, e ten un “jeep”... ámbalas lúas cousas ao seu dispor”, dixo o señor Castroviejo facendo unha graciosa reverencia antes de desaparecer.

“¡Un castelo e un jeep!”, murmurei case sen o crer. “¡Que engaiolador quixotismo! ¿Debo crer no seu ofrecemento?”, preguntueille a Paco. “¿Foi unha verdadeira invitación?”.

“Estou seguro de que así era no momento en que llo dixo”. Paco mirou o seu reloxo. “Iso foi hai dous minutos. Pero agora seguramente o esqueceu”.

Tamén eu o esquecín, pois agora a miña atención estaba concentrada nun interesante recén chegado que era totalmente dife-

rente dos outros; parecía ser máis rústico e ordinario, pero tiña algo que merecía o respecto de tódolos presentes. Aínda para os meus ollos inexpertos, era evidentemente un “gringo”, desde o corte do seu brillante traxe azul noite ata o escintilo do enorme brillante dunha sortella; pero galego despois de todo, pois falaba a súa lingua natal máis doadamente que o castelán, aínda que era lento e tordo de palabra nas súas linguas. Era tan grande e labrusco como unha árbore centenaria dun antigo “pazo”, pasaba dos seis pés de estatura. A cabeza grande, queixada podente e imperiosa e ollos adormecidos cheos de malicia e receo. ¿Un aldeán que fixo fortuna fóra da súa patria? Ben, mellor para el, pero non había niso nada de extraordinario. O que era extraordinario era que un “gringo” como el frecuentase tan distinto círculo de “galeguistas”, e estes parecían recibilo con gusto. Alí estaba Ramón, o filósofo, dándolle pequenas lombeiradas con agarimo. Mesmo o señor Otero, que de tódolos “galeguistas” era o único que amolaba certo ar de “hauter”, conversaba con el satisfeito, e o señor Ferro amosáballe algúns documentos da súa gran carteira. De seguro que ao “gringo” non lle interesaban os petroglifos. Non, xa que logo que non. Miraba a faciana do señor Ferro máis atentamente que aos papeis. Era a face das persoas o que a el lle interesaba. A falta de refinamento e educación que puidese ter era compensada por aqueles ollos renartes con poder de observación (Paco sorriu a través do fume dun cigarro). “Aí ten, para vostede, outro tipo de galego”, sinaloume. “¿Quen pensa vostede que é el? ¿Un estibador? Quizais o seu físico induza a crelo así, pero non as súas roupas...”, non obstante, iso é o que foi nun tempo, hai dezasete anos, cando abandonou Vimianzo en “Bergantiños” para procurar fortuna en ultramar. A súa nai era unha mendicante. Si, de verdade. Agora el é dono da carlea máis importante de garaxes na Arxentina, e é millonario. Vén a Galicia cada tres ou catro anos para se tomar unhas longas vacacións dedicándose á pesca, e cando está aquí xúntase sempre connosco en Santiago polas festas. Pero isto non é toda a historia... Ese home a penas sabe ler e escribir; non tivo escola algunha. Triunfou na vida gracias ás súas fortes mans e aos seus ollos calculadores. É un celta por todo iso, cun respecto celta pola cultura; e aínda cando non tivo ningunha el mesmo, está determinado a axudarlles a aqueles dos seus paisanos que se esforzan en conservar a nosa e propagala entre os galegos de alén do mar. Forma parte dun grupo que en Buenos Aires axuda economicamente aos nosos mellores escritores publicando as súas obras. Vostede xa viu en Vigo cantos dos nosos libros se publicaron alí. Agora os homes de Buenos Aires van subvencionar a edición dunha importante nova Historia de Galicia en varios volumes, e Perfecto foi delegado para obter detalles do custe e pescudas que terán que se facer, e de todo o demais. Ferro vai escribir o volume da Galicia prehistórica, e o señor Otero o da historia medieval... Todos discutimos privadamente sobre a cuestión durante as festas. Así que vostede verá que hai algo máis que simples fogos artificiais nas festas de Santiago.

Tamén eu contemplei agora a Perfecto con respecto amigable. En contraste, Manuel María, o poeta mozo de Lugo, era un tipo de cadro de Manet. Era de feitura lixeira, o seu traxe negro víñalle apertado ao redor das súas pernas de bailarín de ballet, e frouxo sobre os seus ombreiros caídos. O seu mesto bigote en

forma de manillar de bicicleta e grandes patillas non podían agachar a fresca cute dos seus vintecinco anos, e os seus grandes ollos ambarinos deberon causar moitas emocións entre as “luguesas”. Era un home fermoso. Pero tomou a súa poesía a serio e estaba disposto a sufrir. la polas rúas de Santiago coas súas costas fráxiles dobregadas polo peso de emocións aínda non clarexadas e postas en rima. Igual que a meirande parte dos poetas, estaba anxeioso de ler os seus últimos versos, e a súa voz grave e sonora axeitábase ben aos ecos do Santiago vello. Recentemente compuxera uns poemas en galego sobre as campás de Compostela; eran de tal calidade lírica que me dirixín a Paco para lle indicar que me gustaría rexistralos na miña cinta magnetofónica. Manuel aleouse da idea..., pero resultaba tan imposible facelo entre aquel barullo e a confusión do “Derby”. “¿Onde se hospeda?”, preguntoume Manuel. “Iso lémbreme”, dixo Paco saíndo do seu expansionamento, “que non o sabemos. Temos realmente que nos dedicar a procurar acomodo”, e bateu as mans para chamar ao camareiro. Foi esta unha concesión que me

fixo, porque el non usaría a habitación máis de dúas horas naquela noite.

Sáímos do “Derby” e metémonos por unha rúa estreita veciña que conduce dereitamente ao corazón de Santiago; pasamos unha “plazuela” laxeada e unha fonte, ata a Rúa Nova cos seus soportais, e a pequena Santa María Salomé cun pórtico gótico sobranceado na beirarrúa. Metémonos nun soportal para entrar no “Hotel España”, pero non había ningún cuarto desocupado. O propietario, non obstante, coñecía a Paco e aconsellounos que fosemos ao número 2 da mesma rúa, a casa da esquina que dá á de Xelmírez, onde hai unha “viuda” que admite estudantes durante o curso. As habitacións estarían libres agora, se non nos importaba xantar fóra. O número 2 estaba fronte a unha tenda de velas, nas vidreiras da cal se expuñan as producións artísticas que levan os devotos a un santo favorito ou durante as procesións (as máis miúdas para as nenas vestidas de branco que fan a súa primeira comunión): fermosas creacións de cera de cor crema, moi decorativas e case comestibles.

Quince iardas máis embaixo da rúa Xelmírez está a Praza das Praterías e a fachada sur da catedral, e a Torre do Reloxo encetada no 1463 (un dos reloxos foi fabricado en Londres), que contén, segundo din, unha das campás máis fermosas do mundo. Rosalía escribiu sobre ela con moito agarimo. Se atopamos un cuarto no número 2 da Rúa Nova estaremos moi preto lela, en verdade. Tanguemos a campaña e abríuse a porta de seu, chegando a nós un fascinador cheiro vedraño de faiados húmidos e roupas de cama dobradas entre recedentes herbas. A campaña conectaba por medio dunha corda coa núa escaleira de madeira; esta corda subía ata misteriosas alturas, desde onde unha voz entraña berrou: “¿Quién?” Dixemos quen eramos e agardamos a que baixase a “viuda” para que nos ollase. Si, tiña un par de habitacións no segundo piso, porque os estudantes estaban de vacacións. O prezo oficial da habitación, que por orle gubernamental debía estar fixado en tódalas portas dos hoteis ou “pensiones” en España, era de oito pesetas (un chelín e catro peniques) por noite; pero por sermos turistas e estar en festas, pediunos o dobre dese importe.

Sempre desexei estar en Santiago nunha habitación igual a esta (unha cela máis ben), case debaixo da campá grande da catedral. Fixo soar esta a hora como un canonazo no momento no que tomaba posesión do cuarto, facendo mover a casa suave e agradablemente. A miña cela tiña unha pequena cama de ferro, un armario renxente, unha mesa, unha cadeira e un lavabo cun cubo baixo del. Abrín a fiestra e mirei cara á rúa de Xelmírez... unha bocalada de incenso chegou da catedral mesturado coa fresca brisa da noite. Continuaría aquí despois de que as festas rematasen e os “galeguistas” se marchasen, para disfrutar de Santiago na soidade. Agardara cinco anos para poder facelo. Unha necesidade estar afastada dos seres humanos para chamar aos espectros do pasado e cubrirse coa aura espiritual dunha cidade.

Non obstante, a festa crebaba, no entanto, o ar estourando buscapés que asubiaban por entre os que estaban nas rúas asoportadas, acompañados polos risos da mocidade e o lixeiro correr de zapatos de altos tacóns sobre croios medievais. “Veña”, díxome Paco. “Perfecto convidounos a xantar no Bombero. Imos”. E fumos ao restaurante situado no primeiro piso dunha casa escura, con espazo para só catro mesas, coñecido polos iniciados como o sitio onde se servían as máis suculentas tortillas de toda España. O “Bombero” para tortillas, o “Raíña” para “pulpo”, e o Bar Victoria para polos con tomate... ¡Os peregrinos aliméntanse ben en Compostela!

Pola mañá fun á tenda do veleiro. Non me sentín capaz de resistir máis aquelas fermosas velas. Merquei media lucia e preguei que as mantivesen intactas ata a miña volta a Inglaterra. A señora que me atendeu envolveu cada unha con moito coidado en varias dobraduras de papel sedán, e buscou durante cinco minutos polo menos unha caixa que lles viñese á medida. (Os dependentes de comercio en España parece que nunca gruñen polo tempo gastado en envolver as mercas máis modestas). “Non vexo ningún modelo anatómico de cera na súa tenda”, díxenlle, botando unha ollada ás velas penduradas por tódolos recunchos como se fosen estalactitas. Quería mercar algunhas mostras lesas miniaturas de brazos, pernas, estómagos, peitos, fígados, bebés e animais que se lle ofrecen aos santos como exvotos polos máis inxenuos entre os fieis.

A señora que, de certo, pensou que eu desexaba unha ofrenda persoal ao meu santo favorito, reconvieme con suavidade. “O arcebispo está contra iso, querida. En Santiago, non. Os santos están moi satisfeitos cunha fermosa vela. Iso abonda. Non se quere máis nada. Aquelas figuras de cera xa non están de moda, ¿sabe vostede?”, engadiu cun sorriso de escusa cando me entregaba o paquete. (As velas, síntome contenta de o dicir, aguataron ben a viaxe, pero os estómagos de cera, que merquei máis tarde en Lugo, chegaron a Londres en anacos. ¡Estou segura de que a señora da tenda de velas de Santiago atoparía niso unha moralexa!).

No “Derby” tomamos un tardeiro almorzo de café e “bizcochos”. Paco díxome que el e Maiztegui estiveran paseando polas rúas da cidade ata as catro da mañá. O señor Castroviejo fixo unha das súas rápidas aparicións mentres estábamos mollando os nosos “bizcochos” no café, berrándonos: “¿Non van vir a ver o

baile dos ‘Gigantes’?”, e desapareceu sen agardar a noca resposta. Engulímanos rapidamente o noso café e fómonos.

A campá grande da catedral daba as doce cando chegamos á Praza dos Literatos fronte á “Puerta Santa”, xusto cando os “Gigantes” saían da catedral para se exhibir na praza a bailar unha “muiñeira”, antes de se ir bamboneando golas rúas. Había catro reis entre eles, os gobernantes de catro continentes, de dez pés de altura e ben coroados. O monarca africano tiña a faciana de cor de ébano e de facións resoltas, e os outros levaban tricornes e semellaban da época napoleónica. Tras deles viña un individuo pándigo, de patillas, cunha gaita, e levando uniforme de capitán da mariña, na compañía dun xigante loiro de avultado seo chamado “Coca”, de cara avermellada; levaba un vestido de ledas cores de algodón estampado, que representa, ridiculizados, aos turistas anglosaxóns que visitan a cidade do Apóstolo. Dando voltas e reviravoltas chegaron diante do convento de San Paio, que nun tempo foi vivenda do santo abade Ildefred, gardador do sartego de Santiago, e máis tarde habitado por monxas de familias ricas, cada unha coa súa criada e cociña; ata que o arcebispo decretou que lles abondaría unha cociña e que se servirían a si mesmas. Despois os xigantes deron a volta e baixaron os chanzos da Praza das Praterías, desaparecendo rúa abaixo acompañados por unha multitude de nenos gozosos e adultos rexoubeiros.

A catedral estaba case baleira de xente. Púxenme a chaqueta, atei unha bufanda ao redor da cabeza e entrei. O interior da catedral de Santiago é sombrizo e as naves dan a sensación de seren demasiado estreitas en proporción á súa altura e lonxitude. Fai lle lembrar a unha a de San Sernín en Tolosa, que é máis ou menos contemporánea (a de Santiago comezouse no 1074 e a de San Sernín no 1078), e pertence ao mesmo período de transición entre os estilos románico e gótico. Ámbolos dous moi influenciados polos cluniacenses. San Hugo, o abade de Cluny, foi amigo persoal do bispo Xelmírez; nese tempo, cando a familia real de Castela chegou a se relacionar coa de Borgoña, que estaba asociada estreitamente coa Orde Cluniacense, Compostela comezou a coller sona universal. Pero é pola súa estatuaría polo que a de Santiago sobrancea da de San Sernín e de tódolos pórticos románicos de Europa, co seu famoso “Pórtico de la Gloria”, obra do Mestre Mateo, a cabeza rizada do cal dá fronte ao altar maior debaixo da columna central desta súa obra mestra. O Mestre Mateo tivo sona de ser, ademais de galego, un dos meirandes artistas que coñeceu o mundo.

A guía da cidade di que o “Pórtico de la Gloria” formou parte orixinarmente do exterior da catedral. Houbo sobre iso varias interpretacións. Segundo o eminente arqueólogo español, señor López Ferreiro, pretende representar a Igrexa Cristiá, a entrada á Casa de Deus, da que “Jesucristo es la piedra angular”. O centro do pórtico está ocupado por unha enorme figura de Xesucristo sentado nun trono cos seus pés sobre follas labradas, encrechadas como plumas de avestruz. Esta é a única estatua de tipo xerárquico; tódalas outras son sinaladamente humanas. Agrupados ao redor do trono están os Catro Evanxelistas, escribindo sobre os respectivos animais que os acompañan. Os Catro e os Vinte Maiores aparecen colocados en franxa ao redor da banda interior

do arco. Cada un leva un instrumento de corda e ten unha coroa na cabeza. Todos están sentados no que parece un diván oriental, e conversan felices de dous en dous. Os seus instrumentos musicais constitúen un estudio de seu. Entre eles figura unha “zanfona”, unha viola de claves á que se lle dá voltas por medio dunha manivela. (É a clásica “vielle” do trovador, chamada “symphonia” nos romances franceses do século XII). A “zanfona” soían tocala en Galicia os mendicantes cegos ata hai cincuenta anos. Hoxe queda unha única persoa en España que toque ese instrumento, e é moi idosa: Faustino Santalices, un músico galego *que* vive en Madrid. (Columbia fixo varios discos del, tocando e cantando os antigos romances. Un dos máis coñecidos é o “Romance de Don Gaiferos”, unha balada do século XII referente a un Duque de Aquitania que veu en peregrinaxe a Santiago e finou fronte ao altar maior).

Unha multitude de pequenas figuras humanas enche o espacio ao redor da estatua de Xesucristo. Todas teñen coroa, e as máis lelas levan libros ou pergameos. Teñen postos os ollos en Xesucristo, e dise que representan aos cidadáns da Cidade Santa que foron redimidos por El, ou os “dez mil veces dez mil que están a cantar unha nova canción”.

Nos dous extremos do tímpano están dous anxos erguendo os seus brazos, e presentándolle a Xesucristo unha figuríña espiada que personifica unha alma humana, sostendo nas miúdas mans o seu “dereito lexítimo ás mansións do ceo”. Os anxos da esquerda traen aos xudeus, o da dereita aos xentís.

Unha columna afasta as dúas entradas baixo o tímpano do arco central. Embaixo do capitel hai unha figura grande de Santiago sedente, descansando sobre unha columna cuberta de baixorrelevos da Rama de Jessé. Durante séculos, os peregrinos crearon que pondo a man dereita onde as ponlas da Arbore de Jessé son máis mestas, e pregando ao mesmo tempo, Deus concederíalles nenos ao llo pedir. O mármore leste lugar gastouse, podendo ollarse cinco ocos sinalados polos dedos.

En liña coa columna de Santiago sobre as columnas cheas de esculturas, coas súas costas cara os estribos termand^o dos arcos, agrúpanse as figuras dos evanxelistas e profetas, que sorprenden polo seu realismo, e cada unha é merecente dun estudio detallado. O sorrinte Daniel é o máis famoso e popular de todos, e foi a Daniel a quen eu viñera ver de novo, porque parece posuír a chave dunha inspirada felicidade divina. O sorriso e a forma dos seus ollos serviron, sen dúbida, como modelos para os anxos da catedral de Reims; pero o Daniel da de Santiago é moito menos enigmático. Non garda, como aqueles, os seus segredos para si. Non, el ten atracción popular. Unha síntese segura de que non obxectaría o aparecer no Harringay Stadium se puidese mover. Dirixese máis cara a nós que cara aos sabios que ten á súa beira, tan profundamente mergullados en discusións teolóxicas, como para nos asegurar, e probar co seu aberto e humorístico semblante que “Deus ama un corazón led^o”. Parece como se quixese facer metafísica asequible ao promedio dos seres humanos, insistindo con San Paulo que a menos que teñamos caridade, todo é soamente ruído. Aínda que aqueles profetas eruditos, aos seus dous lados, poidan predicir o futuro, teñen que ter caridade tamén,

pois non dubidamos da súa sabedoría, bondade e cultura. Todos eles si, pero... ¿e nós?. Daniel ten un sutil relumbro nos ollos, que caletra a través das nosas defensas; rise de tódalas nosas hipocrísias e afectacións con aquel seu sorriso que desarma. ¡Marabilloso individuo aquel Daniel! Hai tamén unha sensación típica galega de realismo nel. Vostede non pode facerlle burla porque non lla deixará facer durante moito tempo; non, despois de que o mirase abondo e el o mirase a vostede. Despois vostede sentirase mellor, axudándolle a que mire a través do escuro cristal e vexa un pouco máis claro.

Tódalas estatuas do “Pórtico de la Gloria” tiñan delicadas cores ata que o arquitecto inglés Street acadou permiso do goberno para facer un molde en xeso, preparado polo artista italiano Brucciani, para o Museo Victoria e Alberto, de Londres. Isto fíxose no 1866, e case toda a cor desaparecen no proceso. A xente de Santiago nunca perdoou ao Estado por iso. A maciza argamasa está gardada nunha especie de cámara mortuoria ciclópea no citado museo, onde para ollala compre un permiso especial. Parece dar a triste sensación de algo xead^o e abandonado.

Un esmerado programa de festexos sinalaba os divertimentos organizados co gallo da celebración do Santo (estes divertimentos alongábanse durante máis dunha semana, e incluían corridas de touros, concertos, feiras de gando vacún e procesións), e o xornal do señor Castroviejo, “La Noche”, fixo unha edición especial ampla; nela figuraban artigos de case tódolos “literatos” reunidos en Santiago. A verdadeira festa inaugurábase, non obstante, como sempre, cunha demostración xigante de fogos artificiais na Praza Maior, que culminaría pola medianoite. Paco pensou que eu debería ollar o espectáculo, inda que a el non lle gustaban os fogos artificiais máis ca min. Sen embargo, a magnífica Praza Maior, rebordante de xente, sería merecente de se ver.

Durante o día esta Praza está case sempre deserta. A xente crúzaa rapidamente, porque se sente entraña ao se atopar no medio dela. Constitúe todo un sobrio espacio de pedra, como para lle dar realce aos solemnes edificios que a rodean; e, particularmente, á fachada da catedral que dá ao oeste, chamada o “Obradoiro” polos talleres de ourives que soían estar nun edificio á dereita. Era esta a grande entrada á catedral do século XVIII, o exemplar máis suntuoso do estilo barroco en toda España. Un non pode contemplala sen sentir que un milleiro de violíns deberan romper de súpeto cunha obertura de Donicetti, ou algo igualmente explosivo e extravagante. Isto vén ser como o Versailles da arte relixiosa. Baixo as retortas e exóticas torres e as escaleiras de caracol que conducen ás dobres portas a nivel da praza, está a entrada á “catedral vieja”, a capela en forma de cripta construída polo Mestre Mateo. Esta pequena igrexa debaixo do “Pórtico”, coa súa sorprendente variedade de delicadas flores de pedra revestindo os arcos sobre as naves xémeas, é a segunda marabilla de Santiago despois do “Pórtico de la Gloria”; e ofrece un completo contraste co sobrecargado “Obradoiro”, baixo o cal está agachada igual que un pequeno estuche sagro.

O soberbio pazo de Xelmírez amósase, construído rexiamente, á dereita da catedral. Fronte leste Pazo, e dando á Praza, está o Colexio de San Xeromo do século XVI, coa súa notable facha-

da, unha mestura dos estilos románico e grecorromano. No remate da Praza érguese o fermoso Hospital Real, comezado no 1499 durante o reinado de Fernando e Isabel, para acomodo dos peregrinos pobres. Cando se rematou era o establecemento mellor e máis belo da súa clase no mundo. Os catro patios e a capela de dentro foron deseñados por Enrique Egas, o arquitecto do Colexio de Santa Cruz de Toledo; son xoias do estilo Renacemento coas súas columnas lanzais e garridos arcos apuntados, pero os altares da capela do hospital son a súa maior gloria. As esculturas, de estilo gótico flamengo, considéranse rivais das de Toledo, en gracia e acabado. (O Hospital Real está agora a se converter nunha grande hostería para recibir aos peregrinos do século XX). Finalmente, fronte por fronte do “Obradoiro”, está o clásico Pazo de Raxoi do século XVIII.

Para completar o cadro, debe saberse que a Praza Maior non está construída a nivel co resto da cidade, como ocorre na meirande parte das grandes prazas do mundo; está construída sobre unha meseta e dá a impresión de que se atopa suspensa no ar. A través dos espazos entre os catro grandes edificios que a compoñen e adobían, óllanse grandes anacos de ceo e unha ancha franxa de verdes outeiros e vales, como unha flota admirable entre arquitectura sofisticada e natural que a fan dunha grandiosidade incomparable.

Nesta noite do 24 de xullo, a Praza Maior estaba acugulada de xente. Paco tiña amigos influíntes que nos chamaron para que nos sentasemos a carón deles no longo e estreito balcón aristocrático do Pazo de Raxoi; desde alí podíamos ollar o enxame de peregrinos turistas, dando voltas en grupos de paseniño movemento ao redor dos esteos sobre os que se fixaran grandes rodas. As dúas torres xémeas do “Obradoiro” marcaban a súa silueta co seu intrincado labor de encaixe contra o ceo estrelado; coas estrelas brillantes aquí e alí, a través dos capiteis tan adobiados como a cabeza dunha danzarina dun templo. Unha fachada vermella e branca de cartón en forma de tres arcos mouriscos de ferradura, semellantes á mesquita de Córdoba, foron colocados fronte ás dobres portas, dispostos para lles prender lume coa antorcha tradicional, ou cruz, que se guindaría a través de todo o ancho da praza; simbolizábase así a conquista da Cristiandade sobre o Mahometismo en España, unha victoria que está sempre presente na xente. Pois aínda que o gran sultán mouro Almanzor, canelo avanzou coas súas tropas ata as portas de Santiago foi abondo tolerante para respectar o sartego de Santiago e dos dous discípulos que o gardaban, mandou que as campás da catedral se levasen a Córdoba isobre as costas dos cristiáns cativos!

Despois, as rodas de lume comezaron a arder; unha leda faisca delada alumaba unha ancha circunferencia ao seu redor. A xente recuaba contra a parede humana de detrás, rindo e berrando; as mulleres chirlaban, e os nenos alporizados entraban e salan por entre a chuvia de faíscas, dando gritos de ledicia. Os asubíos dos foguetes subían da dereita á esquerda da praza, iluminando o “Obradoiro” con vivos lóstregos de eléctricos azuis, vermellos e verdes; semellaba todo un lenzo xigante de John Piper, e facía espaxer en forma de abano a centos de pombas polo ceo, todas alarmadas. Pero os foguetes son monótonos, e, ademais, sábese

que son relativamente baratos; así, a grande ondaxe amorfa de xente que se movía abaixo, comezou a se abritar disgustada. Algunhas das señoras que estaban á miña beira eran galegas, e abondo renartes para se decatarse de que o diñeiro co que todas contribuíran ás festas dilapidábase en tales parvadas. Alguén borboriñou que se recaudaran quince mil pesetas para os fogos, e que entes non eran abondo bos. ¿Non se poderían mercar máis e menores con todo ese diñeiro? Aínda lle ouvín a unha das señoras engadir subversivamente: “Eu pregúntome ¿a onde e a quen foi parar o diñeiro?”.

Unha hora máis tarde, pois pasaba un algo da unha, escoitamos un ruído mecánico á dereita, como se alguén estivese a dar corda a un tren de xoguete, xunto ao noso ouvido; un grande silencio de admiración estendeuse sobre os milleiros de persoas que se atopaban embaixo, cando aparecen no ceo unha ígnea cruz que se guindaba cara o “Obradoiro”, afundíndose logo ao pé da fachada mourisca de cartón, que estourou en chamas verdadeiras. Este impresionante remate foi acompañado de churruscantes andanadas de foguetes. A moitedume berraba triunfante cando os arcos foron borrados polas chamas; despois, a xente deu a volta e comezou a se espaxer. Querían acción. Formábanse grupos de rápido movemento, empurrándose uns aos outros ao saír da praza como se fosen moléculas tolas, volcándose nas estreitas rúas veciñas igual que unha corrente longa e moura á procura doutra cousa máis alporizadora no programa da noite: a corrida de touros. As pombas, voando en circos, voltaban de vagariño a se posar nas súas estatuas e niños favoritos sobre a praza chea de fume. A brisa afastou axiña o cheiro da pólvora e todo quedou tranquilo de novo, ata que as campás grandes da catedral comezaron a se mover nas torres.

Á mañá seguinte estabamos ergueitos, e fóra das nosas modestas celas bastante antes das nove. Paco e Maiztegui para ouvir a misa e o sermón galego na igrexa de Santo Domingo onde está enterrada Rosalía de Castro, e eu para ir á catedral a me asegurar un sitio desde onde seguir o Tongo servicio do día de festa. Tódalas rúas de Santiago vibraban co son das campás das súas moitas igrexas, e a xente entraba nestas facendo loar o precioso metal que penduraba ao redor dos seus pescozos e nos seus pulsos.

Dentro da catedral, fronte do altar maior que máis tarde ardería de luces e espellaba con alfaías, ollei a unhas poucas señoras visitantes estranxeiras, que se destacaban cos seus sombreiros de palla e guantes, e a un grupo de oficiais católicos de un destroyer norteamericano ancorado na Coruña; pero a meirande parte da xente eran aldeáns e persoas humildes, mais non abondo humildes para empuxar ao se sentar, apertándome, no meu banco. Unha vella grosa, despois de case se sentar nos meus xeonllos, quedouse de pé, moi calmamente, diante de min, cegando de cheo a miña visión do altar. Logo sentouse exhausta na táboa onde eu tiña os pés, mancándome neles, e botándome unha ollada de carraxe cando tencionei retíralos de debaixo das súas formas exuberantes.

Estenderan unha alfombra vermella diante do altar entre unha dobre fila de cadeiras talladas con asentos de felpa para os dignatarios, un dos cales sería o persoeiro do Caudillo, encar-

gado de presentar a ofrenda nacional ao Santo no nome do Xefe do Estado. Unha pobre aldeá con face devota e extasiada, axeonllouse de súpeto ao final da nave; desde alí comezou a se arrastrar sobre os xeonllos, como facían frecuentemente as campesiñas nas festas para lles pedir ou dar gracias aos santos no seu día, pero un maceiro oficioso, vermello de ira, botouse a lle dicir que se marchase. Ao primeiro, a muller non se intimidou, fixo aceno de rebeldía coas mans sobre a cabeza e seguiu avantando cara ao altar; pero o maceiro púxose diante dela cos brazos estendidos como un espantallo, e ordenoulle que se retirase. Era un cadro avalgante: o altar chatonado de alfaias no fondo, velado pola neboíña azul, lourido do incenso, as luxosas cadeiras baleiras afileiradas para os grandes, e o insignificante maceiro opóndose á axeonllada muller que coa súa cabeza e mans ergueitas tiña un xesto magoante de desamparo. O maceiro estaba de pé diante do altar de Santiago como un paxaro ridiculamente inchado e coas plumas revoltas. Santiago, o que foi gran pescador, sería máis amable; de seguro que recibiría á muller con agarimo e comprensión. A muller, ao cabo, inclinouse ante a runfleira autoridade, retirouse por tras das columnas das naves e desapareceu entre elas. Despois ocupáronse de contado os asentos de felpa polos importantes cabaleiros, que máis tarde acompañaron a procesión ao redor da catedral levando a cabeza de Santiago o Menor, que se garda no altar maior debaixo do dosel con borlas.

Agora as antigas “chirimías” (longas mouriscas de prata, únicas da súa clase en España) tocaban nun ton magoante, mentres o grande “botafumeiro” de prata, o “rei dos incensarios” como lle chamou Víctor Hugo, era alzado perante o altar polos que, desde o meu sitio, semellaban catorce brazos musculosos sen corpo que os acompañase. Viña ser este o dramático momento que estaba a agardar a xente, o mesmo que na noite anterior agardara pola cruz dos fogos artificiais para lle prender lume á pseudomesquita na Praza Maior. O “botafumeiro” comezou a se bambonear no medio de nubes de incenso, mentres tódolos alí presentes nos puxemos de puntiñas e erguemos a cabeza para mirar, sempre cun algo de medo a que se desatase a corda. En toda a historia de Santiago isto só sucedeu unha vez: no ano 1499, ante a Infanta Catarina, fila de Fernando e Isabel, que embarcou na Coruña en viaxe a Inglaterra para casar co Príncipe de Gales. Denantes de partir asistiu á misa en Santiago, e no medio do servizo o incensario saíu despedido fóra da porta da catedral facéndose anacos e espaxando pola rúa os carbóns en vivo vermello. Non obstante, por fortuna, non lle fixo dano a ninguén.

Despois da misa, e antes do banquete dos galeguistas no Hotel Compostela, xuntámonos con Perfecto López e un dos seus amigos, un fidalgo tratante de gando, o señor Carrera Muñoz, na feira de cabalos da “Alameda” ao oeste da cidade; desde ela pódese mirar a estampa clásica da fachada do “Obradoiro”, entre árbores, que amosan as tarxetas postais, mentres gustábase o delicioso “pulpo”, tradicional en toda festa de Galicia. ¡Deixar que os desdeñosos fagan tódalas garatuxas que queiran! Se vostede nunca probou o “pulpo” púrpura, bosteloso e correoso baixo os piñeiros arrecendentes, acompañado dunha cunca de barro chea

de ríspido viño tinto, entón perdeu unha das cousas boas da vida de verán en galego. Vostede non debe de se desanimar ante o ave-ludado negro exterior das fanicadas latas de petróleo fumegantes como se fosen caldeiras de bruxas rodeadas de lume de leña, os moles tentáculos dos polbos ao se curvar delicadamente cara a dentro (graciosos, aínda nas súas convulsións de morte), ou ante a ollada severa da ruda aldeá que remexe a gurgullante lata cunha nodosa ponliña. Teña paciencia. Séntese, se quere, naquel banco á beira da longa mesa de cabaleta a carón daqueles renarteiros tratantes que rematan de demostrar as boas cualidades dos seus cabalos. O seu “pulpo” serviránllo en pequenos anacos renxentes (a carne é dun branco azul, como a da langosta, baixo unha delicada pel violeta) nun grande prato de barro brillante. Alí ten un paociño de dentes que lle servirá de garfo, e o seu xarro de viño...

Paco estaba aínda releando coa vendedora de “pulpo”, que valorara de contado a Perfecto e resolvera facer que o “gringo” pagase; pero el volveuse cara a min e sorriu filosoficamente. Coñecía aos seus paisanos, era un deles, e sabía ben como se procurar un bo negocio, de xeito que non os toma a mal. Agora está de vacacións e non lle importa. Máis tarde, despois do xantar no Compostela, falaría de milleiros de pesetas ao tratar do custe da voluminosa edición da nova Historia de Galicia. O señor Otero confiaríalle parte do precioso manuscrito para que o levase na súa viaxe de regreso a Buenos Aires. ¡Que pesado se fai o viño e canto sono lle dá a unha despois do caldelo e o incenso da catedral! Mesmo Perfecto semella somnolento agora, ademais de retranqueiro.

Se non fose por este viño galego, ¿quen sabe se os homes do Duque de Lancaster non conquistarían Galicia para a Duquesa, a filla de Pedro o Cruel? Froissart cóntanos como os arqueros ingleses estacionados arredor de Santiago “bebían tanto que pasaban a maior parte do tempo no leito bébedos, e, moi frecuentemente, ao tomar viño novo de máis, tiñan febre, e de mañá tales dores de cabeza que lles impedían facer nada durante o resto do día”.

Verdade é que ningún da facción era popular, pese a que o clero de Compostela saíra a lles entregar as chaves da cidade, con moita reverencia, ao Duque e á Duquesa, aos que recoñecían como Rei e Raíña. Obraban así só á forza, porque todo o reino xuráralle obediencia a Enrique, irmán de Don Pedro. O mensaxeiro de Lancaster chegara a galope ata Santiago, á fronte do exército, para lles anunciar urxentemente aos cidadáns que “o Duque e a Duquesa mándanme para saber o que pensades facer, se abriredes as portas para os recibir como os vosos leais soberanos ou se nos obri-garedes a asaltar as vosas murallas e tomar a cidade pola forza, e enteirarvos de que se isto último ocorre, tódolos de dentro aturaredes o castigo da espada que vos sirva de escarmiento”. O xefe da cidade respondeulle con moito Lento que el desexaba seguir “os dictados da razón”. Declarou que a Duquesa sería, en efecto, a herdeira do trono, se o seu pai reinase pacificamente en Castela; pero que as cousas agora cambiarían moito. “Non obstante”, rematou con retransa galega, “convénos saber como se portaron os da Coruña convosco para nós facer o mesmo”. Cousa estraña era que os coruñeses declararan que actuarían do mesmo xeito que os de San-

tiago. “Ben”, dixo o xefe, “estamos de acordo viso. Hai moitas cidades no reino, seguides a cabalgar. Obraremos como elas o fagan”. “¡De ningunha maneira!”, gruñiu o mensaxeiro inglés. “O Duque e a Duquesa nunca quedarán satisfeitos con semellante resposta. Están resoltos a residir nesta cidade e a seren recoñecidos como monarcas no seu propio reino. Contestade brevemente: ¿Que pensades facer? ¿Rendirvos, ou ser destruídos coa vosa cidade?”. Isto botaba todo por terra. Os galegos comprendérono, e, non moito despois, di Froissart, “a cidade accedeu a capitular”. Seguiu a Vigo sen o menor intento de resistencia, e verbo das autoridades de Baiona, estas decidiron sabiamente que “na nosa situación non necesitamos soste longos concilios, inda que os ingleses son moi cortesés ao non permitir o tempo que cómpre para deliberar. Pensamos que o máis aconsellable é someterse pacificamente, pois non estamos en condicións de defender a cidade, e, ao non ofrecer unha parva resistencia, que a nada bo conduce, podemos obter a paz na forma máis ventaxosa”.

A residencia do Duque e a Duquesa en Santiago debeu ser unha maladanza para os habitantes, pois informáronnos de que “algúns dos cabaleiros e escudeiros facían excursións polo campo, e mantiñáanse como podían do que atopaban”. Despois de deixar Santiago, as cousas foron de mal en peor. O Duque viaxou ata Ourense, onde os seus homes e cabalos sufriron moito por falta de auga e ferraña. Non se encontraba nada de verde, xa que o terreo estaba moi azamelado, e os fornecedores de ferraña tiñan que viaxar doce, dezaseis e ata vinte leguas para procurar comida para eles e os seus cabalos. Os “cabaleiros e escudeiros” atoparon tan fortes os viños, que as súas cabezas e estómagos se víron afectados, sen remedio para iso, xa que non había auga algunha con que se refrescar. Vendo que as súas dificultades medraban, por mor da escasez de ferraña, e do extremo caldello, comezaron a murmurar e dicir: “A nosa expedición parece que vai ter un mal remate”. O Duque caeu doente tamén, e finalmente acordou regresar. “Pode vostede supor o seu marteirado disgusto ao se decatarse de que tódalas súas esperanzas e ambicións se viñeran abaixo”, escribe Froissart. “Non obstante, atuou valentemente as súas desgracias, como bravo príncipe”. Na outra banda dos Pirineos, os franceses moqueábanse dicíndolles aos viaxeiros que pasaban: “Así que vostedes van para Santiago, ¿verdade?. Alí atoparán ao Duque de Lancaster que, por medo ao sol, non sae da súa cámara...”. Ao regresar a Baiona, porén, o Duque consolouse obrigando ao “pago de atrasos e outros dereitos ao Ducado de Aquitania”.

O seguinte trasco que deron os ingleses, que nese tempo xa non eran católicos (o Duque de Lancaster, fixéralle, ao menos, ofrenda de ricos presentes ao altar da catedral), ocorreu no 1586, cando se teme que Sir Francis Drake estaba a piques de invadir a cidade. ¡Os restos do Apóstolo foron tan ben agachados durante este pánico, que non se sabía onde!. Volvéronse a descubrir no 1879, baixo o altar maior, onde agora se conservan nunha caixiña de prata, nunha cripta brillantemente iluminada sobre o oratorio de mármore construído enriba da primeira sepultura. (Polo menos así o din os libros guía).

Cando rematou o xantar, os “galeguistas” espaxéronse polos seus respectivos estudos, bibliotecas e lugares de escavación; os

máis deles non se volverían a atopar de novo ata dentro dun ano, pero como Ramón Piñeiro observou quedamente: “¡En espírito, cada quen de nós vive en tódalas cidades de Galicia!”.

Despois dos efémeros alporizamentos das festas, a antiga cidade medio pechou deloíradamente os seus ollos, e recaeu no seu estado felino habitual de recreo contemplativo. Aínda había moita xente coa que falar. Unha non podía estar sentada moito tempo na terraza do serio Café España sen ser amablemente interrompida na súa lectura ou escritura por algúns dos “galeguistas” residentes, que, ruando, entraría a tomar un café e a parolar. Despois seguiría de novo o seu camiño, unha vez pagado o meu gasto, sen entregar unha soa moeda; un aceno coa cabeza ao vagamento, pero vivo de imaxinación, camareiro, abondaba.

Vaguei á miña comodidade pola grata Universidade do arcebispo Fonseca, do século XVI, pola “Capela das Ánimas” dedicada a pregar polas almas do Purgatorio, e pola Colexiata do Sar, no val ao sudeste da cidade, famosa polas súas inclinadas paredes e columnas, debido á probable filtración de augas do río Sar; e pasei horas ditosas na Alameda, folleando un libro a carón da estatua de Rosalía de Castro. Rara vez fun amocada polos “piropos” dos galáns locais, e cando o fun abondoume baixar o libro, fitar aos ollos do cabaleiro, e dicirlle friamente “que eu viñera á alameda a disfrutar de paz, acougo e do meu libro”, para que el se inclinase e se movese incómodo antes de efectuar unha retirada que non carecía de certa dignidade ofendida; algunhas veces acompañada por unha grave frase, tal como: “Os desexos da señorita serán respectados”, ou, outras veces, pola máis contemporánea e incisiva palabra, “¡Comprendido!”. O español é orgulloso de máis para teimar nun requebro non desexado. E nunca é vulgar.

¹ Nota da autora: Os cregos teñen boa sona de seren de padal delicado, e a expresión inglesa “un prato digno dun rei”, é en Galicia “un prato digno de abades”. A súa “sopa de abades” faise nunha tarteira de barro sobre un lume de leña. Póñense no fondo anacos delgados de pan e cóbrense con caldo de carne, colócase despois enriba outra capa de pan, amoreado con anacos de chourizo, garavanzos e anacos de cordeiro. Por riba disto pónse máis caldo de carne, logo outra capa de carne e chourizo, e así ata que a tarteira está chea. Esta mestura cocínase a lume lento durante moitas horas, e dise que é a sopa máis sabrosa do mundo!